

dez

eme

Número 3 Xuño 2001 800 ptas.

Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundación 10 de Marzo

O MUNDO DO TRABALLO





EDITORIAL

As xentes do traballo, as xentes no traballo 5

CARTAS Á REDACCIÓN

..... 6

Ó REDOR DA HISTORIA

Sobre os retos actuais do sindicalismo
Ricardo Escudero Rodríguez 7

O mundo das traballadoras: identidades, cultura de xénero e espazos de actuación
Mary Nash 16

Sobre a historia do movemento obreiro en Galicia
Víctor Manuel Santidrián Arias 29

Labregos e obreiros na comarca de Monterrei
Xerardo Dasairas Valsa 36

NA CLASE

O mundo do traballo na escola
Eladio Anxo Fernández Manso 45

¿Como vivían as mulleres da nosa cidade hai un século?
Carme Alvariño Alejandro 48

Os obreiros vistos polo cine
Guillermo Llorca Freire 56

DOSIER DOCUMENTAL

O conflito laboral na Bazán de Ferrol en 1972
José Gómez Alén 65

TESTEMUÑOS

Amador Martínez Ramón
Víctor Manuel Santidrián Arias 74

UNHA IMAXE

Ademais de ler sobre eles, é posible velos
José Babiano 79

UN CONCEPTO

A clase social como identidade colectiva
Manuel Pérez Ledesma 82

DE LIBROS

Movemento obreiro galego de anteguerra: historiografía recente
Eliseo Fernández / Dionisio Pereira 84

Transición política e Movemento obreiro
Élites y masas. Un análisis de la perestroika y las huelgas mineras,
de Sonia Alonso
Pedro Lago 90

Publicacións periódicas e ensino da historia
Ramón López Facal 91

ENCONTROS

De historias e reformas.
“Manifesto a favor da Historia” 96

Congreso Internacional O exilio galego 97

IV Congreso da Asociación de Historia Social
José Gómez Alén 98

GUÍA DE RECURSOS

Recursos en Internet
Eduardo Bragado 99

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo
José Gómez Alén 103

AUTORES DESTE NÚMERO 105

NO PRÓXIMO NÚMERO 106



dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS
DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Número 3 / Xuño de 2001

COORDINACIÓN

José Gómez Alén / Víctor Manuel Santidrián Arias

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carme Alvariño Alejandro, José Babiano (Madrid),
Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo Bragado, Heladio
Fernández Manso, José Gómez Alén, Carlos
González, Pedro Lago Peñas, Ramón López Facal,
Guillermo Llorca Freire, Maita Rodríguez, Víctor

Manuel Santidrián Arias, María José Sigalat (Valencia),
Javier Tebar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias).

COLABORACIÓN

Carme Alvariño Alejandro, José Babiano Mora,
Eduardo Bragado, Xerardo Dasairas Valsa, Ricardo
Escudero Rodríguez, Eliseo Fernández, Eladio
Fernández Manso, José Gómez Alén, Pedro Lago
Peñas, Guillermo Llorca, Ramón López Facal, Mary
Nash, Dionisio Pereira, Manuel Pérez Ledesma,
Víctor Manuel Santidrián Arias.

**Fotografías dos sucesos de Ferrol do 10 de marzo
de 1972:** Abel López Rodríguez

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez
GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO XERAL E PORTADA

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, SAL

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL C-660-00
TIRADA: 500 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE
DAS OPINIÓNS DOS AUTORES



Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras

r/República do Salvador, 15 - 5ª / 15701- Santiago de Compostela
Telfs. 981 599 765 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10m.sn@galicia.ccoo.es

moito máis do que poidas imaxinar

fotocopias

impresión dixital

imprensa offset

imprensa dixital

manipulados

o teu asesor en deseño

copias gran formato


carteis e posters

laminados e encapsulados

estructuras

impresiónate !!

e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos



■ TÓRCULO ■

TÓRCULO

global printers

A CORUÑA

Plaza Maestro Mateo, 9
Tel. 981 274 820 - Fax: 981 274 9 09
e-mail: herculesc@torculo.com

SANTIAGO

Vía Edison 33-35 - Polígono do Tambre
Tel. 981 958 320 - Fax: 981 575 693
e-mail: torculo@torculo.com

VIGO

Álvaro Cunqueiro, 3
Tel.: 986 213 456 - Fax: 986 207 825
e-mail: artes@torculo.com

As xentes do traballo, as xentes no traballo

Tiña que ser e foi á terceira. *Dez•eme* achégase no seu terceiro número ó movemento obreiro. A fin de contas, a institución da que nace esta revista (e a revista mesma) leva o nome unha data emblemática para a historia do mundo obreiro galego e español: o 10 de Marzo.

Mantendo a nosa habitual estrutura, tratámo-lo tema buscando un equilibrio entre pasado e presente, entre Galicia e España. Para acometermos esta tarefa contamos con sinaturas ben coñecidas. Procuramos, ademais, indagar en aspectos ás veces esquecidos e ofrecer bibliografías para aquelas persoas que queiran saber máis. E, por se-lo tema que é, esta entrega ten un carácter marcadamente máis monográfico cós anteriores: nesta ocasión, non soamente xiran en torno ó título da capa as seccións “Ó redor da Historia” e “Na clase”; tamén a maior parte das outras colaboracións (“Unha imaxe”, “De libros”, “O concepto”) teñen no seu punto de mira o mundo obreiro.

O aparato fotográfico que ilustra este número de *Dez•eme* procede, case por completo, dos fondos do Arquivo Histórico de Comisións Obreiras de Galicia (Fondo Bazán, Fondo Vulcano, etc.). Tamén botamos man dalgunhas fotografías da Rede de Arquivos Históricos da Confederación Sindical de CC.OO., polo que lles mostrámo-lo noso agradecemento. Como se pode comprobar, a


través da imaxe, así como dos propios textos desta publicación, aspiramos a ofrecer unha visión ampla do mundo do traballo dende as súas organizacións ata as prácticas de solidariedade, as mobilizacións, etc.

Queremos facer mención especial neste editorial do “Testemuño oral”. Desta volta o noso protagonista é Amador Martínez, tamén coñecido como

Ramón. O noso interese por referirnos a el nesta páxina introductoria é dobre. Por unha banda, porque sen *Ramón* o antifranquismo galego dos anos sesenta non tería sido o que foi. É, xa que logo, un recoñecemento ó seu labor. En segundo lugar, pola amizade que uniu a Amador Martínez e a Manuel Bravo, *Mariño*, que foi protagonista do noso anterior testemuño. Manuel faleceu recentemente. Con el marchou algo da nosa historia. E algo máis.



Manuel Bravo
Silvaes, *Mariño*
In memoriam



CARTAS Á REDACCIÓN

Agradecemos que as cartas teñan unha extensión máxima de 1.500 caracteres; en caso de superarse este límite, os responsables de redacción de *Dez•eme* poderán facer un extracto ou resumo que non altere o contido orixinal da comunicación. As cartas deberán asinarse con nomes e apelidos lexibles así como cun número de DNI, aínda que se poderán publicar baixo pseudónimo se así fose solicitado de forma expresa. *Dez•Eme* garante a reserva e confidencialidade en tódolos casos.

Para o historiador, a aparición dunha revista interesada pola súa especialidade debe ser un natalicio ben recibido. Neste caso a ledicia vén proporcionada pola publicación de *Dez•eme*, que iniciou a súa andaina fai agora un ano e da que, nestes momentos, viron a luz os seus dous primeiros números.

Vaia por diante a nosa felicitación ós editores polo acontecemento, que vén cubrir un baleiro importante nas publicacións galegas da especialidade, e que agardamos vaia servir para enriquece-la lectura, a opinión e a reflexión de todos aqueles interesados na Historia como forma de coñecemento ou como disciplina docente.

Dentro das contribucións de *Dez•eme* lense con especial interese aquelas que se refiren ó sentido e estado actual da Historia, tal vez porque veñen a cubrir eidos a miúdo esquecidos, ou cando menos marxinaados, do noso coñecemento histórico.

Así mesmo, hai que agradecer particularmente o seu compromiso pedagóxico. Xa no editorial do primeiro número advertíase sobre a orientación profesional da revista, que pretende cubrir unha aspiración didáctica. Isto é, sen dúbida, moi necesario nos problemáticos momentos actuais, nos que se cuestionan os programas e o sentido das materias que deben ensinársese.

A estrutura da publicación resulta, a priori, ampla, equilibrada e ben diversificada, xa que pretende cubrir tanto os aspectos epistémicos, coma os historiográficos ou os didácticos. Por outra parte, concede tamén importancia ós elementos de análise histórica, sexan iconográficos, escritos ou orais —neste caso co sentimento moi solidario de “dar voz ós que non a teñen”—, en resposta a aquela máxima que pretendía integrar na Historia a “xente sen historia”.

O dossier documental que se inclúe parece destinado a divulga-los fondos do

Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo, sen dúbida moi interesantes, aínda que, na nosa opinión, e en resposta a unha tamén declarada universalización, debería estenderse a outros fondos e arquivos, co fin de evita-los perigos dunha excesiva especialización. Neste mesmo sentido interézanos incluír un matiz: existe un apartado, no número correspondente a novembro dedicado a ‘Dossier documental’ e outro a ‘Dossier fotográfico’; parece deste xeito que unha cousa é un documento e outra unha imaxe, cando ámbalas dúas teñen análogo carácter como testemuñas.

Presta tamén atención *Dez•eme* ós aspectos bibliográficos, a través dunha sección que, en vez de ‘De libros’, deba titularse ‘De lecturas’, porque integra publicacións de toda índole. Esta información complementase coa destinada a outros materiais ‘Guía de recursos’ e ó comentario de actividades como congresos ou xornadas orientadas a profesionais da Historia. Aquí as achegas resultan particularmente interesantes, tanto polo que se refire ás actividades xa desenvolvidas, coma polas que se anuncian para datas vindeiras. Neste aspecto recomendaríamos un tratamento espacial e temporal máis denso.

A estrutura da revista complétase cunha sección titulada ‘Actividades da Fundación Dez de Marzo’, que explica o título da revista e que, polo tanto, fai perfectamente razoable a súa inclusión, por ser a Fundación a súa razón de ser.

Sen deixar de valorar todo este esforzo, e postos a amosarnos puntillosos, atreverémonos a facer algunhas outras puntualizacións, por se se puideran ter en conta en futuros números. A saber:

Se, como se manifestaba no primeiro editorial, a revista nace cunha vocación universalista e pretende achegarse a tódolos ámbitos do quefacer humano, deberíase

procurar unha crecente diversificación temática, que supere os contidos de compromiso e conflito sociais predominantes nos primeiros números. Non debe esquecerse que a Historia implica coñecer un amplo abano de temáticas; facer Historia é preocuparse por tódolos aspectos que lle interesan ó ser humano. Isto non supón, evidentemente, deixar de potencia-las cuestións sociais, que incluso deveñen da mesma orixe da publicación.

Outro aspecto ó noso entender salientable é o que fai referencia ó tratamento da información gráfica: primeiro, por resultar excesivamente monocorde nos dous números da revista; logo, porque, en ámbolos dous, se botan en falta referencias concretas ás fotografías ou ilustracións presentadas, o que as desvirtúa como documentos, ó tempo que dificulta a súa identificación. Asemade, deberían evitarse as repeticións do material gráfico, que resulta case constante.

Se cadra, tampouco procede a repetición, anque non literal, dos comentarios sobre varias exposicións, vaian ou non con títulos coincidentes.

Permítasenos, por último, dicir que, quizais por razóns alleas ós redactores e incluso ós editores de *Dez•eme*, o tamaño das dúas revistas é sensiblemente distinto. É unha trivialidade estética, pero, ó mellor, cómpre pedir ó Dr. Guillotín que afine a súa puntería.

En todo caso, estas indicacións resultan opinables e evidentemente non queren, nin poden, nin deben desmerece-los esforzos intelectual e editorial: para eles o noso recoñecemento. E tamén o desexo de que *Dez•eme* se manteña moitos anos.

Antonio Prado Gómez
Julio Reboredo Pazos

SOBRE OS RETOS ACTUAIS DO SINDICALISMO

RICARDO ESCUDERO RODRÍGUEZ

1. A fragmentación dos traballadores e a maior dificultade de efectuar sínteses satisfactorias dos seus intereses

O prototipo de traballador mudou extraordinariamente nos últimos tempos, consoante coas profundas modificacións producidas no contexto económico, productivo e social. Polo tanto, o caldo de cultivo no que se desenvolve a acción sindical é ben distinto. O modelo clásico sobre o que se construíu historicamente o sindicalismo foi o do traballador home, cun contrato estable e a tempo completo, regulado sobre a base dun réxime xurídico común e que, ademais, presta os seus servicios nunha empresa privada do sector industrial.

Non obstante, cada vez proliferan máis status particulares que se apartan do prototipo xeral; así, existen múltiples traballadores con diferentes tipos de contratos temporais ou con contratos a tempo parcial. Igualmente, impúxose a terciarización da economía, co que se diluíu a importancia do industrial e se configurou unha textura productiva, unhas cualificacións profesionais e unhas técnicas e formas de organiza-lo traballo moi distintas das propias do sector secundario. A tal ruptura contribuíu a xeneralización do fenómeno da descentralización productiva, que intensificou —por veces espuriamente— fenómenos como as contratas e subcontratas, as empresas de traballo temporal e o recurso ó traballo autónomo.



Pois ben, a análise do mercado de traballo revela que se produciu unha crecente fragmentación dos traballadores e aparecen novos colectivos entre os que os sindicatos encontran serios problemas de implantación. Ademais, a aínda alta taxa de desemprego e a flexibilidade recoñecida ó empresario polas sucesivas reformas lexislativas actúan como un eficaz elemento disuasorio do achegamento dos traballadores ós sindicatos.

Existe un risco de ruptura xeracional entre os que viviron a época de falta de liberdades democráticas (...) e os mozos, nados cando aquelas xa foran restablecidas (...) o sindicalismo ha ser quen de ofrecer unha imaxe á xuventude (...) que se centre na resposta convincente ás específicas necesidades dunhas persoas que, por idade, carecen da perspectiva histórica que revaloriza a función do sindicato

1) A integración da mocidade no mercado de traballo é agora moito máis lenta ca antes pola concorrencia de varios factores como a extensión da escolarización obrigatoria, a existencia dun elevado volume de desemprego xuvenil e a necesidade dunha maior cualificación profesional. Isto produce unha maior competitividade entre a xente nova e unha forte incerteza persoal e profesional que se ve propiciada pola proliferación de bolsas, demasiadas veces fraudulentas, sen un marco legal propio que tutele os dereitos daqueles que as realizan, e a xeneralización de traballos precarios levados a cabo baixo fórmulas contractuais de carácter temporal, a tempo parcial ou a través de ETT.

Os sindicatos topan con serias dificultades para actuaren entre os colectivos que se encontran nesas situacións, o que provoca un distanciamento da xuventude respecto a tales organizacións, que corren o risco de seren vistas, precisamente cando máis as necesitan, como organizacións alleas ós seus concretos intereses. Daquela, ese escepticismo fronte ós sindicatos pode marca-la ulterior actitude destas persoas con respecto a eles. Por iso, os sindicatos deben intentar conectar directamente coas persoas que realizan os seus primeiros contactos coa realidade laboral, aínda que o empeño sexa difícil, dada a dispersión da mocidade e os seus status precarios.

Por outra parte, existe un risco de ruptura xeracional entre os traballadores que viviron a época de falta de liberdades democráticas que facían cobizable o desenvolvemento de determinados dereitos —entre eles os da liberdade sindical e de folga— e os mozos, nados cando aquelas xa foran restablecidas despois de tantos anos de secuestro. Por iso o sindicalismo ha ser quen de ofrecer unha imaxe á xuventude que non estea ancorada nuns presupostos ideolóxicos máis propios doutros tempos, senón que se centre na resposta convincente ás especí-

ficas necesidades dunhas persoas que, por idade, carecen da perspectiva histórica que revaloriza a función do sindicato. Isto conecta co problema da desideoloxización da xuventude, fronte á cal cómpre adoptar novas pautas de actuación, pois non valen xa os estereotipos do pasado. Sería unha das formas de evitar que a idade media dos cadros sindicais siga subindo e de reduci-lo foxo cos máis novos.



2) A masiva incorporación da muller ó mercado de traballo supón a necesidade de romper estereotipos sindicais baseados nunha cultura construída á imaxe do home traballador. O caldo de cultivo tradicional dos sindicatos foi aquel no que a organización productiva —e a regulación legal e convencional— estaba feita á medida das pautas de comportamento masculinas, como sucede, nomeadamente, en materia de tempo de traballo.

Por iso, é preciso afondar no cambio de formulacións xa iniciado, con moitas limitacións, polos sindicatos: estes han de asumir reivindicacións que tendan a concilia-las obrigas familiares, tamén as dos homes, coas laborais. Ademais, teñen de despregar unha nova sensibilidade respecto das discriminacións laborais, tanto as directas como as indirectas. Así mesmo, é necesaria unha maior atención a materias que lle afectan, basicamente, á muller: por exemplo, o tra-

ballo a tempo parcial, a temporalidade, o traballo somerxido ou o traballo a domicilio. E, ademais, eles han favorecer decididamente a participación da muller na acción sindical, combatendo os códigos de actuación masculina que aínda abundan en tales organizacións, pois o contrario supón afastar delas as mulleres.

3) Os traballadores emigrantes vindos desde fóra da Unión Europea constitúen outro colectivo que está a xurdir cunha forza imparable e que presentan crecentes retos ós sindicatos. Certamente, dentro deste colectivo hai distintas situacións segundo se teñan ou non os correspondentes permisos de traballo. Entre os que non o teñen, a realidade semella máis a da xungla, pois as condicións de traballo son máis ben propias do capitalismo manchestrano.

Emporiso, os traballadores inmigrantes que teñen a súa situación regularizada coñecen, en xeral, unhas condicións algo distintas ó teren polo menos un recoñecemento formal dos seus dereitos laborais. Sen embargo, a realidade achega unha serie de preocupantes elementos que relativizan tales dereitos: o medo a perde-lo emprego, a non ver renovado o permiso de traballo, acentuado pola súa máis vulnerable situación persoal e social ou a existencia de actitudes de carácter máis ou menos xenófobo provocan moitas veces unha precariedade lacerante. De por parte, moitos empresarios utilizan o emprego de tales suxeitos en clara competencia desleal respecto das condicións laborais e sindicais dos traballadores nacionais. Pois ben, todo ese cúmulo de situacións fai que a percepción do sindicalismo por parte dos inmigrantes sexa problemática, o que resulta paradoxal dada a maior explotación laboral deste colectivo. As perspectivas dunha maior presenza de inmigrantes nos distintos países desenvolvidos preséntalle uns retos ó sindicalismo de extraordinaria complexidade.

4) A terciarización da economía fixo emerxer unha amplísima gama de traballadores que ou ben desenvolven a súa prestación laboral en particulares medios ou ben teñen unhas cualificacións profesionais medias e altas. Eles realizan os seus traballos conforme a unhas pautas que están ben lonxe do prototipo clásico do obreiro do sector industrial sobre o que se configurou historicamente a acción do sindicalismo. Algúns optan por crear sindicatos de empresa, por veces próximos á dirección desta, ou ben forman os seus propios sindicatos de franxa.

Por outra parte, a extensión da figura dos traballadores autónomos, en demasiados casos falsos, tamén supón a crecente xeneralización dun colectivo que ten unhas específicas connotacións laborais e sindicais. A asunción por parte dos sindicatos das súas particulares reivindicacións é problemática, dado que o traballo autónomo se desenvolve dun xeito moi singular e conforme a canons individualistas, polo que é un colectivo dificilmente sindicalizable. Malia a isto, é preciso que os sindicatos se formulen frontalmente a implantación entre eles, pois a súa importancia vai medrando canda as transformacións productivas, e a dependencia do empresario pode ser igual ou superior á do traballador por conta allea.

5) En fin, os suxeitos que os sindicatos deben representar fóronse expandindo de xeito crecente ó incluír tamén traballadores pasivos, en particular os desempregados e pensionistas. A esixencia dunhas prestacións suficientes, dunha asistencia sanitaria de calidade e duns servizos sociais eficaces ofrecen un complexo flanco de actuación ós sindicatos.

A proliferación dos traballadores que cómpre representar comporta a multiplicación das posicións existentes no mercado de traballo e na propia sociedade. E isto

A terciarización da economía fixo emerxer unha amplísima gama de traballadores que ou ben desenvolven a súa prestación laboral en particulares medios ou ben teñen unhas cualificacións profesionais medias e altas. Eles realizan os seus traballos conforme a unhas pautas que están ben lonxe do prototipo clásico do obreiro do sector industrial sobre o que se configurou historicamente a acción do sindicalismo

O equilibrio entre os comportamentos participativos, de negociación e de conflito é outro dos retos que se lles presentan ós sindicatos arestora. Ademais as súas vertentes de actuación vense ampliadas polo crecente impacto de certas problemáticas sociais e económicas nas relacións laborais e na protección social, tales como medio ambiente, urbanismo, ordenación do territorio, transportes, a propia política económica ou o deseño do estado do benestar

comporta unha maior dificultade á hora de concilia-los intereses de colectivos tan variados que poden chegar a ser contrapostos. En efecto, se realmente os sindicatos queren asumir as reivindicacións de tales colectivos, han de modifica-las súas formulacións, adaptando as súas posicións ás esixencias particulares dos distintos suxeitos susceptibles de representación.

O problema de fondo é a enorme dificultade de conseguir unha síntese satisfactoria dos intereses duns traballadores extraordinariamente fragmentados. E isto implica que os sindicatos teñan que tomar decisións arriscadas ó intentaren conciliar intereses, ás veces, incompatibles. E, nunha época de exacerbación do individual, hai serias resistencias de certos colectivos cunha mellor situación laboral non dispostos a transixir cos seus dereitos. En fin, é claro que unha mala síntese dos intereses dos diferentes traballadores pode estar na base do nacemento de sindicatos franxa ou doutros de corte corporativo; ou, incluso, dun reforzamento da capacidade de decisión dos empresarios.

Por outra banda, prodúcese unha dualidade entre o crecemento potencial dos suxeitos afectados pola acción dos sindicatos e a escasa implantación medida en relación ós traballadores afiliados ós sindicatos que se manteñen nunhas cotas realmente

baixas. Certamente, os resultados das eleccións a representantes unitarios son clarisimamente favorables ós sindicatos máis representativos, pero non hai motivos para o triunfalismo xa que o desfaseamento entre as taxas de afiliación e a audiencia electoral é aínda demasiado marcado e debería reducirse.

2. Os novos retos derivados da ampliación de fronte de actuación sindical

É claro que o sindicato foi ampliando os seus campos de actuación a esferas que, tradicionalmente, ficaban fóra dos seus dominios. Así, os ámbitos materiais nos que se proxecta a acción sindical foron estendéndose paulatinamente: primeiro foi a negociación colectiva, despois a concertación social e, por último, a participación institucional en distintos ámbitos públicos.

Emporiso, o problema é que as novas fronte de actuación sindical se foron superpoñendo ás xa existentes no pasado. Isto é, os sindicatos han de combina-los distintos ámbitos nos que se desenvolve o seu labor cotián, o cal é complexo. Por iso o equilibrio entre os comportamentos participativos, de negociación e de conflito é outro dos retos que se lles presentan ós sindicatos arestora. Ademais, as súas vertentes de actuación



vense ampliadas polo crecente impacto de certas problemáticas sociais e económicas nas relacións laborais e na protección social, tales como o medio ambiente, o urbanismo, a ordenación do territorio, os transportes, a propia política económica ou o deseño do estado do benestar.

En efecto, a cultura da responsabilidade e a tendencia a chegar ó consenso nas grandes decisións da política laboral e as concretas condicións de traballo é, en principio, positiva e pode ser un síntoma da madurez na actuación dos sindicatos. Non obstante, a propia complexidade de tales fenómenos fai que esteamos ante unha cuestión moi problemática cando se trata de adoptar decisións en situacións nas que están en xogo moi distintos intereses e nas que hai que sacrificar ou ponderar algúns deles, como sucede, por exemplo, nos procesos de reconversión industrial e nas reestructuracións de empresas.

Así, a negociación colectiva supuxo, en demasiadas ocasións, a implicación sindical en decisións arriscadas e custosas para os traballadores afectados: por exemplo, as prexubilacións en idades moi temperás, as xubilacións forzosas e anticipadas, os despedimentos colectivos ou a flexibilización acordada de certas medidas que, con frecuencia, implican modificacións pexorativas das condicións de traballo a cambio dunhas contraprestacións que non sempre son tanxibles. Todas esas medidas poden levar consigo un custo para uns sindicatos que, de mellor ou peor gana, lles dan o seu consentimento. Isto explica que, nalgúns casos, as mencionadas medidas foran contestadas, incluso xudicialmente, polos traballadores afectados, desconformes ante o que supón a restricción dos seus dereitos ou intereses individuais.

Por iso, a consecución dun axeitado equilibrio entre a autonomía colectiva e a individual é un dos retos máis complexos que os sindicatos teñen por resolver. E isto



resulta especialmente urxente nunha época de crecente individualismo, que implica un ataque na liña de flotación ó sindicalismo. Hai preocupantes síntomas de tal pauta, como, por exemplo, a exclusión do ámbito de aplicación dos convenios colectivos dun número ascendentes de traballadores e, tamén, a falta de aplicación práctica de moitas das súas cláusulas. Todo isto marca, en demasiados casos, a fixación unilateral das condicións de traballo por parte do empresario, o que presenta con crieza o problema do baleiramento do control exercido polos sindicatos.

Por outra parte, os sindicatos enfróntanse a unha serie de riscos que proveñen do amplo desenvolvemento da participación institucional en órganos das administracións públicas e do seu papel na concertación social, pois isto suporía a asunción de responsabilidades que, por veces, poden situarse na esfera política. Así, o maior problema pode derivar da excesiva institucionalización dos sindicatos que dea lugar a que sexan percibidos como suxeitos que pasaron a ser 'parte do sistema'. Isto pode desnaturaliza-la súa verdadeira razón de ser e orixinar que sexan vistos como suxeitos apoiados directamente polos poderes públicos co conseguinte afastamento dos traballadores ós que representan.

O maior problema pode derivar da excesiva institucionalización dos sindicatos que dea lugar a que sexan percibidos como suxeitos que pasaron a ser 'parte do sistema'. Isto pode desnaturaliza-la súa verdadeira razón de ser e orixinar que sexan vistos como suxeitos apoiados directamente polos poderes públicos co conseguinte afastamento dos traballadores ós que representan

O sindicalismo pasou dun modelo centrado, basicamente, na reivindicación e o conflito, a outro no que, a tal cometido, se une o relativo á xestión de certos servicios dirixidos ós traballadores, como os relacionados coa vivenda, o asesoramento xurídico, fiscal, a formación e orientación profesionais ou os fondos de pensións. Tal tránsito presenta novos riscos ós sindicatos, sobre todo se non actúan de xeito prudente e incorren en voluntarismos

Os riscos dunha mala xestión dos espazos de representación e de poder ocupados progresivamente polos sindicatos son evidentes, pois o que é un claro avance respecto do pasado pode xerar un efecto búmerang de consecuencias devastadoras para eles. De aí que deban evitar calquera equívoco respecto das motivacións reais da xestión dos sindicatos en tales esferas e desterra-lo pensamento de que a súa presenza nelas obedece a móbiles económicos ou de poder e non a aqueles que realmente se deben perseguir.

Así mesmo, o feito de que cada vez con máis frecuencia os sindicatos se financien con cargo a fondos públicos, xa sexa pola vía das subvencións orzamentarias, xa pola da xestión de cursos de formación, supón o risco dun elevado financiamento externo, o que podería implicar unha perda de autonomía real respecto dos poderes públicos. De aí a necesidade de que os sindicatos aumenten a súa afiliación para incrementaren a súa capacidade de garantir un maior volume de recursos propios e diminúan a excesiva dependencia dos alleos.

Por outra parte, a concertación social suscita problemas específicos ós sindicatos máis representativos, sobre todo cando se parte de situacións de debilidade. Cómpre por iso discutir previamente no seo de tales organizacións as reivindicacións e as propostas para levar a cabo que han ser discutidas con anterioridade, se ben isto non é doado ó se tratar de organizacións moi complexas. Pero, con todo, é necesario favorecer prácticas participativas que dean identidade e consenso interno a unhas medidas que, por definición, poden ser controvertidas.

Ademais, durante certo tempo déuselle unha excesiva énfase ó sindicato como suxeito sociopolítico, co relativo esvaeamento da empresa como ámbito natural de actuación e como centro de conflito. Non obstante, nos últimos anos produciuse unha

significativa volta á centralidade da empresa, aínda que isto foi impulsado por determinadas reformas legislativas que apostaron pola flexibilidade das condicións de traballo. Así e todo, os desequilibrios entre tales fronteiras, a global e a particular, son aínda perceptibles e están na base das disfuncións entre eses dous polos de actuación dos sindicatos. Desde outra óptica, os sindicatos adquiriron unha maior presenza nas administracións públicas. Pero isto non pode supoñer ignorar que, xunta á súa necesaria implantación en tales ámbitos, eles han de intensifica-la acción sindical nas empresas co fin de evitar unha especie de repregamento nuns terreos menos arriscados.

En fin, o sindicalismo pasou dun modelo centrado, basicamente, na reivindicación e o conflito, a outro no que, a tal cometido, se une o relativo á xestión de certos servicios dirixidos ós traballadores, como os relacionados coa vivenda, o asesoramento xurídico, fiscal, a formación e orientación profesionais ou os fondos de pensións. Tal tránsito presenta novos riscos ós sindicatos, sobre todo se non actúan de xeito prudente e incorren en voluntarismos nuns terreos nos que as regras do mercado pesan moito máis do que parece.

3. A necesidade de revisión das relacións dos sindicatos con outras organizacións políticas e sociais

As relacións entre os partidos políticos e os sindicatos desenvólvense agora nun contexto ben distinto do tradicional. Así, superouse sobradamente a etapa na que o sindicato se concibía, de xeito máis ou menos ríxido, como a correa de transmisión de determinado partido político ou como unha organización dependente dun partido ó que estaba vinculado orgánica e funcionalmente. Todo o cal trouxo como consecuencia o afondamento na idea da autonomía



sindical, o que non exclúe a supervivencia de lazos cos suxeitos políticos que aspiran a reforma-la sociedade.

Pero o problema é que eses referentes políticos están en crise tralos cambios ideolóxicos simbolizados pola caída do muro de Berlín e pola concorrencia dunha serie de variables que esvaeron excesivamente as diferencias esenciais entre os partidos políticos de distinto signo. Mais, precisamente porque os sindicatos son suxeitos que non se limitan a unha defensa estricita dunhas mellores condicións de traballo, eles poden permanecer alleos ó debate que se está a producir no ámbito político, cando moitos traballadores e pensionistas e, en particular, a mocidade se afastan das opcións dos partidos de esquerda.

Certamente, os sindicatos non poden suplanta-lo espacio que é propio dos partidos políticos de esquerda, aínda que a tentación puidera ser forte. E iso porque a distinción entre os ámbitos de actuación político e sindical segue a ser válida, malia a se producir de feito un solapamento parcial en certas esferas. Ademais, os sindicatos deben evita-la adopción de pautas de comportamento características dos partidos políticos.

Por outra banda, a relación dos sindicatos con outras organizacións sociais que están emerxendo con forza na sociedade ha de asentarse sobre unhas bases novas e fluí-

das, porque o sindicalismo non é a única organización interesada nunha reforma social en clave de progreso. Isto supón romper con arquetipos do pasado, pois, durante un tempo, os sindicatos creron que eles eran, xunta determinados partidos políticos, o único fermento de renovación social. Hoxe hai outros movementos que tamén pugnan, con tódalas contradicións e limitacións que se queira, por conseguiren cambios na sociedade: por exemplo, certas asociacións de defensa dos intereses dos inmigrantes, diversas organizacións non gobernamentais ou as que se ocupan dos dereitos das mulleres ou dos consumidores, dos homosexuais ou as ecoloxistas.

Pois ben, na medida en que unhas e outras organizacións compartan metas comúns, débese tender a construír unhas relacións de cooperación entre elas, baseadas non na rivalidade senón na complementariedade. Por mellor dicir, a época da exclusividade dos suxeitos, políticos e sindicais, que deben protagoniza-las reformas sociais foi dando paso a outra distinta motivada pola maior complexidade da sociedade. Xa que logo, o establecemento de vínculos sólidos e non excluíntes entre tales organizacións debe de ser unha prioridade para un sindicalismo que queira afrontar con madurez uns cambios sociais de extraordinaria dificultade. Por todo isto, impónse a necesidade de que os sindicatos interioricen, sen prexuízos nin simplismos,

A relación dos sindicatos con outras organizacións sociais que están emerxendo con forza na sociedade ha de asentarse sobre unhas bases novas e fluídas, porque o sindicalismo non é a única organización interesada nunha reforma social en clave de progreso. Isto supón romper con arquetipos do pasado

ideas e formas de actuar que asumiron outras organizacións renovadoras, xurdidas no ámbito da sociedade civil.

4. A necesidade dun debate profundo sobre os múltiples retos do sindicalismo

Determinadas enquisas realizadas cada certo tempo poñen de relevo que a valoración dos sindicatos por parte da cidadanía se sitúa nunha franxa medio baixa con relación á que obteñen outras organizacións e entidades de relevancia social, asemellándose á dos partidos políticos. Pois ben, tal resultado non deixa de ser inquietante, pois é un indicio dunha percepción social crítica dos sindicatos e dun certo rexeitamento por parte dun número máis ou menos amplo de cidadáns. Por iso, é oportuno preguntarse cales son as razóns de tal valoración cando os sindicatos se ocupan de algo tan esencial nun Estado social e democrático como é a defensa dos intereses dos traballadores. E, tamén, cando aqueles desempeñaron un papel nunca suficientemente recoñecido no plano político —en concreto, na nosa transición—, e, igualmente, no conxunto da reestructuración do sistema productivo.

De certo, os sindicatos, como organizacións sociais que son, non fan un mundo á parte á marxe dos problemas que afectan a outros suxeitos colectivos que se moven no seo da sociedade. Aqueles, o mesmo cás demais organizacións sociais, están compostos por individuos coas súas virtudes e defectos. De aí que non se lles poida esixir ós sindicatos perfeccións que poucas organizacións sociais dan acadado, sobre todo tendo en conta a complexidade dos suxeitos que representan e as competencias a eles atribuídas. Con todo, isto non significa exculpa-los sindicatos senón, ó contrario, partir de aí para tentar desterrar actitudes ou vicios que deberían ser impropios de tales organizacións.

Pois ben, a defectuosa imaxe dos sindicatos pode ter que ver con múltiples factores sobre os que convén afondar. Así, tal valoración negativa pode ter que ver con varios elementos: en primeiro lugar, coa forte rivalidade entre os sindicatos que, en demasiadas ocasións, dan unha imaxe de división e de incapacidade para poñérense de acordo na defensa dos intereses dos traballadores. Por iso as marxes para a unidade de acción han ensancharse co fin de fortalecer, globalmente, a posición dos traballadores. O contrario supón debilitar aínda máis a actuación dos sindicatos.

En segundo termo, os sindicatos deben afondar nos cambios organizativos para que as súas estruturas se adecuen mellor ós múltiples retos sociais e económicos ós que se enfrontan. E iso ha levar consigo unha solución eficaz ó difícil equilibrio entre as organizacións territoriais e sectoriais das confederacións sindicais; e, en particular, a súa acomodación ás esixencias da división



do Estado español en Comunidades Autónomas. Problema que, se é importante en todas elas, aínda o é máis naquelas onde a relación de forzas entre os diferentes sindicatos implantados nelas é máis plural e complexa, como sucede en Galicia ou no País Vasco. Por outra parte, é evidente que os grandes sindicatos se enfrontan ós problemas típicos das grandes organizacións, como a burocratización, a profesionalización no exercicio dos cargos representativos ou os riscos de nepotismo. Todo isto pode supor serios perigos desde o punto de vista da democracia interna, da necesaria rotación dos cargos e do funcionamento eficaz de tales organizacións.

Determinadas enquisas (...) poñen de relevo que a valoración dos sindicatos por parte da cidadanía se sitúa nunha franxa medio baixa con relación á que obteñen outras organizacións e entidades de relevancia social, asemellándose á dos partidos políticos (...) tal resultado non deixa de ser inquietante

Por iso os sindicatos han caracterizarse por uns comportamentos internos plenamente democráticos, que sexan quen de integrar unhas posicións que, por plurais, son potencialmente discrepantes. Tal síntese pasa polo reto de reflectir adecuadamente a existencia das distintas correntes representadas no seu seo. É dicir, a pluralidade debe ser un dos sinais de identidade dos sindicatos, sempre que ela se produza dentro do respecto ós principios recollidos nos seus estatutos.

E, en terceiro lugar, cómpre revisar de contino a actuación dos representantes sindicais e, moi especialmente, a dos seus liberados, porque tales persoas son o bastidor que os traballadores miran para recoñecer e valora-las iniciativas sindicais. Unha actuación irresponsable ou pouco eficaz daqueles leva consigo unha crítica que se dirixe contra todo o sindicato, que se ve censurado e descualificado por unha desafortunada actuación.



Así e todo, é incontestable que os sindicatos seguen a ser hoxe tan necesarios como o foron no pasado; emporiso deben adaptarse a unha realidade cambiante se queren sobrevivir e seguir sendo unha institución de referencia na sociedade, contribuíndo a supera-las profundas inxustizas que nela se dan. Ademais, a presenza dos sindicatos na realidade social é aínda máis necesaria dadas as consecuencias da globalización e a continua reordenación do sistema productivo, a existencia dunha fortísima flexibilidade laboral que provocou unha intensa precarización das condicións de traballo de moitos traballadores e os novos retos ós que se enfronta a protección social.

Agora ben, para acometer tales retos —e moitos outros que están para chegar—, os sindicatos deben muda-los seus comportamentos para non ser vistos como antigallas. Para iso é necesario un sindicalismo moi atento á realidade, que dea interpretado os múltiples cambios que se van producindo nela e as concretas aspiracións dos traballadores. Outrosí, aquel ha de estar moi apegado ó terreo para evitar que grandes reivindicacións cargadas de simbolismo se constrúan sobre unhas bases que pouco ou nada teñan que ver coa realidade dos feitos, nomeadamente nas pequenas empresas.

Daquela, o sindicalismo ten diante súa o reto de se adaptar con rapidez ás novas realidades, pois, de non o facer así, corre o serio risco de se ancorar nuns arquetipos que levan camiño de converterse en marxinais. En efecto, malia ás inercias das grandes organizacións que dificultan o cambio a novas situacións, a única maneira de garantir un futuro nunha sociedade que cambia é responder activamente a unha serie de fenómenos que están transformando de raíz non só a nosa realidade productiva e laboral, senón tamén a propia sociedade. Precisamente por iso cómpre impulsar decididamente as reflexións globais sobre o presente e o futuro do sindicalismo, aínda insuficientes.

Trátase de analiza-las consecuencias da acción sindical e de certas opcións de política sindical, alén do envolvente día a día que empece, con demasiada frecuencia, albisca-los cambios e retos ós que os sindicatos se enfrontan. A reflexión ha levarse ás súas últimas consecuencias, pois se non córrese o risco de ir perdendo incidencia nun medio que xa non é o que acompañou durante moito tempo o sindicalismo. De non o facer así, o sindicalismo marxinaríase e podería pasar a ser considerado como unha herdanza do pasado, converténdose nunha caricatura do que foi historicamente. *

É incontestable que os sindicatos seguen a ser hoxe tan necesarios como o foron no pasado; emporiso deben adaptarse a unha realidade cambiante se queren sobrevivir e seguir sendo unha institución de referencia na sociedade, contribuíndo a supera-las profundas inxustizas que nela se dan

RICARDO ESCUDERO RODRÍGUEZ

CATEDRÁTICO DE DEREITO DO TRABALLO
UNIVERSIDADE DE ALCALÁ



O MUNDO DAS TRABALLADORAS:

IDENTIDADES, CULTURA DE XÉNERO E ESPACIOS DE ACTUACIÓN*

MARY NASH

A dimensión internacional do coloquio “Cultura social e cultura política no mundo dos traballadores” depáranos unha plataforma interesante para formularmos problemáticas comparativas no contexto europeo. No meu caso, quixera abri-lo debate sobre o significado dunha lectura de xénero do mundo do traballo.

Dada a orientación do coloquio, enfocado a aspectos metodolóxicos e teóricos, a miña contribución pretende identificar unha serie de cuestións para abrir unha reflexión nesta liña. Como punto de partida cabe sinala-lo meu interese na construción do universo das traballadoras en relación

con contextos sociais, culturais e políticos específicos. Concretamente, a miña exposición quere abordar algúns aspectos do significado das políticas de identidade na configuración das opcións das mulleres nos ámbitos do obreirismo, na definición dos seus traballos e espazos de actuación e na configuración da mirada allea sobre a figura da muller traballadora. Interésanme as diferentes formas de identidades de xénero e a súa implicación no desenvolvemento de estratexias colectivas, como tamén interrogarnos verbo do papel das mulleres e as relacións de xénero na organización socio-política e na cohesión de grupo e a continuidade na cultura obreira.

Outro aspecto que me gustaría tratar é a definición dos espazos de actuación e as súas implicacións de xénero para formular un debate en torno ás similitudes e diferencias nun enfoque máis transeuropeo. A discusión podería abrirse entón desde a lectura de xénero pero tamén desde unha visión integradora do mundo laboral coa perspectiva das implicacións do contexto de España como país mediterráneo, de cultura católica, asentado nun mundo político de débil afianzamento dos mecanismos de cohesión social e no período abranguido, configurado por unha cultura política de escasa consolidación democrática e de fráxil vertebración do Estado.

O título do coloquio serve, de feito, para abri-lo debate. Así, o primeiro punto que considero é unha posible lectura das implicacións da propia conceptualización da figura do traballador/a. Neste sentido, de entrada, é interesante observa-la distinción que aparece nas versións castelás e inglesas do título do coloquio. A versión inglesa configúrase como “Social and Political Culture of the World of Labour”, unha formulación do universo laboral que o define como o mundo do traballo. En cambio, a versión castelá define o mundo do traballo como un universo masculino, dos traballadores: ‘Cultura social y cultura política en el mundo de los trabajadores’. Evidentemente, pódese alegar que as dúas versións obedecen a cuestións de estilo lingüístico e de tradución. En todo caso, serven de pretexto para abri-lo debate. Se nos centramos na versión castelá, fronte ó neutro ‘a world of labour’, cabe preguntar se a definición do mundo do traballo en termos de ‘os traballadores’ significa a vontade de adoptar un enfoque conceptual que pretende prioriza-lo protagonismo dos traballadores como axentes históricos activos na configuración do mundo do traballo. Tamén se presta a unha lectura implícita que establece unha diferenza entre mundo do traballo e mundo de traballadores.

A miña intervención céntrase noutro aspecto do título do coloquio que define o mundo do traballo en termos masculinos ó formulalo como o mundo dos traballadores. Esta definición da figura do traballador en masculino podería abrir un debate sobre o significado do uso do xenérico en masculino ou a especificación do feminino ou a utilización de expresións neutras nos termos que utilizamos. En todo caso, abre a discusión arredor da problemática de inclusión/exclusión do colectivo de mulleres no mundo do traballo, a valoración da súa identidade como traballadoras e a validez e significado da proxección do masculino como xenérico universal. Cabe discuti-las implicacións da noción de que as formas de cultura social e política articuladas desde o xenérico masculino sexan inclusivas respecto ás mulleres traballadoras. Cabe discutir se teñen unha neutralidade de xénero (*gender neutral*) na súa formulación e se, polo tanto, evidencian unha visión que compatibilice a experiencia colectiva masculina e feminina.

Na actualidade, un dos retos da historia das mulleres é o de subministrar unha lectura de xénero do mundo obreiro. Hai moito que a historia das mulleres arrincou coa denuncia militante inicial da súa invisibilidade na historiografía e da distorsión que se efectuaba na interpretación dos procesos históricos ó ignora-la experiencia específica das mulleres como colectivos sociais¹. Foi clave a constatación de que a equiparación tradicional da traxectoria específica dos homes coa experiencia histórica da humanidade significou a identificación da historia da humanidade coa do home, e a conseguinte exclusión das mulleres do escenario histórico. Moitos estudos puxeron de relevo que a negación das mulleres como axentes históricos representou unha visión androcéntrica da historia e a xeneralización dunha visión dos procesos históricos que subestimaba a dinámica feminina no pasado. Ó integra-la

Un dos retos da historia das mulleres é o de subministrar unha lectura de xénero do mundo obreiro. Hai moito que a historia das mulleres arrincou coa denuncia militante inicial da súa invisibilidade na historiografía e da distorsión que se efectuaba na interpretación dos procesos históricos ó ignora-la experiencia específica das mulleres como colectivos sociais

A historiografía social recente ten debatido a importancia da análise da construción social da representación cultural e, de forma paralela, a historia cultural do social como vías de aproximación ós procesos históricos. A representación cultural sempre foi decisiva na construción de novas identidades

subxectividade creadora das mulleres como suxeitos históricos capaces de transformación social, a historiografía actual cuestiona esquemas interpretativos ríxidos de signo opositivo baseados en conceptos contrarios como público/privado, poder/submisión, vítima/heroína, confrontación/consentimento, para interpreta-la dinámica histórica das mulleres². Desde esta perspectiva pódense formular propostas interpretativas desde a intersección de espazos e a interacción constante na dinámica das relacións de poder de xénero e a articulación da experiencia colectiva das mulleres.

Políticas de identidade e cultura de xénero

Como argumentou Pilar Pérez Fuentes, a extensión do novo concepto de traballo como mercadoría constituíu un elemento estruturador do sistema de xénero nas sociedades industriais ó lle nega-lo valor económico ó traballo das mulleres e, deste xeito, coloca-la súa actividade laboral na marxe das consideracións económicas³. Hai que salientar ademais que a opacidade da realidade laboral das mulleres na sociedade



industrial tamén foi a máis mediante o desenvolvemento de representacións culturais que definían o modelo de feminidade na sociedade.

A historiografía social recente ten debatido a importancia da análise da construción social da representación cultural e,

de forma paralela, a historia cultural do social como vías de aproximación ós procesos históricos⁴. A representación cultural sempre foi decisiva na construción de novas identidades. Constitúe un mecanismo singular ó enunciar identidades de clase ou de xénero. É un elemento clave na construción sociocultural da diferenza, do outro, do colectivo social diferente, e, polo tanto, na constitución dunha identidade de clase e de xénero. Desde a perspectiva da construción da identidade de clase, é certo que as distintas experiencias colectivas representan unha causa articuladora dos movementos sociais que estruturan a mentalidade colectiva⁵. As experiencias colectivas incorporan a realidade socioeconómica e as percepcións ideolóxicas que inspiran programas e estratexias de acción colectiva obreira ou do movemento das mulleres. A formación dunha identidade de clase e a estruturación dunha mentalidade colectiva obreira caracterizan o obreirismo como movemento social. No mesmo sentido, a constitución e percepción dunha identidade colectiva específica consolídase a partir dunha representación mental, dun imaxinario colectivo que define o obreirismo ou o feminismo e marca os seus límites con respecto a outros grupos sociais⁶. E. P. Thompson desenvolveu hai xa anos en *The Making of the English Working Class* a idea da experiencia colectiva como plataforma de concienciación da clase traballadora⁷. Argumentouse recentemente que os novos movementos sociais se desenvolveron a partir do eixe das políticas de identidade e de redes somerxidas de actuación⁸, unha idea aplicable ó movemento histórico das mulleres e, quizais, ó movemento obreiro.

Para a miña idea, as políticas de identidade son claves para entende-la definición da figura do traballador/a e a configuración das pautas culturais e sociais do universo do traballo. Neste sentido, quixera argumentar que a identidade colectiva de xénero foi crucial na creación e consolidación da iden-

tidade da figura de traballador e na asociación de valores diferenciados vinculados co traballo. De entrada coído importante distinguir entre o discurso de xénero que lle atribúe unha serie de trazos á masculinidade e a feminidade e a realidade social dos traballadores/as, entre o mundo das representacións culturais e da experiencia laboral. Interésanme os discursos como medios de control social e de transmisión de comportamentos colectivos. No caso da España de fins do século XIX, o discurso de xénero e os valores culturais e políticos derivados del articulábanse a partir da noción da *domesticidade*. Cabe salientar que, a pesar dalgúns intentos de entende-la experiencia histórica das mulleres españolas desde a clave interpretativa da 'España Negra' e do predominio de valores culturais relixiosos tradicionais e do conservadorismo político, entendo que a cultura de xénero vixente en España se insire dentro dos parámetros da ideoloxía occidental da domesticidade, se ben cun ritmo algo diferente en canto á súa evolución e reformulación modernizadora⁹. Outro elemento xeral para o debate é a connotación de clase do discurso de xénero predominante na sociedade española e occidental. ¿Trátase dun discurso de clase, atribuído a miúdo á burguesía, ou dunha formulación transclasista? Neste sentido gustaríame suscita-la cuestión de se a clase obreira española ou europea foi quen a orixinar un discurso de xénero alternativo con respecto ás mulleres ou de formular un sistema de xénero máis equitativo.

Os rexistros culturais enuncian pero asemade reafirmán a diferenza de clase e de xénero, e son claves na articulación de identidades e na formulación da estratexia de loita¹⁰. Resultan cruciais na construción dunha mirada que define a identidade. Así, por exemplo, a construción do modelo de masculinidade céntrase no eixe do traballo como elemento configurativo, o home defínese como o *Breadwinner*, o gañador do pan e sostén económico da familia. A pesar



da realidade da experiencia laboral das mulleres das clases traballadoras, négaselles en cambio unha identidade de traballadora xa que se constrúe o eixe da feminidade a partir da maternidade e a reprodución. Neste sentido, é fundamental descifralo discurso de xénero e o seu funcionamento. Do mesmo modo que o discurso de raza propón trasladar diferenzas étnicas a categorías culturais xerarquizadas de inferioridade/superioridade¹¹, o discurso de xénero de diferenza sexual artículase tamén a partir da translación da diferenza de sexo ó plano cultural ideolóxico e a xustificación dunha orde xerárquica de xénero baseada na subordinación da muller¹². De feito, a comprensión do proceso segundo o cal as distincións biolóxicas e anatómicas se trasladan a categorías sociais e culturais de diferenciación sexual representa, ó meu entender, un dos piares básicos para comprende-la traxectoria histórica das mulleres traballadoras e as súas opcións de vida. Desde esta perspectiva quixera argumenta-la necesidade de reflexionar verbo da construción cultural do discurso de xénero e da configuración da feminidade como categoría cultural que traslada a un rango cultural

A comprensión do proceso segundo o cal as distincións biolóxicas e anatómicas se trasladan a categorías sociais e culturais de diferenciación sexual representa, ó meu entender, un dos piares básicos para comprende-la traxectoria histórica das mulleres traballadoras e as súas opcións de vida

e a unha función social o feito biolóxico da reprodución e a maternidade. Deste xeito, a formulación da conceptualización da diferenza sexual en parámetros culturais de xénero pódese entender a partir da naturalización de categorías sociais que inflúen na caracterización dos papeis de xénero no mundo do traballo.

A representación cultural da muller ten unha funcionalidade decisiva na creación dos papeis de xénero e dos prototipos de masculinidade e feminidade. En gran medida, a identidade cultural de xénero consolídase e difúndese a través da imaxe da muller. Pola súa vez, os modelos de feminidade transmitidos mediante a representación simbólica das mulleres son unha instancia clave de control social informal na canalización e mantemento das mulleres nas relacións sociais de xénero historicamente construídas. Loxicamente, as imaxes e representacións das mulleres non espellan a complexa realidade destas. Non obstante, serven como vehículo para identificar e segui-las normas de comportamento de xénero vixentes. Dilucida-los enunciados do discurso de xénero permite, pola súa banda, identifica-los mecanismos de funcionamento das relacións de poder no ámbito obreiro. Habería que perfilar, pois, as formulacións da representación cultural da diferenza sexual, as características da evocación simbólica e das nocións culturais que constitúen un imaxinario colectivo de xénero no que se sostén a construción da diferenza sexual no mundo dos traballadores e as traballadoras.

No caso da España do século XIX e primeiras décadas do XX, a construción sociocultural de xénero acoutou o ámbito de actuación e a función social da muller.

O discurso da domesticidade articulaba un prototipo de muller modelo —‘anxo do fogar’ e ‘perfecta casada’— baseado no culto á maternidade como máximo horizonte de

realización da muller. Xerou a noción de que a traxectoria social das mulleres tiña que circunscribirse forzosamente a un proxecto de vida que tiña a familia como eixe. Deste modo, as mulleres tiñan que elabora-la súa identidade persoal a partir do matrimonio e da maternidade sen posibilidade de crearen ningún proxecto social, cultural ou laboral autónomo como individuos.

Desde esta perspectiva, os sinais de identidade feminina formulábanse a partir da súa función social como nais e da súa diferenza sexual biolóxica da reprodución. A identidade cultural das mulleres derivaba, pois, da súa capacidade biolóxica de reprodución procreadora. A naturalización da diferenza sexual trasladouse desta maneira a unha categoría social xa que se entendía que o destino biolóxico da reprodución determinaba o cometido social e a función das mulleres na sociedade.

Como ‘perfecta casada’, a formulación do cometido social da muller como esposa e nai dedicada á familia era clave no discurso da domesticidade que evocaba como misión sagrada feminina o sustento da súa familia e a xerencia capaz e eficiente do fogar. Implícita nesta formulación estaba a dedicación laboral das mulleres ás tarefas domésticas e, ademais, a consideración das prestacións



O discurso da domesticidade articulaba un prototipo de muller modelo —‘anxo do fogar’ e ‘perfecta casada’— baseado no culto á maternidade como máximo horizonte de realización da muller


domésticas como de exclusiva incumbencia feminina e único encargo social das mulleres. Deste modo, a identidade cultural das mulleres non se forxaba a partir da súa identificación cun traballo remunerado, senón da asunción das prestacións inherentes á figura de nai e esposa. Ó concibi-los labores doméstico como prestación inherente, de forma natural, á condición feminina, negóuselle a categoría de traballo. Do mesmo modo, ó prioriza-las tarefas domésticas como cometido feminino, o traballo remunerado das mulleres non tivo a mesma consideración có traballo asalariado masculino, avaliado de forma positiva no ámbito da cultura política, con gran prestixio social, portador dun status social, de valor monetario e entendido como elemento clave e permanente na identidade masculina, quer pola súa carencia quer pola súa existencia. En cambio, o traballo remunerado das mulleres careceu de valoración positiva, non foi concibido en termos dun traballo senón dunha axuda, algo complementario e accesorio limitado a momentos de penuria cando o home non podía cumprir co seu cometido de sostén da economía familiar. O recoñecemento do perfil de traballadora tampouco non se converteu en elemento significativo dos sinais de identidade feminina. Este conxunto de factores facilitou a invisibilidade do traballo feminino, tanto o doméstico coma o asalariado.



En España, o discurso da domesticidade e da separación das esferas non pode atribuírse de forma exclusiva ó pensamento burgués. Malia a realidade xeneralizada do traballo remunerado das mulleres e da súa decisiva contribución á economía familiar, paradoxalmente o movemento obreiro español subscribía estas pautas de xénero na definición da muller como esposa, nai e ama de casa, e o fogar como exclusivo ámbito laboral feminino¹³. De feito, con poucas excepcións, o pensamento obreiro español non elaborou unha proposta alternativa de identificación cultural de xénero que definise as mulleres traballadoras como tales. Parece clara a aceptación do discurso da domesticidade nos ámbitos obreiros e o rexeitamento da presenza feminina no mercado laboral. Ademais, admitíanse os supostos atributos femininos na configuración da feminidade inherente ó prototipo de muller ‘anxo do fogar’ como argumento xustificativo da súa exclusión do traballo asalariado: “se les ha considerado siempre moral y físicamente por un sexo débil y como tales exentas y excluidas de los cargos, oficios, faenas y trabajos propios de los varones”¹⁴. Un artigo publicado en outubro de 1884 en *La Democracia* reivindicou, en nome dos obreiros, a dedicación exclusiva de “la más débil mitad del género humano, el ángel del hogar” ós traballos “propios de su sexo”. Máis significativa aínda desde a perspectiva das relacións de xénero foi a súa lexitimación a partir de valores culturais que defendían a asimetría entre os sexos e garantían a orde xerárquica de xénero. Así, a independencia económica das mulleres foi considerada como unha subversión da orde fundamental da familia e, en particular, como ameaza ó poder xerárquico do marido. Deste xeito, a exclusión das mulleres do traballo extra doméstico foi xustificada polos obreiros en termos de mante-lo respecto e o poder masculino na familia¹⁵. A redución da súa competencia económica foi outro motivo para disuadi-las mulleres de asumiren un traballo remunerado:

En España,
o discurso da
domesticidade
e da separación
das esferas non
pode atribuírse
de forma
exclusiva ó
pensamento
burgués (...)
paradoxalmente
o movemento
obreiro español
subscribía estas
pautas de
xénero na
definición da
muller como
esposa, nai e
ama de casa,
e o fogar como
exclusivo
ámbito laboral
feminino

Nos ámbitos anarquistas existiu algo de sensibilidade con respecto ó dereito das mulleres a un posto de traballo remunerado e mesmo se desenvolveu un certo grao de reflexión alternativa sobre o modelo de xénero fundamentado no principio da igualdade e a independencia económica



Además, es un hecho probado que en los trabajos en que la mujer puede hacerle la competencia, el hombre gana un jornal más reducido que en aquellos otros en que esta competencia no es posible; de modo que el obrero, aunque sólo fuera por egoísmo, debería tratar de sacar a la mujer del taller o de la fábrica, para que pudiera dedicarse única y exclusivamente a los quehaceres domésticos (...)»¹⁶.

Os obreiros expresábanse en contra do traballo feminino nas fábricas e eran especialmente remisos ó exercicio do traballo remunerado no caso das mulleres casadas. Así, o mesmo que para os homes da burguesía, o modelo obreiro de masculinidade foi construído a partir da súa definición como sostén económico do fogar e, xa que logo, como responsable único do benestar da esposa e dos fillos. É certo que a construción de xénero ten pola súa vez unha lectura de clase, xa que o significado dos modelos de masculinidade e de feminidade non son por forza equiparables no caso da clase obreira e da clase burguesa. Non obstante, en termos globais, o discurso da domesticidade transcendeu as fronteiras de clase para encontrar unha aceptación pouco matizada entre os homes do universo dos traballadores.

Nos ámbitos anarquistas existiu algo de sensibilidade con respecto ó dereito das mulleres a un posto de traballo remunerado

e mesmo se desenvolveu un certo grao de reflexión alternativa sobre o modelo de xénero fundamentado no principio da igualdade e a independencia económica como base para a autonomía da persoa. Se ben no Primeiro Congreso Obreiro celebrado en Barcelona no ano 1870, os delegados se mostraran contrarios á integración das mulleres na produción, modificaron esa actitude dous anos máis tarde, en 1872, no congreso de Zaragoza, cando acordaron a famosa declaración de principios de recoñecemento do dereito das mulleres ó traballo asalariado:

La mujer es un ser libre e inteligente, y como tal, responsable de sus actos, lo mismo que el hombre; pues, si esto es así, lo necesario es ponerla en condiciones de libertad para que se desenvuelva según sus facultades. Ahora bien, si relegamos a la mujer exclusivamente a las faenas domésticas, es someterla, como hasta aquí, a la dependencia del hombre, y, por lo tanto, quitarle su libertad. ¿Qué medio hay para poner a la mujer en condiciones de libertad? No hay otro más que el trabajo.

Esta declaración de principios quedou, sen embargo, nunha mera formulación teórica, xa que a práctica obreira española do século XIX mantivo un comportamento ambivalente e, a miúdo, abertamente hostil con respecto á presenza das mulleres no mercado laboral. Foi constante a denuncia

da dedicación das mulleres ó traballo extra doméstico. Sobre a base precisamente da aceptación do modelo cultural da domesticidade que define a muller como nai e esposa, o discurso obreiro deu prioridade ó culto da maternidade e resaltou o cometido primordial da muller no seo da familia. A primacía establecida en torno á muller nai e esposa xustificou a súa plena dedicación ás tarefas domésticas e, por conseguinte, un estado de opinión xeneralizada de rexeitamento ó traballo extra doméstico. Prevaleceu a idea de que os homes tiñan o monopolio ou, como mínimo, un dereito preferente a un posto de traballo e foi frecuente a equiparación da muller adulta traballadora co menor sen dereitos laborais¹⁷.

O rexeitamento do traballo asalariado feminino obedeceu pola súa vez a unha lóxica económica: o medo á competencia e o desprazamento da man de obra masculina pola feminina. O carácter competitivo da man de obra feminina ó que adoito recibía un salario ben inferior provocou un manifesto receo obreiro. En 1887 a revista anarquista *Acracia* argumentaba abertamente que era en proveito dos propios intereses económicos do obreiro que a muller quedara na casa:

Además, es un hecho probado que en los trabajos en que la mujer puede hacerle la competencia, el hombre gana un jornal más reducido que en aquellos otros en que esta competencia no es posible; de modo que el obrero, aunque sólo fuera por egoísmo, debería tratar de sacar a la mujer del taller o de la fábrica, para que pudiera dedicarse única y exclusivamente a los quehaceres domésticos (...)¹⁸

A clara hostilidade dos traballadores con respecto á incorporación das mulleres ó proceso productivo foi frecuente na práctica cotiá. A disuasión ideolóxica e a presión social foron os mecanismos habituais para reforza-la identidade cultural feminina

como nai e esposa. Non obstante, a realidade da significativa presenza das mulleres no mercado de traballo, e en particular no sector téxtil, puxo de relevo en momentos de conflictividade laboral a ineficacia destes mecanismos de control social disuasorios. Así, aínda que de maneira moi excepcional, os obreiros adoptaron, en ocasións, medidas máis directas para impedi-la presenza das mulleres nas fábricas. Poucas veces, polo que sabemos, se chegou ó extremo dunha masiva mobilización colectiva dos homes para reivindicaren a prohibición do traballo asalariado feminino. En todo caso, un indicio do grao de hostilidade que podía alcanza-la reticencia masculina fronte ó traballo asalariado feminino foi a mobilización masiva dos obreiros téxtiles de Igualada en 1868 que tivo como eixe a denuncia do emprego das mulleres nas fábricas do téxtil da vila. Esta mobilización deu lugar unha semana despois a un acordo entre empresarios e obreiros onde se pactou o despedimento masivo das mulleres das fábricas, a limitación das súas posibilidades laborais e a adxudicación dunha remuneración inferior á que percibían os obreiros para o traballo realizado a domicilio¹⁹. Segundo este acordo, procedíase ó despedimento das máis de setecentas operarias das fábricas igualadinas, medida que denota o grao de oposición á figura das obreiras de fábrica. É significativo que esta denuncia dos obreiros se lexitimou a partir do discurso da domesticidade, aínda que había outro motivo máis relevante ño fondo deste conflito de xénero: o medo á competencia da man de obra feminina máis barata.

Os resultados do Informe da Comisión de Reformas Sociais (1883) confirman que esa mentalidade seguiu vixente contra fins do século, ó asegura-la maioría dos informadores que en España só se admitía o traballo asalariado feminino en momentos de necesidade ineludible da familia obreira²⁰. O modelo de muller ama de casa predominou e unicamente nunha situación de absoluta

Un indicio do grao de hostilidade que podía alcanza-la reticencia masculina fronte ó traballo asalariado feminino foi a mobilización masiva dos obreiros téxtiles de Igualada en 1868 que tivo como eixe a denuncia do emprego das mulleres nas fábricas do téxtil da vila

A masculinidade nos ámbitos obreiros españois fundamentouse tamén nunha definición da respectabilidade e a honra obreira baseada na responsabilidade exclusiva do home como gardián da moral e a decencia das mulleres da súa clase

falta de medios económicos se admitía nos ámbitos traballadores que a muller desempeñara un posto de traballo remunerado e, así e todo, entendiase como algo conxuntural. Esta concepción perdurou e condicionou a visión do traballo asalariado feminino como accesorio, transitorio e complementario do masculino. Como consecuencia, sentáronse as bases para lexitimada discriminación salarial e as condicións laborais desfavorables para as traballadoras. Efectivamente, a súa situación laboral caracterizouse durante este período pola discriminación salarial, a segregación ocupacional, o desempeño dun traballo descualificado, a desvalorización do status da muller traballadora e a inhibición do movemento obreiro fronte ás súas reivindicacións específicas. Os salarios das traballadoras oscilaban adoito entre o 50 e o 60 por cento do soldo percibido polos obreiros. Esta discriminación salarial foi habitual ata ben entrado o século XX²¹ e o principio de igualdade de salarios tivo pouca aceptación nos ámbitos obreiros.

A presión ideolóxica contraria ó traballo extradoméstico feminino baseada no discurso da domesticidade tivo un arraigo importante nas pautas culturais da época. Xustificou as súas condicións laborais desfavorables, fomentou a súa desvalorización social e asemade impediu a construción dunha identidade cultural alternativa de traballadora. A mediados do século pasado, coa excepción, quizais, da figura da cigareira que gozou de certo prestixio como traballadora, a obreira era mal vista. As traballadoras do téxtil catalán eran coñecidas popularmente co nome denigrante de ‘chinchés’ ou ‘mecheras’ de fábrica²². A mala reputación das obreiras e a súa progresiva deterioración moral era motivo de discusión frecuente entre obreiros, hixienistas e reformadores sociais. As alegacións de corrupción da moral pública pola suposta promiscuidade de obreiras e obreiros nas fábricas e talleres como tamén polos abusos deshones-

tos perpetrados contra as primeiras eran frecuentes²³. Os propios obreiros equiparaban as fábricas con lupanares e “focos constantes de degradación y prostitución”²⁴. O enalzamento dos valores morais no obreirismo español pasou pola denuncia da degradación humana sufrida de forma específica polas obreiras de fábrica por razón do seu sexo e pola conseguinte reivindicación da eliminación das mulleres dos talleres e fábricas.

Deste modo, a construción da masculinidade nos ámbitos obreiros españois fundamentouse tamén nunha definición da respectabilidade e a honra obreira baseada na responsabilidade exclusiva do home como gardián da moral e a decencia das mulleres da súa clase.

A postura dos traballadores parecía aceptar como espello da realidade o discurso da domesticidade no sentido que ignoraba o traballo remunerado das obreiras. Non aceptaba a realidade da súa vivencia laboral e rexeitaba o seu papel crucial no mantemento da economía familiar obreira. As mulleres da clase traballadora achegaban ingresos vitais á economía familiar²⁵. Emporiso, non se produciu un recoñecemento do traballo remunerado das mulleres como contribución decisiva que permitira amortecer-la fame e prover dunhas condicións de vida de subsistencia mínimas nin tampouco a realidade da súa experiencia como traballadora remunerada. A experiencia laboral de moitas mulleres abarcaba unha extensa gama de actividades remuneradas que suplementaban os ingresos e facían viable a economía familiar. Non obstante, o peso do discurso da domesticidade impedía o seu recoñecemento explícito e dificultaba a definición do traballo remunerado das mulleres nos mesmos termos có traballo masculino.

Contra a fin de século, coa crecente consolidación dun proceso de concienciación das obreiras como colectivo social

específico a partir da súa participación en mobilizacións sociais e laborais, algúns núcleos de traballadoras empezaron a organizarse. Entón algunhas mulleres, como a dirixente sindical anarquista Teresa Claramunt, denunciaron a opresión específica das traballadoras como “la esclava del esclavo” e reivindicaron a dignificación do traballo feminino e a súa valorización social²⁶. Deste xeito, desde a fin do século, as mulleres obreiras introduciron algunhas perspectivas críticas con respecto ó modelo da domesticidade do ‘anxo do fogar’ á vez que formularon unha certa redefinición da súa identidade cultural como traballadoras. Este cuestionamento dos esquemas de definición do traballo feminino acentuouse nas primeiras décadas do século XX a partir da formulación dun novo modelo de xénero, a ‘muller moderna’, máis en consonancia cos cambios estruturais no proceso de modernización da sociedade española, que, entre outras cousas, suscitou a redefinición do traballo das mulleres e unha certa reformulación das bases do modelo decimonónico da domesticidade e dos papeis de xénero.

Xénero e espazos de actuación


A división das esferas e o asentamento dunha rixida separación entre o ámbito público e o espazo privado representan outro aspecto sobresaliente do discurso da domesticidade. De forma sistemática asígnalle ó home un papel social na esfera

pública da produción e da política e, en contrapartida, delimita o ámbito de actuación feminina á esfera doméstica, ó fogar e á familia. A casa é o máximo horizonte de realización da muller e o modelo de femiñidade defínese polo prototipo de nai, esposa e ama de casa que realiza o seu cometido social no ámbito doméstico. O discurso da domesticidade marcaba de forma moi clara os confins da actuación feminina ó espazo doméstico do fogar. Ademais, a muller que non se axustaba a este seu destino natural ou divino de retiro no fogar en abnegado servizo dos seus, provocaba a desgracia coa súa transgresión das normas de comportamento de xénero. A forza do discurso da domesticidade como mecanismo de control social residiu tamén na ameaza implícita de desgracia para calquera muller que contraviñera as normas de conduta de xénero. A violencia simbólica explica, de feito, os usos do consentimento e mantemento do comportamento social de xénero na sociedade española²⁷.

A diferenza dos homes, que tiñan conta da súa identidade cultural a partir da súa ocupación no espazo público, ás mulleres non se lles atribuíu unha traxectoria neste ámbito.

Deste modo, as normas de conduta de xénero influíron de forma significativa na definición dos espazos e na determinación dos ámbitos de actuación das mulleres. Neste sentido pódese entende-la presenza,

Algunhas mulleres, como a dirixente sindical anarquista Teresa Claramunt, denunciaron a opresión específica das traballadoras como “la esclava del esclavo” e reivindicaron a dignificación do traballo feminino e a súa valorización social



Como mecanismo de control social a través da violencia simbólica, o discurso da domesticidade actuou como artificio constrictivo eficaz en limita-lo ámbito de actuación da muller á esfera privada. Calquera transgresión desta norma significaba a ruptura das pautas de conducta socialmente aceptadas

ausencia ou pautas diferenciais no comportamento das mulleres no obreirismo e o sindicalismo. É certo que algunhas interpretacións teñen atribuído a escasa presenza das mulleres nos ámbitos obreiros organizados en España ó seu suposto conservadorismo político. As implicacións da transgresión do código de comportamento de xénero que podía supor a presenza feminina nos espazos organizados do sindicalismo e do obreirismo nas organizacións sindicais e obreiras dánnos outra clave interpretativa para formula-la hipótese de que os espazos organizados do obreirismo como os sindicatos, os partidos políticos ou grupos de afinidade eran ámbitos pouco accesibles e mesmo hostís ás mulleres. Na medida en que adquiriron unha identidade propia como mulleres, algunhas acabaron organizándose en espazos definidos por elas, tal como foi a iniciativa de creación dunha federación autónoma de mulleres traballadoras en 1891 no anarquismo catalán ou as múltiples iniciativas de organización feminina durante a Guerra Civil²⁸.

Como mecanismo de control social a través da violencia simbólica, o discurso da domesticidade actuou como artificio constrictivo eficaz en limita-lo ámbito de actuación da muller á esfera privada. Calquera transgresión desta norma significaba a ruptura das pautas de conducta socialmente aceptadas e, polo tanto, a descualificación social da muller en cuestión. Existían trabas fronte á actuación feminina no eido sindical e este rexeitamento social da súa presenza na política, o traballo extradoméstico, a cultura ou as actividades sociais dificultou enormemente a integración das mulleres no movemento obreiro e nas súas pautas de conflictividade. Queda claro que a realidade histórica e a traxectoria vital das traballadoras foi alén das limitacións propostas no discurso de xénero do século pasado. Na súa actuación traspasaron as fronteiras do público e do privado, aínda que a súa proxección sociolaboral quedou indubida-

blemente moi marcada por mor das restricións impostas pola configuración dos papeis de xénero do momento.

A invasión do espacio prohibido do ámbito público que realizaron as mulleres en accións colectivas de protesta social sempre foi percibido como unha transgresión das normas de conducta de xénero que limitaban a presenza das mulleres ó fogar. Durante a primeira metade do século XIX as mulleres que contraviñan as normas e invadían o espacio público convertíanse en “hienas” ou “mulleres públicas”, cunha connotación significativamente diferente do respectable cidadán, o home público²⁹. A xeito de exemplo, unha disposición dirixida ás mulleres que participaron nos disturbios do verán de 1835 en Barcelona cualificábas de “mujeres públicas”, é dicir, de prostitutas, e foron penalizadas en función das disposicións verbo da prostitución:

Las mugeres que sigan el tumulto sobre contravenir los bandos, demuestran alma poco delicada y ser de procedencia poco decorosa, por tanto se reputarán como mugieres públicas, y se les aplicará la pena que las leyes tienen establecidas [...] ³⁰.

Co desenvolvemento do sindicalismo español e do movemento obreiro durante a segunda metade do século XIX, abríronse certos espazos de actuación ás mulleres, pero nunca se integraron en igualdade de condicións cos traballadores. O seu cometido sindical e obreiro entendeu-se desde outros parámetros. A xeito de exemplo, xa centrado no século XX, o volume colectivo *Women and Socialism, Socialism and Women. Europe Between the Two World Wars*³¹ expón que as implicacións das definicións de masculinidade/feminidade son cruciais para entende-los procesos de inclusión ou exclusión das mulleres do movemento obreiro. Os condicionantes do discurso de xénero representan un factor explicativo da



reducida incidencia das mulleres tanto no sindicalismo socialista coma nos partidos socialistas en Europa. No caso de España tamén se pode argumentar que as organizacións socialistas representaron un escenario masculino, con escasa vontade de integrarlas mulleres.

Desde a súa fundación, o PSOE seguira un programa enfocado cara ás cuestións laborais no cal a penas se prestaba atención a temas de xénero. Ata 1910, o partido era esencialmente masculino. Daquela as mulleres membros da Agrupación Socialista de Madrid, unha das máis importantes do país, só representaban o 1,2 por cento do total da afiliación. Contra 1914 só un centenar de mulleres, dedicadas a ocupacións tradicionais, se encontraban entre os 37.000 afiliados da Casa del Pueblo de Madrid³². O nivel de afiliación feminina do sindicato socialista, a UGT, tamén era ben baixo. Incluso no momento de máxima afiliación nos anos trinta, cando chegou a ter máis dun millóns de afiliados, as mulleres representaban aínda unha pequena minoría, arredor do 4 por cento en 1932³³. A maioría dos homes socialistas entenderon o papel das mulleres no obreirismo como algo periférico e complementario.

Como hipótese de traballo, pódese argumentar que a influencia da identidade de xénero, ó incidir na feminidade desde a figura da muller nai e esposa e ó delimitala ó espazo doméstico, dificultou a aceptación do perfil da muller como axente social do

obreirismo. Na medida en que as mulleres se integraron no espazo de actuación sindical e político, a súa presenza foi definida en termos de xénero e foi canalizada cara a ámbitos sociais de benestar, educación, socialización e transmisión da cultura obreira. Ademais, se se ten en conta que as mulleres socialistas que expresaron voces disidentes sobre a visión predominante da domesticidade representaban unha pequena minoría³⁴, pódese entende-lo mundo do traballo como mundo condicionado polas pautas culturais de xénero, que nin sequera se chegaron a romper durante a etapa revolucionaria da Guerra Civil³⁵.

NOTAS

* Este texto foi lido no I Coloquio de Historia Social "Cultura social y Cultura política en el mundo de los trabajadores", celebrado en Benicàssim, os días 1 ó 3 de outubro de 1998.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- 1 J. S. Amelang, M. Nash (1990), *Historia y género: Las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea*, Valencia; G. Bock, "La historia de las mujeres y la historia del género: aspectos de un debate internacional", *Historia Social*, 9, inverno 1991; K. Offen, R. Roach Pierson, J. Rendall (1991), *Writing Women's History. International Perspectives*, Londres; A. Farge *et al.*, "La historia de las mujeres. Cultura y poder de las mujeres: ensayo historiográfico", *Historia Social*, 9, inverno 1991. Tamén o debate en torno a este artigo en *Journal of Women's History*, vol. 1, 1, primavera 1989.
- 2 Bennet, "Feminism and History", *Gender and History*, vol. 1, núm. 3, 1989, e "Women's History: a Study in Change and Continuity", *Women's History Review*, vol. 2, 2, 1993. Tamén B. Hill, "Women's History: a Study in Change and Continuity or standing still?", *Women's History Review*, vol. 2, 1, 1993.
- 3 Pilar Pérez-Fuentes Hernández, "El trabajo de las mujeres en la España de los siglos XIX y XX: consideraciones metodológicas", *Arenal. Revista de Historia de las Mujeres*, vol. 2, 12, xullo-deseembro 1995. Tamén: E. Camps Cura, "Capital comercial i treball industrial: les estratègies familiars durant la trasió al sistema fabril", J. M. Benaül, J. Calvet, E. Deu (eds.) (1994), *Indústria i ciutat. Sabadell 1800-1980*, Barcelona.

Desde a súa fundación, o PSOE seguira un programa enfocado cara ás cuestións laborais no cal a penas se prestaba atención a temas de xénero. Ata 1910, o partido era esencialmente masculino

- ⁴ Ve-los dosieres: "Formación de la clase obrera" e "Historia, lenguaje, percepción", en *Historia social*, 12, inverno 1992 e 17, outono 1993 respectivamente.
- ⁵ Mary Nash e Susana Tavera (1994), *Experiencias desiguales. Los movimientos sociales en el siglo XIX y primeras décadas del siglo XX*, Madrid.
- ⁶ Dolors Comas D'Argemir (1995), *Trabajo, género cultural. La construcción de desigualdades entre hombre y mujeres*, Barcelona; Kathleen Canning, "El género y la política de formación de clase social", Arenal. *Revista de Historia de las Mujeres*, vol. 2, 12, xullo-dese mbro 1995.
- ⁷ E. P. Thompson (1976), *La formación histórica de la clase obrera. Inglaterra, 1780-1832*, Barcelona. Tamén o número monográfico dedicado a Thompson en *Historia Social*, 18, inverno 1994.
- ⁸ Alberto Melucci, "The Symbolic Challenge of Contemporary Movements", *Social Research*, 52, 1985, e *Nomads of the Present: Social Movements and Individual Needs in Contemporary Society*, Philadelphia, 1989.
- ⁹ V. Enders, P. Radcliff (eds.), *Contested Identities. Women in Contemporary Spanish Society*, Forthcoming, Nova York; P. Folguera (ed.) (1988), *El feminismo en España: dos siglos de historia*, Madrid; Mary Nash, "Experiencia y aprendizaje: la formación histórica de los feminismos en España", *Historia Social*, N1, 20, 1994; Geraldine Scanlon (1986), *La polémica feminista en la España Contemporánea, (1868-1974)*, Madrid.
- ¹⁰ Gareth Stetman Jones (1993), "El proceso de la configuración histórica de la clase obrera y su conciencia histórica", *Historia Social*, 17, outono.
- ¹¹ F. Anthias, N. Yuval-Davis (1992), *Racialized Boundaries. Race, Nation, Gender and Class and the anti-racist struggle*, Londres; Robert N. Proctor (1988), *Racial Hygiene. Medicine under the Nazis*, Londres; Vron Ware (1992), *Beyond the Pale. White Women, Racism and History*, Londres; Michel Wieviorka (1992), *El espacio del racismo*, Barcelona.
- ¹² Mary Nash, "Maternidad, maternología e reforma eugénica en España", en Georges Duby e Michelle Perrot, *Historia de las mujeres en Occidente*, Madrid, 1993, vol. 5, e "Identidades, representación cultural y discurso de género en la España Contemporánea"; Pedro Chalmeta, Fernando Checa Cremades, et al. (1995) *Cultura y culturas en la Historia*, Salamanca.
- ¹³ Mary Nash, "Identidad cultural de género, discurso de la domesticidad y la definición del trabajo de las mujeres en la España del siglo XIX", en Perrot Duby, *Historia de las mujeres*, vol. 4.
- ¹⁴ Instancia de Mariano Llorens, Juan Burses e Agustín Codorniu dirixida á Junta Revolucionaria de Igualada, 16 de outubro de 1868.
- ¹⁵ Mary Nash, "Trellall, conflictivitat social i estratègies de resistència: la dona obrera a la Catalunya contemporània", en Mary Nash (ed.) (1988), *Més enllà del silenci. Les dones a la historia de Catalunya*, Barcelona.
- ¹⁶ G., "El déficit del trabajador", *Acracia. Revista Sociológica*, xaneiro de 1887.
- ¹⁷ Artigos publicados no *Diario de Barcelona*, 4 de agosto de 1854 e *El Constitucional*, 13 de agosto de 1854, reproducidos en Josep Bener, Casimir Martí, *Barcelona a mitjan segle XIX. El moviment obrer durant el Bienni Progressista (1854-1856)*, vol 1, pág. 411, vol. 11 páxs. 365-366 respectivamente, Barcelona, 1976.
- ¹⁸ G., "El déficit del trabajador".
- ¹⁹ Convenio outorgado entre a Comisión de Fabricantes nomeada para tal efecto e a de traballadores. Igualada, 24 de outubro de 1868.
- ²⁰ Alejandro San Martín, "Trabajo de las mujeres", Comisión de Reformas Sociales. Información oral e escrita, practicada en virtude do Real Decreto do 5 de dese mbro de 1883 en Madrid. Reproducido en Mary Nash (1983), *Mujer, familia y trabajo en España. 1875-1936*, Barcelona.
- ²¹ Albert Balcells (1982), *Trabajo industrial y organización obrera en la Cataluña Contemporánea (1900-1930)*, Madrid; Silvia Puertas i Novau (1994), *Artesanes i obreres: treballadores de l'agulla a la Barcelona contemporània*, Alguaire.
- ²² *La Xinxà. Història d'una obrera. Novel·la Social*, Imprenta Fontanella, s. a., Barcelona; "L'Esclau del segle XIX", *Acracia. Revista Sociológica*, 5 (suplemento maio 1886).
- ²³ Manuel G. Alcorlo (1913), *La mujer y la fábrica*, Cáceres, páxs. 10-13; Práxedes Zancada (1904), *El trabajo de la mujer y el niño*, Madrid, pág. 81.
- ²⁴ "L'Esclau del segle XIX", *Acracia. Revista Sociológica*, 5 (suplemento maio 1886).
- ²⁵ Pilar Pérez-Fuentes Hernández (1993), *Vivir y morir en las minas*, Bilbao; Álvaro Soto Carmona (1984), "Cuantificación de la mano de obra femenina (1860-1930)", en *La Mujer en la Historia de España*, Madrid.
- ²⁶ Mary Nash, "Trellall, conflictivitat social i estratègies de resistència".
- ²⁷ Roger Chartier, "De la historia social de la cultura a la historia cultural de lo social", *Historia Social*, 17, outono 1993.
- ²⁸ Mary Nash (1996), *Defying Male Civilization. Women in the Spanish Civil War*, Denver.
- ²⁹ Paloma Villota, "Los motines de Castilla La Vieja de 1856 y la participación de la mujer. Aproximación a su estudio", en *Nuevas perspectivas sobre la mujer*, Madrid, 1982, e "La mujer castellano-leonesa en los orígenes del movimiento obrero (1855)", en *La mujer en la historia de España*, Madrid, 1984.
- ³⁰ "Bando del Mariscal de Campo, José maria de Pastors, 31 de julio de 1835", *El Diario de Barcelona*, 31-VII-1835.
- ³¹ Helmut Gruber, Pamela Graves (eds.), *Women and Socialism. Socialism and Women. Europe Between the Two Worl Wars*, Plymouth (no prelo).
- ³² Andrés, "La Casa del Pueblo de Madrid", *Acción Socialista* (10 outubro, 1914).
- ³³ María Gloria Núñez Pérez (1989), *Trabajadoras en la Segunda República. Un estudio sobre la actividad económica extradoméstica (1931-1936)*, Madrid.
- ³⁴ Mary Nash, "Ideals of Redemption. Socialism and Women on the left in Spain", Gruber e Graves (eds), *Women and Socialism*.
- ³⁵ Mary Nash, *Defying Male Civilization*.

SOBRE A HISTORIA DO MOVEMENTO OBREIRO EN GALICIA

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

Historia do movemento obreiro? ¿Historia social? ¿Historia do traballo? ¿Historia obreira? Non resulta doado defini-lo obxecto de estudio e os límites que se agachan detrás de todas estas denominacións. Un traballo de referencia clave para entende-los primeiros pasos deste problema foi a publicación en 1894 do libro *A History of Trade Unionism*, asinado por Sidney e Beatrice Webb. Centrarón o seu interese na historia das asociacións de traballadores como organizacións, como institucións. Esta óptica institucionalista foi superada xa desde os anos cincuenta do século XX coas achegas, por exemplo, de E. P. Thompson e de E. Hobsbawm, que comezaron a se formular preguntas relacionadas coa cultura e as identidades obreiras, as experiencias laborais, etc.¹. Ademais, esta nova liña de traballo puxo os historiadores en contacto con outras ciencias como a socioloxía e a antropoloxía. Existen, xa que logo, aspectos relacionados coa clase traballadora que superan o marco estritamente organizativo do sindicato (reivindicacións e condicións de traballo no ámbito da empresa, condicións de vida, formas de protección social). A través deles podemos achegarnos á historia social nun sentido amplo.

En España, o problema quizais arrinque co auxe que, hai xa varias décadas, experimentaron os estudos sobre a historia do movemento obreiro, entendidos,

en ocasións, como unha 'historia institucional', a historia do 'obreirismo organizado'. É esta unha expresión extraída dun artigo que actuou como auténtico revulsivo sobre a forma de entende-la cuestión: *Historia del movimiento obrero. ¿Una segunda ruptura?*, asinado por Pérez Ledesma e Álvarez Junco en 1982². Os autores facían naquel traballo unha chamada de atención sobre a necesidade de que os historiadores abrisen novos campos de estudio que superasen ese marco institucional. Nun artigo posterior, Pérez Ledesma explicaba a aparición de novos temas e novas metodoloxías de investigación que se podían organizar a xeito de círculos concéntricos. Nun primeiro nivel situaba o estudio das organizacións obreiras (dirixentes, estruturas, congresos, etc.); a continuación atopamos un segundo círculo no que o historiador analizaba a afiliación, os seus oficios, a súa participación na organización, para pasar, nun terceiro momento, a examinar elementos da vida deses afiliados (moralidade, ambiente familiar, etc.). O círculo número catro abrangía estudos sobre a clase obreira no seu conxunto, as súas formas de vida, tanto no que se refire ós obreiros organizados como ós non organizados. Finalmente, Pérez Ledesma propuña unha aproximación ó resto das clases populares: traballadores en precario, parados, vagabundos, etc.³

O debate historiográfico enriqueceuse co paso dos anos gracias ós escritos, por exemplo, de Julián Casanova e de Carlos Forcadell⁴. Superados xa os límites institucionais destes temas, o panorama complicouse coa inclusión de conceptos como “movementos sociais”, “culturas do traballo”, “a busca dun novo suxeito histórico”, etc. Sen intención de entrar nestes debates, cremos que, hoxe en día, xa non é posible identifica-la historia social coa historia das organizacións obreiras; nin a historia das organizacións obreiras coa súa historia política⁵.

Aínda que en Galicia non houbo ata o de agora unha fonda preocupación teórica por estas controversias, podemos afirmar que existe unha cantidade relativamente importante de investigacións concretas

A situación en Galicia

Aínda que en Galicia non houbo ata o de agora unha fonda preocupación teórica por estas controversias, podemos afirmar que existe unha cantidade relativamente importante de investigacións concretas. Evidentemente, non se pode dicir que estea todo por facer, aínda que a variedade xeográfica, metodolóxica e cronolóxica dos estudos sexa grande e impida dar unha visión de conxunto.

Un breve percorrido polas publicacións sobre esta cuestión debe comezar polos traballos do profesor Gerard Bréy, algúns deles impresos na xa desaparecida revista *Estudios de Historia Social*. Nas páxinas desta publicación tamén viron a luz os artigos de Jesús Giráldez e de Xan Moreno, todos eles centrados nas últimas décadas do século XIX e os primeiros anos do XX. Por outra parte, Dionisio Pereira está traballando dende hai xa anos sobre o movemento obreiro e, baixo a súa coordinación, publicouse en 1992 un traballo sobre o período de entreguerras. En 1994 o mesmo autor editou unha obra verbo da CNT na Galicia da mesma época. Pereira tamén foi, xunto doutros investigadores, autor do libro *O movemento obreiro en Galicia* que contén arti-


OS SUCESOS DE OUTUBRO DE 1.934 EN FERROL



Xavier Blanco Paredes
Ángel Mato Escalona
Víctor López Carbajales

gos sobre distintas cuestións, sempre dentro dos mesmos límites cronolóxicos. Unha das sinaturas que aparece nese volume colectivo é a de González Probados quen, tomando como data tope a Guerra Civil, orientou boa parte das súas investigacións cara ó socialismo galego, tanto na súa vertente política coma na sindical. A investigación sobre o sindicalismo de inspiración socialista é así mesmo obxectivo da Fundación Luis Tilve, institución promotora de obras como as de Emilio Garrido, Ana Romero, etc. Pola súa banda, outros fenómenos do obreirismo, como é o caso do mutualismo no século XIX, por exemplo, foron tratados pola profesora Fernández Casanova, autora xunto de Jesús Palomares dunha monografía sobre a Comisión de Reformas Sociais en Galicia.

Un paso máis no coñecemento destes temas deuse coa publicación dos traballos de José Gómez Alén, que aínda que cinguidos ó estudio das Comisións Obreiras de Galicia, fundamentalmente desde os anos sesenta do noso século, abordan elementos que van alén do estudio do movemento obreiro. É precisamente a recuperación desa memoria un dos obxectivos da Fundación 10 de Marzo, a entidade promotora desta revista.



O panorama poderíase completar con algunhas outras publicacións, memorias de licenciatura e teses, editadas ou non. Sen embargo, cremos que esas incorporacións bibliográficas non varían o que ata este momento é unha realidade en Galicia: na literatura histórica sobre o movemento obreiro hai un claro predominio das monografías orientadas case sempre cara ó estudio das organizacións de traballadores ata a Guerra Civil. Predominan, ademais, os estudos das organizacións obreiras e as investigacións de carácter local.

A falta dunha obra que interprete globalmente o fenómeno do movemento obreiro é, sen dúbida, unha das maiores carencias neste campo, pero non a única pois cremos que tamén cómpre realizar unha escolma documental ou, por exemplo, confeccionar un inventario biográfico de persoas vinculadas ó mundo obreiro.

Tamén somos conscientes de que existe un problema de fontes: o seu carácter fragmentario, as dificultades para acceder a determinado tipo de documentación, etc.⁶ Pero, por outra banda, non é este o único campo de estudio onde se dá este atranco. Por iso, e aínda que nos últimos

tempos saíu á luz unha importante obra sobre o noso obxecto de estudio —o libro de Herminia Pernas, *Las clases trabajadoras en la sociedad compostelana del siglo XIX*, baseado na tese de doutoramento da autora—, sería de agradecer que institucións como as universidades galegas prestasen maior atención a este problema. E que para facelo contasen con outras institucións como a Fundación Luis Tilve ou a Fundación 10 de Marzo que, con maior ou menor éxito, algo poden achegar. O treito que levan xa percorrido non é curto.

Bibliografía sobre a historia do movemento obreiro en Galicia

Presentamos a seguir unha bibliografía sobre o tema que nos ocupa. A selección dos libros non foi doada pois atopamos referencias ó movemento obreiro en obras que non o tratan explicitamente, como os estudos locais. Por esta razón, os lectores poden encontrar nesta relación algunhas ausencias. Por outra banda, optamos por non incluí-la ampla bibliografía sobre o movemento agrarista, un mundo relacionado co movemento obreiro. Esperamos que sexa obxecto de estudio noutro número de *Dez•eme*.

Para rematar, cremos necesario advertir ó lector sobre a división desta bibliografía en catro grandes apartados: estudos sobre o movemento obreiro, traballos de carácter didáctico, obras relacionadas coa imaxe e, finalmente, fontes. *

ESTUDIOS SOBRE O MOVEMENTO OBREIRO

- Alonso Álvarez, Luis (1976), *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen*, Madrid, Akal.
- (1984), “De la manufactura a la industria: la Real Fábrica de Tabacos de La Coruña (1808-1875)”, *Revista de Historia Económica*, 3.

A falta dunha obra que interprete globalmente o fenómeno do movemento obreiro é, sen dúbida, unha das maiores carencias neste campo, pero non a única pois cremos que tamén cómpre realizar unha escolma documental

- (1998), *As tecedeiras do fume. Historia da Fábrica de Tabacos da Coruña*, Vigo, A Nosa Terra.
- (2001), “A tradición republicana das cigarreiras coruñesas”, *El republicanismo coruñés en la historia*, A Coruña, Concello da Coruña, 191-194.
- Beramendi, Xusto G., e X. M. Núñez Seixas, (1996), *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.
- Blanco Gorgoso, A. (1978), *El movimiento obrero en Santiago entre 1914 y 1919*, Universidade de Santiago. Tese de doutoramento inédita.
- Blanco Paredes, Javier, Ángel Mato Escalona, e Víctor López Carbajales, (1999), *Os sucesos de outubro de 1934 en Ferrol*, Ferrol, Asociación Cultural “Quintanilla Martínez”.
- Blanco, Xavier (2000), *Xaime Quintanilla Martínez: Unha pegada inesquecible*, Ferrol, Concello de Ferrol.
- Brey, Gerard (1981), “Los tres primeros de mayo en La Coruña. 1890-1891-1892”, *Estudios de Historia de España. Homenaje a Manuel Tuñón de Lara*, Madrid, Universidad Internacional Menéndez Pelayo, tomo I, 413-428.
- (1982), “El movimiento obrero en La Coruña entre 1881 y 1889”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 98, 345-372.
- (1984), “Construcción naval, obreros y conflictos sociales en El Ferrol a finales del siglo XIX”, *Estudios de Historia Social*, 30, III, 79-136.
- (1986), “Un exemplo de internacionalismo sindical: a Unión Galaico-portuguesa (1901-1904)”, De Juana, Juan, *O movemento obreiro en Galicia, Xornadas de Historia de Galicia de Ourense*, Ourense, Deputación, 223-255.
- (1989), “Aproximación a la sociabilidad popular en las ciudades gallegas (1833-1914)”, *Estudios de Historia Social*, 50-51, III-IV, 223-242.
- (1991), “El movimiento obrero”, *Historia de Galicia*, 47, Vigo, Faro de Vigo.
- (2001), Pablo Iglesias, *los socialistas y el movimiento obrero en Galicia (1890-1910)*, A Coruña, Concello da Coruña.
- Candeira Mosquera, Francisco (1999), *O Condado na II República*, Ponteareas, Egasur.
- Chaves Cuiñas, Antonio Manuel (1998), *Historia da UGT de Vigo. Unha aproximación histórica (1898-1998)*, Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve.
- Corrales Siodor, Francisco R., e Eliseo Fernández Fernández, (1999), *Unha biblioteca obreira: O “Centro Obrero de Cultura y Beneficencia” (Ferrol 1911-1936)*, Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve.
- Dalama Rodríguez, Martín (1995), “Notas para unha introducción á historia obreira de Monforte (1900-1936)”, *Historia Nova III. Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 227-242.

HISTORIA DA UGT DE FERROL E COMARCA (1890-1972)



Manuela Santalla López

- De Juana, Juan (1986), *O movemento obreiro en Galicia, Xornadas de Historia de Galicia de Ourense*, Ourense, Deputación.
- Domínguez Almansa, Andrés, e Isidro Román Lago, (1994), “Obreros en el campo y campesinos en la ciudad. El 1º de Mayo en Vigo (1923-1936)”, *Congreso de Historia Contemporánea*, Barcelona.
- Domínguez Almansa, Andrés (1999), “O primeiro de maio na comarca de Vigo e o asociacionismo labrego no primeiro tercio do século XX: Toma de conciencia e coexistencia ideolóxica”, *Historia Nova III. Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 243-254.
- Domínguez Castro, Luis (1981), *El movimiento obrero en Santiago 1920-1931*, Universidade de Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.
- Durán, José Antonio (1976), “Ricardo Mella: nacimiento y muerte de un anarquista”, *Tiempo de Historia*, 15, febreiro, 32-47.
- Fernández Casanova, Carmen (1994), “La situación del asociacionismo mutualista de trabajadores del Ferrol y Santiago”, Santiago Castillo (ed.), *Solidaridad desde abajo. Trabajadores y Socorros Mutuos en la España Contemporánea*, Centro de Estudios Históricos de UGT, Madrid, 257-283.
- Freire Lestón, Vicenzo (1993), *Lembranzas dun mundo esquecido. Muller, política e sociedade na Galicia contemporánea, 1900-1939*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Garrido Moreira, Emilio (1999), *O sindicalismo socialista en Compostela (1890-1936)*, Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve.
- (2001), *UGT Coruña. O fogar das esperanzas*, Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve. No prelo.
- Giráldez, Jesús (1986), “Organización y conflictividad obrera en Vigo, 1890-1914”, *Estudios*



- de *Historia Social*, 38-39, III-IV, 57-87.
- Gómez Alén, José (1993), "La nueva conflictividad laboral. La experiencia de Galicia", Isidro Sánchez, Manuel Ortiz e David Ruíz (coords.), *España franquista. Causa general y actitudes sociales ante la dictadura*, Universidad de Castilla-La Mancha.
- (1993), "Las Comisiones Obreras de Galicia y la oposición al franquismo (1962-1978)", David Ruíz (dir.), *Historia de Comisiones Obreras (1958-1988)*, Madrid, Siglo XXI.
- (1996), "La organización del trabajo y los conflictos laborales en Galicia 1960-1975", Santiago Castillo (ed.), *El trabajo a través de la Historia. Actas del II Congreso de la Asociación de Historia Social, Córdoba, abril de 1995*, Madrid, Asociación de Historia Social, Centro de Estudios Históricos-UGT, 543-550.
- Gómez Alén, José, e Víctor M. Santidrián Arias, (1996), *O 10 de Marzo: Unha data na Historia*, A Coruña, Fundación 10 de Marzo-Noroeste.
- Gomis Rodríguez, Alfonso (2000), *La insurrección de Ferrol de 1872*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña.
- González Fernández, Xoan Miguel, e Xosé Carlos Villaverde Román, (1999), *Moaña nos anos vermellos: Conflictividade social e política nun concello agrario e mariñeiro (1930-1937)*, Sada, Edicións do Castro.
- González Probados, Manuel (1983), *Movemento obreiro e socialismo. A Coruña 1931-1933*, Sada, Edicións do Castro.
- (1988), "Cultura obreira na Galiza contemporánea", *Luzes de Galiza*, 12, 7-8.
- González Probados, Manuel, e Dionisio Pereira, (1982), "Informe sobor da prensa galega na II República", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 98, Santiago de Compostela, 373-408.
- González Vidal, Francisco (1999), *Paco Balón: Memorias de un comunista ferrolano*, Sada, Edicións do Castro.
- Lombardero Rico, José María (1999), *Sociedade Ribadense (1900-1936)*, Ribadeo, Nigoba.
- Llorca Freire, Guillermo (1986), *Los partidos políticos en Ferrol durante la II República*, Ferrol, Concepción Arenal. Ciencias y Humanidades.
- Martínez García (1995), *A igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975). Análise histórica da crise posconciliar*, Sada, Edicións do Castro.
- Moreno Martínez, Xoan M. (1980), "Federales y proletarios. Los orígenes del movimiento obrero en Galicia (1968-1874)", *Estudios de Historia Social*, 15, IV, 215-228.
- Palomares Ibáñez, J., e M. C. Fernández Casanova, (1984), *La Comisión de Reformas Sociales y la cuestión social en Ferrol (1884-1903)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- Pereira, Dionisio (1984), "A CNT no campo galego. 1931-1936", *I Xornadas Agrarias Galegas*, Madrid, Ministerio de Agricultura.
- (1992) (coord.), *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, Vigo, A Nosa Terra.
- (1994), *A CNT en Galicia 1922-1936*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- (1998), *Sindicalistas e rebeldes. Anacos da historia do movemento obreiro en Galicia*, Vigo, A Nosa Terra.
- Pereira Martínez, Carlos (1998), *Fábrica de Armas de A Coruña. Seis décadas de historia*, A Coruña.
- (1999), "Unha achega á historia da F.A.I. en Galicia: o grupo 'Plantas Nuevas' de Betanzos", *Anuario Brigantino*, 22.
- (1999), *Anxo Senra Fernández*, Noia, Editorial Toxosoutos.
- Pernas Oroza, Herminia (1994), "O asociacionismo obreiro en Santiago de Compostela: unha aproximación ás sociedades benéficas", *Historia nova II. Contribución dos Xoves historiadores de Galicia*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 137-156.
- (2001), *Las clases trabajadoras en la sociedad compostelana del siglo XX*, Nigra Imaxe-Consortio de Santiago.
- Pose Antelo, José Manuel (1997), *La economía y la sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- Pose Romero, Ana (1999), *As mesteiras coruñesas: Loita e asociacionismo na Fábrica de Fósforos (1871-1936)*, Santiago, Fundación Luís Tilve.
- Prada Rodríguez, Xulio (2000), "Asociacionismo agrario e mobilización política na Baixa Limia (1934-1936)", *Lethes. Cadernos Culturais do Limia*, 2, outono.
- Quintana Garrido, Xosé Ramón (1993), "Movemento obreiro, socialismo e historia social

(algunhas reflexións para hoxe)”, *A Trabe de Ouro*, 14, 247-256.

- (1995), “Cultura de masas y cultura popular: consideraciones sociológicas e historiográficas”, *Taller d’História*, 6, segundo semestre, 97-99.

Romero Masía, Ana (1997), *A Fábrica de Tabacos da Palloza. Produción e vida laboral na decana das fábricas coruñesas*, Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve.

- (2001), “As cigarrerías coruñesas: reivindicación, politización e solidariedade na Palloza (1804-1936)”, *El republicanismo coruñés en la historia*, A Coruña, Concello da Coruña, 169-177.

Sánchez Castro, Javier (1994), “La Sociedad de Obreros Amigos y su peso dentro del desarrollo social de la villa de Vegadeo”, Santiago Castillo (ed.), *Solidaridad desde abajo. Trabajadores y socorros mutuos en la España contemporánea*, Madrid, UGT. Centro de Estudios Históricos, 285-305.

Santalla López, Manuela (1994), “Os traballos das mulleres: a proposta de Concepción Arenal (1820-1893)”, *Historia nova II. Contribución dos Xoves historiadores de Galicia*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 119-136.

- (1997), *Historia da UGT de Ferrol e comarca (1890-1972)*, Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve.

Santidrián Arias, Víctor Manuel (1996), “Prensa obrera y relaciones laborales en Galicia durante el franquismo”, *I Jornadas de Historia Económica de las Relaciones Laborales*, Universidad de Sevilla. Sevilla, 14-15 de novembro.

- (1997), “Vigo Obreiro, o primeiro periódico clandestino das CC.OO. de Galicia”, *Vigo Obreiro. O periódico das CC.OO. de Vigo*. Edición facsímile, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

Torres Regueiro, Xesús (1998), “Os inicios do movemento obreiro e agrario en Betanzos (1899-1919)”, *Anuario Brigantino*, 21.

Tuñón de Lara, Manuel (1979), *El movimiento obrero en las nacionalidades. Balance histórico*, Ferrol.

[La] *UGT Compostela. Crónica de una época (1977-1994)* (1994), Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve.

Villaverde García, Elixio (1995), *Heroes e mártires. A Segunda República e a Guerra Civil no Barbanza*, Santiago de Compostela, Tórculo Edicións.

VV. AA. (1990), *O movemento obreiro en Galicia*, Vigo, Xerais.



TRABALLOS DIDÁCTICOS

Alvariño Alejandro, Carme, *Materiais para a Historia da muller o e o traballo*, Santiago de Compostela, Federación do Ensino do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.

Garrido, Ana, e Francisco Magide, (1998), *10 de Marzo. CC.OO. de Galicia. Memoria viva*, Lugo, Fundación 10 de Marzo.

Gómez Alén, José (1992), *A Empresa Nacional Bazán 1947-1972. Condicións de traballo e conflictividade laboral (Unha aproximación histórica)*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

Santalla López, Manuela, (1996), *Ferrol: los sucesos de marzo de 1972*, Santiago de Compostela, Fundación Luis Tilve.

Santidrián Arias, Víctor Manuel (1995), *10 de marzo. Unidade Didáctica de Historia Social*, Vigo, Xerais.

- (1998), “La Historia Social en la escuela: los Archivos Sindicales”, *Conciencia Social*, 2, 179-182.

VV. AA. (1999), *Escolma dos Premios Escolares*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

IMAXES

Abad, Xosé (1995), *Ferrol Crise industrial*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

España século XX: Escenas do traballo (1999), Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

Pereira, Dionisio (1999), *Imaxes da fatiga. Crónica gráfica do traballo na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra.

Pablo Iglesias (1850-1925) (2000) Catálogo de la



exposición. Kiosko Alfonso. Concello da Coruña.

O sal da terra (1999), Santiago de Compostela, Ibsa.

10 de Marzo de 1972, (1995) Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

O Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) recuperou tres películas relacionadas co mundo do traballo: *Tintorería España*, datada en 1927; *Talleres Alonartí. La Artística*, de 1928 e, xa da década dos cincuenta, unha reportaxe sobre *Los laboratorios Zeltia* nas súas factorías de Porriño.

FONTES

[A] *forza da palabra. Lembranzas da loita sindical viguesa* (1999), Vigo, Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo.

García López, Gloria (ed.) (1998), *Le, difunde e comenta. Prensa clandestina das CC.OO. da Coruña*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

Gómez Alén, José, e Víctor M. Santidrián Arias, (1996), *A historia de Comisións Obreiras de Galicia nos seus documentos*, Sada, Edicións do Castro.

Guía do Arquivo Histórico do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (1996), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Llorca Freire, Guillermo (1999), *10 de Marzo. Órgano de las Comisiones Obreras de El Ferrol*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

Prensa clandestina no franquismo (1998), A Coruña, Fundación 10 de Marzo.

Santidrián Arias, Víctor Manuel (1996), “Fontes e arquivos para a Historia Social de Galicia: o Arquivo Histórico de Comisións Obreiras de Galicia (Fundación 10 de Marzo)”, *Congreso de Xoves Historiadores da Asociación Galega de Historiadores*, Santiago de Compostela.

— (1997), “O Arquivo Histórico do Sindicato CC.OO. de Galicia”, *I Congreso Galego de Xeografía, Historia e Ciencias Sociais, Santiago de Compostela, 25 e 27 de setembro*.

Vigo Obreiro. O periódico das CCOO de Vigo. Edición facsímile (1997), Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo-U. C. de CC.OO. de Vigo.

NOTAS

¹ Eric Hobsbawm (1979), *Trabajadores*, Barcelona, Crítica, Eric Hobsbawm (1987), *El mundo de trabajo*, Barcelona, Crítica; E. P. Thompson (1989), *El nacimiento de la clase obrera en Inglaterra*, Barcelona, Crítica; E. P. Thompson, *Costumbres en común*, Barcelona, Crítica.

² José Álvarez Junco e Manuel Pérez Ledesma (1982), “Historia del movimiento obrero. ¿Una segunda ruptura?”, *Revista de Occidente*, 12.

³ Manuel Pérez Ledesma (1988-1989), “Historia del movimiento obrero. Viejas fuentes, nueva metodología”, *Studia Historica*, 6-7, 7-15.

⁴ Julián Casanova (1991), *La historia social y los historiadores*, Crítica, Barcelona; Carlos Forcadell (1992), “Sobre desiertos y secanos: Los movimientos sociales en la historiografía española”, *Historia Contemporánea*, 7, 101-116.

⁵ Un percorrido historiográfico por este debate pódese atopar en Pere Gabriel, “A vueltas y revueltas con la historia social obrera en España. Historia obrera, historia popular e historia contemporánea”, *Historia Social*, 22, 1995, 43-53; Ángeles Barrio Alonso (2000), “Historia obrera en los noventa: tradición y modernidad”, *Historia social*, 37, 143-160.

⁶ Por iso é tan importante o labor de recuperación documental que están a desenvolver as fundacións ligadas ó mundo sindical. Por certo, ¿para cando un arquivo do sindicalismo nacionalista?



VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS
 PROFESOR DE SECUNDARIA
 vsantidrian@edu.xunta.es

LABREGOS E OBREIROS NA COMARCA DE MONTERREI

XERARDO DASAIRAS VALSA

Dos precedentes societarios na comarca de Monterrei aparecen referencias en 1907 coa fundación en Vilaza (Monterrei) dun chamado Sindicato y Caja Agrícola Católica de carácter mutualista e previsor que tivo escasa implantación e curta duración. Nunha zona como esta onde predominaba o elemento agrario, era lóxico que fosen as Sociedades Agrarias (xorden en Ourense arredor de 1905) as que tentasen espallar primeiro a loita antiforal e anticaciquil e a súa oposición ós abusivos pagamentos dos consumos e outros impostos considerados onerosos para a precaria economía dos labregos. Entre as súas reivindicacións figuraban a mellora das vías de comunicación, o aproveitamento agrario e vitivinícola, a creación de bancos agrícolas e industrias pecuarias, ademais de teren como obxectivo político a consecución de concelleiros e deputados agrarios. Sen embargo, estas reivindicacións e loitas non habían ter a penas eco nunha comarca de Monterrei excesivamente caciqueada e controlada desde vello polo deputado cuneiro Luis Espada e os seus numerosos e fieis adláteres na zona. Boa proba disto é que nin sequera o líder agrarista Basilio Álvarez conseguiría apoios para a súa Acción Gallega (1911) nin faría

unha soa visita a esta comarca en moito tempo.

No que respecta ó sindicalismo obreiro, este debe circunscribirse ata 1930 unicamente á vila de Verín, onde predominaban os empregados de comercio, os oficiais dos artesáns, os canteiros, os albaneis, os carpinteiros, os traballadores das panaderías e serradoiros e un escaso número de peóns que traballaban nas minas da contorna. O primeiro signo de vida deste movemento veu dado pola aparición en maio de 1910 dunhas axitadoras follas voadeiras, cualificadas de anarquistas, nas que os poderosos da vila viron un ataque á relixión, á familia, ó Estado, á propiedade e ó patriotismo. Tras delas estaba un empregado do comercio local e, sen dúbida ningunha, o espírito republicano que se transmitía desde Portugal nestas datas.

A constitución neste mesmo ano dun Centro Obrero y de Artesanos tamén había contribuír a aglutina-los elementos traballadores da vila, e dous anos despois (1912) a colonia verinense en Bos Aires enviaría 141,50 pesetas dunha subscripción a favor da clase obreira de Verín. Neste mesmo ano,





unha nomeada Comisión Obreira xa organiza un mitin ó que asiste o deputado republicano-socialista Rodrigo Soriano e durante o cal se ataca o caciquismo, o alcalde e os deputados cuneiros Espada e Bugallal. Despois do mitin ficaban organizados na vila novos comités obreiros e nacia xa con certa entidade a Agrupación da Dependencia Mercantil que englobaba a maior parte dos dependentes dos numerosos comercios de toda clase existentes en Verín. Ó ano seguinte, esta organización vía ratificada a súa importancia ó recibir do Comité de Organizacións Obreiras na Arxentina un manifesto dirixido ós traballadores para que non se deixasen engaiolar polos axentes da emigración, ó tempo que advertían da forte crise de emprego e das condicións de vida infrahumanas que sufrían alén mar. Tamén desde Vigo son convidados a un encontro sindical no que se debate sobre o tema do descanso dominical.

O primeiro conflito laboral vai xurdir na comarca en marzo de 1914, da man dos traballadores das minas de Vilar de Cervos que denuncian as malas condicións de traballo, os baixos salarios e o maltrato que sufrían do encargado das explotacións. Cominado pola

Garda Civil, os traballadores abandonarían o seu encerro nos *tajos* e despois de oito días de negociacións retornarían ó traballo ó conseguiren algunhas das melloras reclamadas.

Despois do 1º de Maio deste ano fúndase en Verín a Sociedad de Oficios y Profesiones Varias, que acollía basicamente os dependentes de comercio, oficiais de profesións gremiais (carpinteiros, pedreiros, zapateiros, latoeiros...) e obreiros. Pouco sabemos sobre a filiación desta sociedade, agás que nunha reunión celebrada no seu local no mes de setembro interveñen Heriberto Pérez (libertario) e Bricio Serantes (socialista) da Federación Provincial de Ourense. O anuncio de que o líder socialista Pablo Iglesias posiblemente realizaría unha visita de tres días a Verín amósanos ben ás claras cá era a tendencia maioritaria dentro deste colectivo, no que tamén militaban elementos cenetistas.

Nestas mesmas datas, se non antes, xorde tamén unha Sociedade Agraria conformada por algúns elementos afíns ó socialismo mais con escasa actividade pública.

Dous anos despois (1916) e aguilloados polos desmandos caciquís do alcalde verinés, o espadista Vicente Sola (alcumado *O Gachupín*) e os seus afíns noutros concellos, fúndanse sociedades agrarias en Castrelo do Val, Laza e Riós, e refúndase tamén a de Verín. Os abusos nas reparticións de consumos, os excesivos impostos e os continuos mangoneos electorais de Sola no concello verinés e noutros da bisbarra crearon unha situación insostible que os espadistas pretendían perpetuar ó tempo que facían todo o posible por aborta-la nacencia destes movementos agrarios.

O Primeiro de Maio deste ano, as sociedades obreiras e agrarias de Verín convocan unha manifestación conxunta autorizada e celebran mitins para reclamar, entre outros asuntos, a xornada laboral de oito horas, o fomento das obras públicas, a creación dunha

O primeiro signo de vida deste movemento veu dado pola aparición en maio de 1910 dunhas axitadoras follas voadeiras, cualificadas de anarquistas, nas que os poderosos da vila viron un ataque á relixión, á familia, ó Estado, á propiedade e ó patriotismo. Tras delas estaba un empregado do comercio local e o espírito republicano que se transmitía desde Portugal nestas datas

O triunfo da Revolución Rusa provocou no ano 1917 unha forte axitación campesiña en toda Galicia que había ser contrarrestada polos caciques con ameazas e asasinatos de grave factura

granxa agrícola, o abaratamento das subsistencias, a inclusión dos dependentes e labregos na Lei de accidentes de traballo, numerosas melloras en urbanismo e limpeza ou combate-la fraude no peso da carne. Tamén reclaman neste día o cesamento da guerra de Marrocos, a amnistía para delitos políticos e sociais, e protestan pola intervención armada contra os obreiros de Valencia e pola actitude do alcalde Sola de non celebrar sesións tódalas semanas, como estaba prescrito. En Laza, e con presenza socialista e mais do alcalde de Monterrei, tamén se celebra un mitin para denuncia-lo caciquismo imperante e a carencia de escolas, á vez que se solidarizan cos movementos obreiros verinenses e censuran a cativeza dos orzamentos municipais de diversos concellos da zona. O asasinato, en setembro, de dous agrarios de Riós a mans do secretario do concello e do seu fillo provocou na comarca unha forte reacción anticaciquil; tódalas sociedades agrarias existentes pediron que se exercese rápida xustiza.

O triunfo da Revolución Rusa provocou no ano 1917 unha forte axitación campesiña en toda Galicia que había ser contrarrestada polos caciques con ameazas e asasinatos de grave factura. En Verín, Laza e Castrelo foron a máis as protestas e producíronse graves disturbios por mor das cotas impostas na repartición dos consumos que gravaban sobre todo os militantes agraristas. Foi este ano de eleccións, e tanto os agrarios como o Comité Republicano de Verín denunciaban as artimañas caciquís e as manipulacións do censo e mais das candidaturas. Basilio Álvarez tamén se presenta na zona para realizar campaña pero atopa unha forte contestación e boicots dos caciques e alcaldes espadistas, sobre todo na Gudiña e na Mezquita, a onde acudiu acompañado de L. Antón del Olmet e de Heriberto Pérez que nesa altura militaba nas fileiras do socialismo. Curiosamente, nesta última vila contaría co apoio do boticario Fermín Fernández, republicano e por máis sinais pai de Augusto Assía. A finais deste

ano tería lugar en Ourense o xuízo contra o secretario do Concello de Riós e o seu fillo pola morte dos agrarios (un deles presidente da sociedade agraria local). O defensor era o avogado Eduardo Barriobero que, se ben de ideoloxía anarquista, fora elixido deputado en Cortes por Ourense na candidatura radical-agraria o mesmo que Basilio Álvarez. A pesar do falso testemuño do capitán de carabineiros de Verín, Pedro Avilés, Barriobero conseguiu unha condena para os asasinados, o que foi considerado como un grande éxito na loita contra o caciquismo.

Meses despois, o capitán de carabineiros verinés, ferido no seu honor, agredía o señor Barriobero en Madrid. Entre tanto, na zona de Riós seguirían os conflitos, e esta vez tocoulles a dous militantes agraristas que foron atacados por tres axentes do caciquismo. Estes foron internados no cárcere verinés onde era gardián un sobriño do alcalde Sola que lles comunicaba que axiña serían ceibados pois o seu tío xa tiña todo disposto para tal fin. Nas eleccións municipais deste ano (1918), Sola perde a alcaldía que pasa a mans dos chamados rexeneracionistas. As protestas agraristas recrúan contra o Reparto de Consumos e co apoio de membros da corporación verinense celebrarían unha manifestación para solicitar do Comisionado a revisión deste imposto, reclamación esta que fan chegar tamén ó presidente Maura, ó ministro e ó gobernador civil. En agosto cae asasinado Sola, e dous agrarios do concello de Castrelo, de onde era natural o exalcalde, son acusados. O xuízo tería lugar catro anos despois en Verín (1922) e a defensa sería exercida novamente por Barriobero. Cun tribunal ó estilo americano (xuíz, dous maxistrados, un fiscal e catorce xurados), un dos acusados foi declarado inocente e o outro culpable (condenado a un ano, oito meses e un día) pero como xa levaba no cárcere corenta e catro meses foi posto tamén en liberdade. A vista non estivo exenta de recusacións e de anécdotas diversas, entre elas a resposta dunha das testemu-

ñas que ante a pregunta de se Sola era tan malo por qué houbera tanta xente no seu enterro, afirmou que “uns viñeran á forza ou por medo, outros por curiosidade e os demais para se asegurar de que o cacique estaba morto de verdade”.

Nun clima político xa máis favorable xurdiu unha nova sociedade de agricultores en Albarellos (Monterrei) que se viña sumar ás xa existentes en tódolos concellos da comarca. Finalmente aprobouse a xornada de oito horas e incluso os canteiros se atreveron a propoñer en 1919 unha folga en demanda de aumento salarial, a pesar da forte oposición e ameazas dos mestres de obras. Sen embargo, os dependentes de comercio seguirían en Verín coas súas reivindicacións horarias pois os patróns nin sequera facían caso da Lei Mercantil (previa entre 25 e 250 pesetas de multa por esta infracción) pois os seus gaños eran maiores. A Agrupación de Dependencia Mercantil provocou en 1920 un conflito no que mesmo serían apoiados por un xornal de Madrid que cualificaba a patronal verinesa de ‘cerril’. Como esta ameazase os folguistas con despedimentos masivos, os empregados advírtenlles “que se logo toman a xustiza pola súa man acusarannos de terroristas ou anarquizantes cando o patrón é o único culpable por non cumprir coa Lei”. Este conflito prolongouse aínda durante moitos meses pois a chegada ós concellos de novos alcaldes espadistas faría volve-la situación a tempos pretéritos.

Con esta situación política rexurdiría o 25 de xullo o Sindicalismo Católico-Agrario, constituíndose organizacións deste tipo en tódolos concellos e mesmo nalgunhas parroquias. Esta nova implantación do agrarismo católico tivo unha curta traxectoria pois na altura do ano 1923 xa non funcionaba ningún, agás o de Vilaza que perduraría ata 1930. A desaparición da escena política de Luis Espada, o seu valedor, e a chegada da dictadura primoriveriana terían moito que ver co finamento desta caste de sindicalismo

que traballaba, segundo eles, “en beneficio da orde moral e económica e da rexeneración social do campo”.

O sindicalismo destes anos vai ser máis reivindicativo: prodúcense folgas de obreiros panadeiros en demanda de aumento de soldo (conseguirían un trinta por cento máis) e de braceiros coa mesma reivindicación. Ó cadrar esta última folga de brazos caídos coa época das vendimas, os terratenentes solicitan a presenza da Garda Civil que detería varios labregos acusados de coaccións e disturbios en Verín. A presenza de representantes de varios sindicatos agrarios da comarca no Congreso de Tui e a inclusión doutros na Federación Agraria de Ourense (logo incluídos na Confederación Regional de Agricultores Gallegos), amosa ben ás claras a influencia de Basilio Álvarez. Non ocorría o mesmo cos sindicatos verineses pois a pesar de que Espada incluíu un obreiro e un labrego na corporación municipal (o seu intervencionismo nos sindicatos era notorio), as organizacións verinesas estaban xa moi infiltradas por elementos procedentes do socialismo e da CNT. Como dato para ter en conta apuntámo-la acusación vertida contra o presidente dos agrarios verineses de terse atopado no seu local unhas follas sediciosas e uns carnés comunistas, nome este que con frecuencia se lles aplicaba ós cenetistas. A organización de actos de protesta e mitins polos sucesos de Guillarei, a petición de responsabilidades polos desastres de Annual e Nador, a firme demanda de mellores salarios, o respecto ás liberdades individuais ou a defensa das organizacións obreiras fronte á burguesía e o abuso dos poderes públicos, deixan ben claro por onde ían as cousas nas organizacións obreiras e agrarias verinesas.

A chegada ó poder de Primo de Rivera no ano 1923 vai muda-lo panorama sindical pois a conivencia da UGT co goberno militar facilitaría que esta se fixese co control total das sociedades agraria e obreira verinesas que agora aparecen federadas. Sen embargo,

O sindicalismo destes anos vai ser máis reivindicativo: prodúcense folgas de obreiros panadeiros en demanda de aumento de soldo (conseguirían un trinta por cento máis) e de braceiros coa mesma reivindicación. Ó cadrar esta última folga de brazos caídos coa época das vendimas, os terratenentes solicitan a presenza da Garda Civil

Logo da dimisión de Primo de Rivera en 1930, constituiríase en Vilardevós unha nova Sociedade Agraria que nacía, ó dicir dos seus fundadores, “para combater o forte caciquismo imperante neste concello”

a Sociedad de Oficios y Profesiones Varias, aínda que con presenza socialista, permaneceu á marxe pois contaba tamén con militantes cenetistas. Nos anos seguintes as reivindicacións máis senlleiras van se-las dos horarios dos dependentes do comercio e o tema da destilación de augardente, única preocupación dos agrarios xa que a solución do tema da redención foral xa se vía próxima.

Logo da dimisión de Primo de Rivera en 1930, constituiríase en Vilardevós unha nova Sociedade Agraria que nacía, ó dicir dos seus fundadores, “para combater o forte caciquismo imperante neste concello”. En Verín, a Sociedade de Oficios Varios xa actuaba agora máis próxima ós postulados da UGT (constitúese un Ramo da Construción e Edificación) e nesta data demandan aumento de salarios, diminución de horario laboral, respecto e bo trato dos patróns, cumprimento da Lei de accidentes e tamén doutras leis sociais. No Primeiro de Maio deste ano xa se percibe o clima antimonárquico imperante, e nos discursos pronunciados no Centro Republicano verinés destaca a presenza dos líderes republicanos locais e do escritor Alberto Vilanova. Este fustrigaba a dictadura e aludía a Marx e Jaurés ó tempo que enalzaba as virtudes dos socialistas Indalecio Prieto e Fernando de los Ríos.

A mediados deste ano, dous representantes dos sindicatos obreiro e agrario formaban parte do Comité Federal Republicano recentemente constituído en Verín e que igual ca noutras partes anticipaba a chegada dunha nova orde política e o final da monarquía.

Coa chegada da II República vai reavivar con forza un amplo movemento sindical que xa se viña xerando desde o comezo das obras no trazado do ferrocarril. O anuncio da paralización destas obras por parte do Goberno primeiro, e a contratación de man de obra portuguesa despois, serían os detonantes que provocarían os primeiros conflitos nas obras do camiño de ferro en Galicia. En Verín, as

organizacións obreiras e agrarias tamén van mudar agora o seu carácter escasamente reivindicativo por unha actitude máis combativa, froito da súa politización e do novo clima de liberdades e democracia que trouxera a República. A sociedade agraria verinense controlada polos radicais lerrouxistas vai sufrir a dimisión do seu presidente ó se decantar pola acción conxunta coa Sociedad de Oficios y Profesiones Varias que actuaba na órbita da UGT. A Agrupación da Dependencia Mercantil, moi infiltrada nos últimos anos por membros da Unión Patriótica (UP), partido único na época da dictadura, vai contar tamén agora na directiva con membros próximos ó socialismo ou, por mellor dicir, ó Partido Republicano Radical Socialista (PRRS) que ocuparía a alcaldía verinense ata as eleccións de 1936.

Ó pouco da proclamación da República producíase a primeira gran folga no trazado ferroviario, que mobilizaría máis de mil traballadores en demanda de melloras salariais, de horarios e de condicións de traballo; posteriormente sucedéronse novos paros e folgas en distintos puntos das obras onde se concentraban traballadores. Estes conflitos traerían unha maior afiliación sindical e a creación de novas organizacións como o Sindicato de Oficios Varios de Portocamba (Castrelo do Val) ou o Centro Obrero de Oficios Varios y Edificación de Laza, ambos cun cento de afiliados. Os dous sindicatos, igual ca outros, nacían baixo instancias da UGT mais, co paso do tempo e o recrutamento dos conflitos, o primeiro pasaría a ser tutelado pola CNT sendo que o de Laza se mantería fiel á UGT ata o final do período republicano.

O Sindicato de Oficios Varios de Verín, nado xa en anos anteriores, mantense baixo o signo da UGT. En novembro de 1931 e despois dun mitin cenetista celebrado en outubro no que participaran os líderes galegos da CRG (Confederación Regional Galaica), José Moreno, José Villaverde e Juan López,



constitúese o Sindicato de Oficios y Profesiones Varias de Verín, que nuns meses pasaría a denominarse Sindicato Único de Traballadores, xa afin á CNT. Durante o acto vertéronse duras críticas contra o caciquismo e os seus representantes, contra a relixión e contra o Estado, e Verín recibiu a cualificación de “povo de agricultores minado polo caciquismo ancestral”. Ó remate, os asistentes deron vivas á CNT, a CRG e a AIT. O secretario do novo sindicato era José Losada e contaba con oitenta e catro afiliados. En 1932 converteríase no Sindicato Único de Traballadores, sumando xa cen afiliados no período 1933-34 e manténdose na mesma liña ideolóxica ata 1936.

O Sindicato del Ramo de la Construcción, que con cincuenta afiliados ingresara na UGT en 1931, disolveuse no Nadal de 1933 para reorganizarse logo baixo o signo da CNT; e o Sindicato de Obreros Agricultores de Verín, con cento vinte afiliados, ingresou na FNTT (UGT-socialista) en abril de 1932 e continuaría ligado a esta ideoloxía ata 1936. Esta organización era afin á liña de Largo Caballero e estaba integrada na Federación Provincial de Agricultores da UGT. A CNT, despois de pasar parte do sindicato agrario de Verín á FNTT, constitúe o Sindicato de Agricultores de Verín tamén en 1932. Con cento cincuenta afiliados vai manterse ata outubro de 1934, ano da súa desaparición por causa

dos efectos represivos derivados da revolución obreira. Despois do mes de maio de 1936, a CNT tentaría constituír unha Federación Comarcal Campesina na que figuraban oito sociedades agrarias afíns a esta ideoloxía: Verín, Berrande, Castrelo de Abaixo, Mourisco, Enxames, Flor de Rei, Soutochao e Vilarello da Cota.

O Sindicato de Agricultores y Profesiones Varias de Albarellos tamén tiña cen afiliados e estivo baixo a tutela da UGT ata 1932 cando pasa á CNT. O de Obreros y Agricultores de Vilaza, con cen afiliados, ingresa na UGT en marzo de 1932, intégrase na FNTT e na Federación Provincial Agraria de Ourense. Un mes antes, o líder socialista Manuel Suárez, concelleiro en Ourense, acudira a Vilaza para lles aclarar ós labregos que eles estaban contra os terratenentes e non contra os pequenos propietarios atafegados polas contribucións e os consumos. Os intentos da UGT (xa no ano 1931) de montar na zona unha Federación Local de Sindicatos non callan pois o avance da CNT, que controlaba o sindicato de Portocamba, o da Construcción de Verín e o de Agricultores de Albarellos, vai frustrar este intento socialista. A infiltración e control socialista dos sindicatos debíase en gran parte ó traballo que desenvolvía a Agrupación Socialista de Verín, que tiña menos éxito no eido político pois en 1931 só contaba cun concelleiro.

O Sindicato de Oficios Varios da Gudiña chegou a cõntar con cerca de cen afiliados (en 1932 tiña cincuenta), estando baixo a UGT e a CNT, ata que en 1934 desaparece para reorganizarse en 1936 como Sindicato Único de Traballadores da CNT. O de Oficios Varios de Campobeceros e o de Agricultores e Oficios Varios de Toro, tamén compartidos pola UGT e a CNT, pasan integramente a esta última organización no ano 1936. En Correchoso funcionaba un Sindicato de Oficios Varios, e outro en Vilar de Barrio, maioritariamente afíns á CNT: o de

Os intentos da UGT (xa no ano 1931) de montar na zona unha Federación Local de Sindicatos non callan pois o avance da CNT, que controlaba o sindicato de Portocamba, o da Construcción de Verín e o de Agricultores de Albarellos, vai frustrar este intento socialista

Oficios Varios da Venta da Teresa controlá-bao a UGT. A peripecia vital destas organizacións foi inestable e moi condicionada polos altibaixos que sufría a obra e, sobre todo, pola inexperiencia e pouca formación dos seus compoñentes.

Nestes anos, a CNT vai despregar no Val unha grande actividade desde o Sindicato Único de Trabaxadores de Verín e desde a Sociedade de Agricultores y Oficios Varios de Albarellos (Monterrei). A divulgación de prensa e revistas cenetistas, o aumento da afiliación, o apoio a folgas como a dos pescadores de Vigo e sobre todo as convocadas polos traballadores do ferrocarril da zona, van se-los eixes sobre os que pivote o traballo sindical dos cenetistas. En marzo de 1932 e durante unha semana, os obreiros do ferrocarril mantéñense en folga ó se confirma-la falta de partidas orzamentarias e, polo tanto, tamén de salarios. Os carrilanos baixan nestas datas a Verín proclamando un paro xeral na vila, cortan a estrada nacional na zona de Sanabria, toman o concello de Vilar de Barrio e asaltan unha polvoreira no campamento obreiro das portelas, no límite con Zamora. Noutros días, os obreiros das zonas de Laza e da Gudiña concentrados en Verín interromperon o mercado semanal, obrigando ó peche do comercio e cortando as comunicacións telefónicas e telegráficas con Ourense. Esta tensa situación mesmo provocaría enfrontamentos políticos e dimisións de concelleiros (na Gudiña toda a corporación), e creouse tamén un clima de inquietudanza pois nunha polvoreira de Laza foran subtraídos numerosos detonadores. A anécdota xocosa dentro deste clima de tensión veu producida pola detención na Gudiña dos xogadores do Betis Balompié, que foran confundidos cun grupo de “agitadores comunistas y sindicalistas”, segundo relato das forzas da orde. Coas promesas do gobernador de que as obras ían continuar, os carrilanos tornarían ós seus postos de traballo e os numerosos carabineiros desprazados á zona volverían para Ourense.

Outros focos de conflictividade nestas datas foron os repartos de consumos en Oímbra, moi contestados polos agrarios, o incumprimento dos horarios laborais dalgúns fornos, as denuncias entre comerciantes por cuestións de competencia comercial ou a protesta dos agrarios verineses pola introdución de máquinas malladoras mecánicas que lles restaban empregos ós braceiros.

Contra finais de ano, tres organizacións agrarias de afinidade socialista (Verín, Vilela e Vilaza) acudían ó congreso da FNTT (UGT), e o partido gobernante en Verín, o PRRS, creaba na comarca un Comité Ejecutivo de la Alianza de los Trabaxadores de España.

No ano 1933, a CNT convoca na provincia de Ourense unha folga contra a Lei de orde pública que tería escaso seguimento, agás en Verín onde esta organización conseguiu que se secundase o paro. Outras folgas de agricultores e de braceiros durante as vendimas obrigarían á intervención das forzas da orde, que se saldaron con varias detencións. Durante o ano seguinte habíase promulgar unha nova Lei de asociacións pola que as ata ese momento Sociedades de Agricultores pasaban a ser cualificadas como sindicatos; nacía o sindicalismo de dereitas da man de Falange Española, que fundaría en agosto a Confederación Obrera Nacional Sindicalista (CONS).

Os prolegómenos da folga revolucionaria de outubro van contar con detencións en Ríós ó se produciren protestas e disturbios por causa do cobramento abusivo das contribucións. O inicio da folga foi o día 5 e estivo apoiada por tódalas forzas de esquerda da comarca en protesta pola entrada da dereita da CEDA no Goberno. O balance desta xornada de protestas saldouse con numerosas detencións de obreiros cenetistas, a confiscación de dinamita e cartuchos e a morte dun carabineiro na zona do ferrocarril entre a Gudiña e a Mezquita.

No ano 1933,
a CNT convoca
na provincia de
Ourense unha
folga contra a
Lei de orde
pública que
tería escaso
seguimento,
agás en Verín
onde esta
organización
conseguiu que
se secundase
o paro

As secuelas da folga revolucionaria van continuar no ano seguinte, e as forzas da orde seguen a incautarse de numerosas partidas de cartuchos e detonadores que botan os seus propietarios, todos labregos, ó cárcere. A finais de ano producíanse fortes disturbios en Baltar pola cobranza dos impostos. A forte represión exercida polas forzas da orde foi recollida pola prensa e equipada ós acontecementos de Oseira e Sobredo. Mesmo Basilio Álvarez, desde o seu escano en Madrid, presentáralle unha interpelación ó Goberno.

O debate interno que se vivía no PSOE desde a folga de outubro vai provocar a comezos de 1936 que a Sociedade de Agricultores de Verín, afin á UGT, se arrime ás teses de Largo Caballero. Por outra banda, a CNT vai incrementa-la súa influencia nos sindicatos agrarios de Riós e Vilardevós, zonas estas onde se producirán diversas reivindicacións e mesmo asaltos a dúas igrexas. En Verín, o Sindicato Unificado de Trabaxadores (CNT) tenta incrementa-la súa afiliación rebaixando as cotas e, por primeira vez, admiten a entrada das mulleres.

O Primeiro de Maio deste ano vai ser de forte axitación en toda a comarca, propiciada pola paralización que desde febreiro sufrían as obras do ferrocarril. Os asasinatos de obreiros a mans de elementos fascistas crisan a situación e prodúcense folgas xerais e peches do comercio. En xuño, numerosos obreiros da comarca de Verín que acudiran a Ourense para solicita-lo reinicio das obras do camiño de ferro, teñen duros enfrontamentos cos fascistas da capital. O día 10 deste mes, dous mil traballadores deciden baixar e tomar Verín. Uns novecentos son detidos ás mesmas portas da vila e convencidos pola Garda Civil de non entraren nesa madrugada pois provocarían gran pánico entre a poboación. Finalmente, os obreiros, convencidos polos argumentos dos axentes, acordan retirarse ós seus lugares de orixe.

Nestas datas son xa moitas as organizacións do trazado do ferrocarril que comezan a utiliza-las siglas de UHP (Uníos Hermanos Proletarios), propiciadas pola presenza de elementos comunistas e unha certa influencia das chamadas Alianzas Obreras organizadas polo PCE. Para demandar mellores condicións materiais e de traballo, o Sindicato Único de Trabaxadores da CNT convocaba o día 20 unha folga en todo o trazado do ferrocarril. En moitos lugares habíanse producir sabotaxes nos transformadores e nos tendidos eléctrico e telegráfico coa corta e derrubamento de postes. Teñen lugar numerosas manifestacións e enfrontamentos coa Garda Civil que mesmo é tiroteada polos folguistas que se teñen que retirar cara ós montes ó ser repelida a agresión con contundencia.

Co levantamento antirrepublicano de Franco en 1936 remata unha etapa de sindicalismo en Verín e a súa comarca que, segundo a valoración do crego franquista Silva Ferreiro, “contaba con militantes comunistas e socialistas pero máis da CNT, aínda que a todos estes os superaban os falanxistas”.

BIBLIOGRAFÍA

Barreiro, X. R.; Máiz, B.; Durán J. A., artigos e recensións publicados na *Gran Enciclopedia Galega*.
 Dasairas Valsa, X. (1999), *Crónicas Rexiomontanas*, Vigo.
 Del Olmet, L. Antón (1918), *Galicia llora*, Madrid.
 Martínez López, A. (1989), *O Cooperativismo Católico no proceso de modernización da agricultura galega 1900-1943*, Pontevedra.
 Pereira, Dionisio (1984), “A CNT no campo galego. 1931-1936”, *I Xornadas Agrarias Galegas*, Madrid, Ministerio de Agricultura.
 — (1994) *A CNT na Galicia*, Santiago de Compostela.
 — *Axitacións obreiras do ferrocarril na bisbarra de Monterrei*, conferencia lida en novembro de 1995 nas Xornadas sobre Sindicalismo en Verín.
 — (1998) *Sindicalistas e Rebeldes*, Vigo, A Nosa Terra.
 González Probados, M., *Crise económica, movemento obreiro e socialismo na Galiza republicana. 1931-36*.
Xornais e revistas:
El Pueblo Gallego
Faro de Vigo
La Región
 Xornais verineses ata 1936 (números soltos)

As secuelas da folga revolucionaria van continuar no ano seguinte, e as forzas da orde seguen a incautar numerosas partidas de cartuchos e detonadores que botan os seus propietarios, todos labregos, ó cárcere. A finais de ano producíanse fortes disturbios en Baltar pola cobranza dos impostos

A mellor arte de Galicia na Rede

www.coleccioncaixanova.com

Un amplo percorrido pola arte e os artistas de Galicia, con extensos comentarios sobre a súa produción artística, biografías, bibliografías e críticas.

- Máis de 1.200 obras
- Visualización rápida con varios niveis de ampliación.
- Numerosas posibilidades de acceso e busca.
- Interactividade máxima.
- Posibilidade de crear páxina de favoritos propia.

Tecnoloxía de vangarda

- Unha web con máis de 20.000 páxinas.
- 7 Xigas de información on-line.
- Tecnoloxía QOD e POD. (Reducción do tempo de descarga e ampliación das obras sen perda algunha da súa calidade).
- Motor de busca.



caixanova
A Caixa galega do século XXI



O MUNDO DO TRABALLO NA ESCOLA

PREMIOS ESCOLARES 10 DE MARZO

ELADIO ANXO FERNÁNDEZ MANSO

Cando chegou ás miñas mans a convocatoria do Premio Escolar 10 de Marzo, pensei que era unha boa oportunidade para que os meus alumnos de 3º de ESO do IES Fontem Albei da Fonsagrada se achegasen de maneira 'voluntaria' ás formas de vida dos seus devanceiros (pais, avós) e, ó mesmo tempo, puidesen optar con dignidade a un premio que aumentase a súa autoestima e o gusto polo traballo ben feito. O obxectivo era aprender-lo pasado e do pasado a través da información recollida directamente das persoas maiores que convivían cos propios alumnos.

Formáronse dous grupos de alumnos que 'elixiron' cadanseu tema, aínda que ambos estaban conectados polo asunto e o xeito de realizalo. Decidiuse que, dentro do marco establecido na convocatoria do premio, os temas fosen os traballos tradicionais na comarca da Fonsagrada e os cambios no mundo laboral ó longo dos últimos cincuenta anos.

Os dous grupos traballaron tomando como base unha enquisa preparada previamente na clase, coordinados polo profesor. Nas seguintes liñas centrareime no proceso de elaboración dos traballos e en facer unha valoración do que estes supuxeron para a aprendizaxe dos alumnos, xa que se poden consultar completos na *Escolma dos Premios Escolares* editada pola Fundación 10 de Marzo.

O traballo titulado "Oficios tradicionais da comarca da Fonsagrada" centrou a



súa atención nos labores artesanais vinculados a unha economía agraria de autoabastecemento. As preguntas formuladas ós artesáns pretendían que se respondese, entre outras cuestións, ás seguintes: aprendizaxe do oficio; rendemento económico; os compradores; a situación actual dos respectivos artesáns; os principais cambios que apreciaron ó longo do desempeño do oficio; as posibilidades deste no futuro e as súas características técnicas. Non houbo unha selección moi rigorosa dos oficios, senón que se potenciou que os alumnos fixesen a súa propia investigación entre os veciños.

A resposta dos alumnos foi moi positiva: implicáronse a fondo na busca de información e ata lles resultou divertido o

Os alumnos apreciaron que as cousas mudaron coa chegada das máquinas, a mellora nas comunicacións e a potenciación do comercio, e que só poden sobrevivir aqueles oficios e artesáns que se adapten á nova demanda


proceso. Como eles mesmos escribiron na presentación: “Resultounos especialmente interesante falar coa xente maior que charlaba connosco, lembrando os seus anos de mocidade, cando as ‘costureiras ían de casa en casa’ ou cando ían ‘coas mulas e as bestas cargadas de sacos de gran para moelo nos muíños de auga’”. Pero non só se enriqueceron comunicándose coas persoas maiores, tamén aprenderon cómo eses cambios que estudiamos na clase baixo o manido e erróneo título da ‘Revolución Indústrial’, se desenvolveron na súa bisbarra nun tempo moito máis recente. Apreciaron que as cousas mudaron coa chegada das máquinas, coas melloras nas comunicacións e coa potenciación do comercio, e que só poden sobrevivir aqueles oficios e artesáns que se adapten á nova demanda propiciada por unha economía de servizos. ¿Para que recorrer a explicacións teóricas difíciles de entender se fenómenos semellantes se están a desenvolver no medio que rodea os alumnos?

Os traballos artesanais ou desaparecen, porque xa non son necesarios, ou se integran nun mercado de consumo de produtos de calidade, ou se converten en pezas de museo. Outro dos obxectivos do traballo foi que os alumnos valorasen a importancia que eses oficios –hoxe marxinais– tiñan ata non hai tanto tempo



na súa comunidade, e que se sensibilizasen do valioso que é conserva-la súa memoria. Os alumnos coñeceron cómo traballaban os artesáns, e a través dese coñecemento recoñeceron o seu mérito, a súa necesidade. Comprenderon que eses oficios forman parte da súa vida, do seu pasado, e que se debe manter vivo o seu recordo. A través dos oficios, descubriron unha parte da historia da súa comarca, a historia de persoas achegadas que buscaban o seu sustento na mesma terra ca eles.

O segundo traballo titulámolo “O traballo a través das xeracións”. Como o propio título indica, pretendemos estudia-los cambios en distintos aspectos do mundo laboral a través de enquisas realizadas a homes e mulleres de diferentes idades. Os alumnos recolleron información de persoas que accederon ó mundo laboral nos últimos cincuenta anos. As preguntas da enquisa dividíronse en tres apartados: 1. primeiro traballo; 2. cambios posteriores e problemas actuais; 3.





escola, a Seguridade Social, os sindicatos...

O traballo permitiu que os alumnos aprendesen a manexar datos estatísticos, elaborando e analizando táboas e gráficos. As informacións que recolleron permitíronlles comprender a evolución de distintos aspectos: a idade de incorporación ó mundo laboral; os sectores de actividade; o horario laboral; as prestacións sociais; o acceso á educación e o lugar de traballo. Ó tempo, relacionaron os datos co período histórico e comprobaron que no franquismo as condicións de vida eran peores e tamén que non había liberdade (como verificaron vendo as respostas á participación en conflitos laborais e pertenza a sindicatos).

Como conclusión, teño que resalta-lo gratificante que foi para min, como profesor, todo o desenvolvemento dos traballos e os seus resultados. Os alumnos aprenderon a investigar e presentar un traballo como se debe facer, traballando; aprenderon a tira-las súas propias conclusións a través da selección e análise dos datos que eles mesmos recolleron; coñeceron mellor as persoas que os rodean e o seu espacio vital, e gozaron facéndoo. Asemade foron cumprindo cos obxectivos curriculares, pero cunha metodoloxía máis enriquecedora, máis válida para aprender. É importante que os alumnos comprobren na súa realidade o que “ven nos libros”, e máis nos aspectos relacionados coas condicións de vida e de traballo. Nestes tempos de “sálvese quen poida” temos que procurar que comprendan que as conquistas sociais non poden perderse, só deben ampliarse. Facendo estes traballos pretendín que os alumnos percibisen que o pasado foi peor pero que o presente non é ideal, que debemos avanzar no camiño dunha sociedade máis xusta e para conseguilo —como dixo un dos enquisados— “todos unidos poden máis ca un só”. *

conflitos laborais e sindicatos. En total realizáronse 68 entrevistas, e dividiuse a súa análise en catro grupos de idade (máis de 65; de 50 a 65; de 39 a 49 e menos de 39). A selección dos grupos de idade fíxose tendo en conta o momento histórico no que se incorporaron ó mundo laboral. Para completa-la secuencia pretendeuse coñecer tamén a situación e a opinión sobre o futuro laboral de persoas (de 16 a 23 anos) que aínda non traballaran, ben por atoparse no paro, ben por estar estudando.

Os resultados deste traballo, desde o punto de vista da aprendizaxe dos alumnos, non poden ser cualificados máis que como moi positivos. Os alumnos estudantes achegáronse á historia dos seus pais e avós, coñeceron cómo foron cambiando de forma decisiva as condicións de vida e de traballo. Decatáronse de que a vida era moito máis difícil antes, que se poden considerar afortunados da súa e de que paga a pena loitar por conservar, ampliar e mellora-la

É importante que os alumnos comprobren na súa realidade o que “ven nos libros”, e máis nos aspectos relacionados coas condicións de vida e de traballo. Nestes tempos de “sálvese quen poida” temos que procurar que comprendan que as conquistas sociais non poden perderse, só deben ampliarse

ELADIO ANXO FERNÁNDEZ MANSO
 PROFESOR DE SECUNDARIA
 eladioanxo@edu.xunta.es

¿COMO VIVÍAN AS MULLERES DA NOSA CIDADE HAI UN SÉCULO?

UNHA EXPERIENCIA COAS ALUMNAS
E ALUMNOS DO IES DE SAR EN SANTIAGO

CARME ALVARIÑO ALEJANDRO

A indagación histórica precisa de fontes primarias axeitadas para poder elaborar pequenos traballos de investigación. Unha das dificultades coa que adoito topamos é a falta de material para traballar nas aulas. A documentación que se garda nos arquivos (parroquiais, municipais, provinciais, etc.) pode proporcionarnos unha valiosa información, especialmente para o estudo da Idade Moderna e Contemporánea. A proximidade xeográfica favorece o aumento do interese, ó poder indagar sobre lugares, rúas, barrios..., que a cotío frecuenta o alumnado.

A variedade da documentación permite múltiples posibilidades en canto á temática e o nivel de esforzo. Así, os protocolos notariais conteñen testamentos, contratos de dote, de foro, doazóns e melloras, etc.; a documentación máis propiamente municipal recolle actas dos

concellos, ordenanzas, bandos, etc., por non falar doutras fontes como os arquivos parroquiais, os monásticos, e un longo etcétera.

As fontes primarias poden tamén servir como elemento integrador das mulleres no proceso histórico. O marcado carácter androcéntrico que seguen a ter moitos dos materiais utilizados nas aulas fai que os contidos actitudinais encamiñados a construír unha sociedade máis igualitaria queden simplemente nunha declaración de boas intencións, engadindo no mellor dos casos algúns contidos “a maiores”, frecuentemente en forma de anexos¹.

A utilización de fontes primarias permítenos introduci-las mulleres como tema de estudo histórico, especialmente na Idade Moderna e Contemporánea, debido á abundancia das fontes e a maior





facilidade para accedermos ós fondos conservados nos diferentes arquivos. Para estudia-lo Antigo Réxime, nas nosas aulas vimos traballando con protocolos notariais, un recurso de grande interese para coñecer distintos aspectos da vida cotiá. Así, por exemplo, os contratos de dote ofrecen múltiples posibilidades: aproximarnos a realidades sociais moi desemeillantes, contrastando escrituras de dote de mulleres de diferente condición social; coñecer cal era o tipo de unión máis frecuente ou múltiples aspectos da vida diaria (mobles, vestimenta, aparellos de cociña, etc.).

O censo de 1900 como recurso didáctico

No curso 1998/99 acordamos utilizar outro tipo de fontes, e decidimos analiza-las posibilidades didácticas que nos ofrecían

os censos e padróns. O alumnado de 2º de bacharelato de Ciencias Sociais, concretamente da materia Xeografía e Historia de Galicia, traballou cos datos do censo de 1900 referentes ó barrio de Sar —onde está situado o instituto—, contrastando os resultados cos datos do Padrón Municipal do 1 de xaneiro de 1997 facilitados polo Departamento de Estatística do Concello de Santiago².

Os obxectivos pretendían desenvolver as seguintes capacidades:

1. Familiarizarse co método de investigación histórica.
2. Coñecer a sociedade de hai un século e os cambios producidos nestes cen anos.
3. Acadar unha maior cohesión co barrio onde está o Instituto e ó que pertence parte do alumnado da aula e do centro.
4. Formar cidadáns máis cívicos, valorando a necesaria colaboración cos

No curso
1998/99
acordamos
utilizar outro
tipo de fontes,
e decidimos
analiza-las
posibilidades
didácticas que
nos ofrecían os
censos e
padróns

informes que axudan a coñecer mellor unha sociedade e unha época.

5. Inculca-lo respecto e a solidariedade, fuxindo de calquera valoración discriminatoria.

As conclusións ás que chegou o conxunto da clase pódennos servir como **avaliación** por parte do alumnado da experiencia:

Despois de ter rematado o estudio, tirámo-las seguintes conclusións:

- I. O traballo con fontes directas permitiunos “investigar” e non nos limitar a recoller información xa elaborada e publicada.
- II. O barrio de Sar, onde está situado o instituto, sufriu importantes cambios no transcurso do século:
 1. O envellecemento da poboación, como indica o estreitamento da pirámide de idades.
 2. A modificación das unidades familiares: todo parece sinalar que cada vez hai menos familias extensas e múltiples, e máis nucleares.
 3. A perda do peso das actividades ligadas ó sector secundario. O barrio xa non se pode cualificar como un barrio maioritariamente de artesáns (carpinteiros, zapateiros, costureiras...).
 4. A desaparición do traballo infantil.
 5. A baixa taxa de analfabetismo (reducida ás persoas máis vellas).
- III. Hai algúns aspectos do barrio que cambiaron menos:
 1. Moitos dos “oficios” que as mulleres exercían e exercen seguen a ser unha prolongación da esfera doméstica.
 2. Parte do barrio segue vivindo dacabalo entre o campo e a cidade.
- IV. Os cambios producidos sitúanse na órbita dos que se experimentaron

noutras zonas de Galicia e mesmo de España.

Á vista dos resultados decidimos continua-la experiencia en cursos posteriores, seleccionando outras zonas da cidade. Durante o curso 1999/2000 traballamos dúas zonas que polas súas características presumiblemente ían dar resultados moi distintos: a rúa do Vilar e a das Hortas; no presente curso o centro de estudio é unha zona de tradición comercial de Santiago: o eixe Orfas–Caldeiría–Preguntoiro–Cervantes.

Análise da fonte

Os censos e padróns son fontes directas para estudos demográficos e de historia social. No censo de 1900 figuran os seguintes datos:

- número de persoas da unidade familiar
- nome da rúa
- número da casa
- nome e apelidos
- sexo
- idade
- estado civil
- parentesco
- sabe ler
- sabe escribir
- concello de orixe
- tempo de residencia
- oficio
- ausente en

A utilización destes datos permite saber, entre outras cousas:

- Cántas persoas vivían nunha rúa concreta e a súa distribución por sexo e idade; construí-las pirámides de idades e compara-los resultados coa situación actual na zona (cos datos do último padrón municipal dispoñible).

Durante o curso 1999/2000 traballamos dúas zonas que polas súas características presumiblemente ían dar resultados moi distintos: a rúa do Vilar e a das Hortas

- Qué modelos familiares existían: quen vivía en cada unidade familiar (número de membros, relación de parentesco entre eles, quen figuraba como responsable ou “cabeza de familia”, etc.). O nome e apelidos permiten reconstruí-la historia dunha familia e aproximarnos á taxa de ilexitimidade, elevada no período de estudo. “Incógnito” e “sen segundo” son expresións que se utilizaban naqueles casos en que o fillo ou filla non foron recoñecidos polo seu pai biolóxico.
- Cál era a mobilidade xeográfica: se procedían doutros concellos, de cáles e canto tempo levaban vivindo en Santiago.
- Perfil profesional: este é un dos aspectos máis interesantes, se ben non exento de dificultades. O número de profesións que aparece é moi elevado, o que implica a necesidade de agrupalas en categorías profesionais. A propia terminoloxía que designa os oficios non sempre se corresponde coa significación actual; tampouco aparece a categoría que ocupan nesa profesión, se son asalariados, empresarios, etc.³ No noso caso acordamos segui-la división clásica en sectores económicos porque, aínda que non resulta máis doada, é a máis estendida e permite facer comparacións. Ademais, para o estudio das mulleres, atopámonos cun problema engadido: non sempre se especifica a súa profesión, aparece en branco ou coa siglas S/C (“a súa casa”, o equivalente ó que hoxe en día aínda mal chaman “os seus labores”).
- Nivel de instrución: o grao de alfabetización, se saben ler, ler e escribir ou ningunha das dúas cousas. No caso dos nenos e nenas figura que van “á escola”, o que nos permite saber ata

qué idade acostumaban ir e cantos continuaban estudiando.

- Análise comparativa con datos máis recentes: os padróns municipais proporcionan datos demográficos e nivel de instrución que nos permiten observa-los cambios que houbo no transcurso do século.

Descrición da metodoloxía:

- 1) formulación de hipóteses;
- 2) observación e recollida de datos;
- 3) confrontación de hipóteses e conxecturas;
- 4) interpretación dos datos;
- 5) comunicación dos resultados.

Previamente dedicáronse varias unidades lectivas ó estudio das características demográficas de Galicia na Idade Contemporánea; con esta ferramenta saberemos preguntar e formula-las hipóteses pertinentes.

Seis grupos de alumnos estudian a estrutura da poboación por sexo e idade, a tipoloxía das familias, a mobilidade xeográfica, o perfil profesional, os “saberes académicos”. Un sétimo equipo centrou a súa investigación exclusivamente nas mulleres das rúas estudias.

Sería máis doado que o propio alumnado realizara o baleirado do censo de 1900, pero debido á falta de tempo e as dificultades para accederen ó arquivo tódolos alumnos e alumnas implicados, eu mesma fixen o baleirado e entreguéille-los datos recollidos nuns cadros, tal como figuran no censo.

O primeiro paso, en cada un dos grupos, foi elaborar un modelo de cadro para facilita-la recollida e tabulación dos datos precisos. Esta fase é importante para o

Seis grupos de alumnos estudian a estrutura da poboación por sexo e idade, a tipoloxía das familias, a mobilidade xeográfica, o perfil profesional, os “saberes académicos”. Un sétimo equipo centrou a súa investigación exclusivamente nas mulleres das rúas estudias

A última fase, a comunicación dos resultados, se ben pode parece-la máis sinxela, foi unha das que presentou máis dificultade para o alumnado. Posiblemente se debera a que capacidades tan importantes como a expresión escrita e de síntese non sempre merecen a atención debida por parte do profesorado

futuro desenvolvemento do traballo: a escolla dun modelo axeitado non só permitirá recolle-los datos con máis axilidade, senón que facilitará a súa posterior interpretación. Hai que ter en conta que en moitos dos grupos o número de variables consideradas implicaba entrecruza-los datos. Así por exemplo, no referente ó perfil profesional, non abundaba con sabe-lo oficio, senón tamén o sexo e maila idade de cada un dos implicados; nos saberes académicos, amais de se sabe ler, ler e escribir, ou non sabe ler nin escribir (as tres posibilidades que aparecen), interesa a idade, o sexo e a profesión.

Cada un dos grupos dedicou as seguintes unidades lectivas a recolle-los datos para, posteriormente, confronta-las hipóteses e interpreta-los datos. A última fase do estudio, a comunicación dos resultados, se ben pode parece-la máis sinxela, foi unha das que presentou máis dificultade para o alumnado. Posiblemente se debera a que capacidades tan importantes como a expresión escrita e de síntese non sempre merecen a atención debida por parte do profesorado.

A continuación expoño os resultados máis salientables do estudio no que respecta ás veciñas das rúas das Hortas e do Vilar. Fixarémonos basicamente na cuestión profesional e nos niveis de alfabetización nunha e outra rúa.

Cómo eran as mulleres que vivían nas rúas das Hortas e Vilar

Máis da metade da veciñanza das Hortas (460) eran mulleres (54,7 %). Trátase dunha poboación nova, característica dun barrio con modestos recursos económicos, malia a estar a poucos metros da praza do Obradoiro; os fillos e fillas eran un soporte importante para a economía

familiar. A esperanza de vida era maior para as mulleres, como amosa a porcentaxe das que superan os 65 anos. Pola contra, a forma da pirámide de 1996 fálanos dunha poboación moi envellecida, característica de moitas das rúas dos cascos históricos. As porcentaxes de menores de 15 anos son moi baixas fronte ás da poboación vella (no caso das mulleres case o dobre). A poboación desta rúa pasou dos 465 veciños/as a 369, perdeu 96, un de cada 5. Un 40% das veciñas da rúa procedían doutros concellos. Non podemos sabe-las motivacións que as levaron a cambiar de residencia, pero intuimos que posiblemente se debera a razóns económicas ou sociais. A taxa de ilexitimidade na rúa era considerable: 31 mulleres carecían de segundo apelido (*incógnito* ou *sen segundo*) e moitas tiñan fillos ou fillas sen estaren casadas. Nestes casos, posiblemente buscan un refuxio nas cidades para tentar reface-las súas vidas e asemade mellora-la súa condición económica. Noutros casos, o motivo é sinxelamente atopar un traballo (éxodo rural) ou veñen para casar.

A situación da rúa do Vilar era ben diferente —como reflicte a súa pirámide de poboación—, estable fronte á progresiva das Hortas, Sar..., e mesmo con respecto á do conxunto de Galicia en 1900. Posiblemente as veciñas desta rúa, pertencentes maioritariamente á burguesía, tiveran acceso a métodos anticonceptivos máis eficaces, o que lles permitiría planificar mellor o número de fillos que querían ter. Daquela había na rúa 175 veciñas en idade fértil; se contámo-las casadas e viúvas (a taxa de ilexitimidade era moi baixa, só se contabiliza un caso), o termo medio de fillas/os por muller era de 2,1.

A forma da pirámide de 1996 fálanos dun envellecemento da poboación: o 26 % ten máis de 65 anos e a porcentaxe aumenta ata o 32 % no caso das mulleres.

En ámbalas dúas rúas predominaban xa daquela as familias nucleares e figuraba xeralmente o home como “cabeza de familia” ou responsable; este modelo familiar representaba o 58 % na rúa do Vilar e o 50 % nas Hortas.

As actividades ás que se dedicaban as mulleres dunha e outra rúa reflicten dúas situacións sociais diferentes e a súa análise axuda a evitar xeneralizacións e acabar con tópicos como o de que a incorporación das mulleres ó mundo laboral é algo moi recente.

Das 252 veciñas da rúa das Hortas, en 94 casos figura o seu oficio. Tendo en conta que 153 tiñan entre 15 e 65 anos (só traballaba unha menor, unha costureira de 14 anos), a porcentaxe de mulleres activas que figuran como tales no censo é moi alto, o 61,43 %, mesmo se o comparamos con datos actuais. Hai que ter en conta, ademais, que serían bastante máis as mulleres traballadoras e que non figuraban como tales nos datos oficiais: desde as que “axudaban” nos obradoiros familiares ata, as máis, que traballarían nas hortas que están detrás das vivendas. Aínda hoxe en día moitas das hortas seguen sendo traballadas.

Oficios das veciñas das Hortas

A maioría das mulleres que figuran cun oficio realizaban actividades relacionadas co que hoxe coñecemos como sector secundario (43 %) e terciario (50 %) e que, na maioría dos casos, son unha prolongación dos “labores da casa” (lavadadeiras, criadas, costureiras...). Das sete mulleres que traballaban no agro, seis eran xornaleiras.

Á vista dos datos podemos tirar como conclusión que a maior parte das

TIPO DE OFICIO	NÚMERO DE MULLERES	PORCENTAXE
SECTOR PRIMARIO		
Xornaleiras	6	6,3 %
Labradora	1	1 %
SECTOR SECUNDARIO		
Xastra	1	
Modistas	7	7,4 %
Costureiras	26	27,6 %
Panadeiras	4	4,2 %
Palilleiras	2	2,1 %
SECTOR TERCIARIO		
Augadoras	18	19,1 %
Lavadadeiras	2	2,1 %
Servicio doméstico (asistente, doméstica, sirventa)	20	21,22 %
Profesoras (de escola)	4	4,2 %
Comercio	1	1 %
Vendedora	1	1 %
Escribente	1	1 %

traballadoras estaban ligadas ó sector téxtil (36,17 %): as máis son costureiras, seguidas das modistas e unha soa xastra. O segundo lugar ocúpao o servico doméstico (serventa, doméstica e asistente), no que traballaban cando menos o 21,22 %, e o terceiro as 18 augadoras. A esta última profesión, hoxe desaparecida, dedicábanse sobre todo as mulleres (só figuran dous homes nesta actividade) e consistía en carrexar auga desde as fontes próximas ás vivendas dos particulares.

Con algunha variante, o perfil das traballadoras desta rúa é moi semellante ó das do barrio do Sar, pero moi diferente do da outra rúa en estudio. Na rúa do Vilar só figura o oficio de 67 mulleres, pero delas 49 (51 se incluímo-las dúas cociñeiras) dedicábanse a actividades relacionadas co servico doméstico e en moitos casos só temporalmente vivían nesta rúa⁴. Daquela, a taxa de actividade feminina na rúa sería moito menor, en torno ó 8 %. Trátase, pois, dunha rúa de clase acomodada na que as mulleres encaixaban na súa maioría con ese ideal de “anxo de fogar”, dedicada ós labores da casa (iso si, con criada ou criadas) e ó coidado dos fillos e fillas

A maioría das mulleres que figuran cun oficio realizaban actividades relacionadas co que hoxe coñecemos como sector secundario e terciario e que, na maioría dos casos, son unha prolongación dos “labores da casa”

Os censos de poboación poden ser un bo instrumento para achega-lo alumnado a realidades próximas ó seu contorno espacial e observa-la evolución da sociedade (homes e mulleres) durante un período máis ou menos amplo

(que, por certo, eran menos por termo medio, a xulgar pola pirámide de idade). Así mesmo é de destacar o elevado número de mulleres da rúa do Vilar que figuraban como rendeiras e/ou propietarias de fincas rústicas ou urbanas (23); posiblemente se fixeran con bens procedentes da desamortización de Mendizábal.

No caso das mulleres nas que figuraba un oficio, cómpre subliña-la gran cantidade das que se dedicaban ó servizo doméstico e vivían na unidade familiar onde o prestaban. Abundaban as mozas procedentes das zonas rurais próximas que traballaban temporalmente para facerse cun dote; as “redes sociais” funcionaban frecuentemente coma noutros procesos migratorios; a miúdo procedían de determinados núcleos, como é o caso de Arzúa.

No que respecta a outras profesións, hai que falar dunha gran variedade, se ben é lóxico que sexa o sector do comercio o que figure en segundo lugar, trátase dunha zona céntrica e polo tanto comercial.

Outro aspecto de interese é o **grao de alfabetización** que se rexistraba nestas rúas. Como xa indicabamos anteriormente, no censo figuran dous apartados nos que se indica se o veciño ou veciña sabe ler e/ou escribir.

Na seguinte táboa presentámo-los datos das dúas rúas para facilita-la comparación.

Niveis de alfabetización nas rúas das Hortas e do Vilar

En ámbolos dous casos son menos as mulleres cós homes que saben ler e escribir. Motivacións de índole social, económica, política e cultural fomentaban a escolarización e alfabetización masculina e non actuaban, ou facíanlo debilmente, no caso das mulleres. “De mí he de deciros que entre una mujer que diserta sobre la literatura rusa y otra que mejor adereza una ensalada rusa, prefiero a esta respecto de aquélla”, son palabras do discurso que pronunciou en 1896 Eduardo Vincenti, director de Instrucción pública na Asemblea Pedagóxica de Pontevedra⁵. As diferencias entrámbalas rúas son grandes: a taxa de alfabetización das mulleres das Hortas é do 46,12 %, fronte ó 78 % da da rúa do Vilar, se ben nos dous casos se supera a media española daquel momento, o 25,17 % (42,19 % se nos referimos á taxa masculina). Os datos fálannos de novo de dúas rúas de diferente extracción social.

A maioría dos habitantes da rúa do Vilar sabían ler e escribir, como cabe esperar dunha zona na que viven maioritariamente persoas pertencentes á burguesía dedicadas a profesións liberais como avogados, catedráticos de Universidade, etc. Nesta rúa, o 90,6 % dos nenos e nenas estaban escolarizados, mentres que nesa época no conxunto de España era un 50 % (datos de 1885). A poboación feminina analfabeta só representa o 18,5 %. Se exceptuámo-las menores de 5 anos, atopámonos con que a maioría se

	HORTAS		RÚA DO VILAR	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Saben ler e escribir	57 %	46,12 %	91 %	78 %
Saben ler (só)	3 %	4,1 %	3,6 %	
Non saben ler nin escribir	40 %	50 %	9 %	18,5 %

dedican ó servizo doméstico (noutro caso é unha zapateira) ou son mulleres maiores.

Moi diferente era a situación nas Hortas, cunha taxa de analfabetismo de cerca do 50 %. Nesta rúa predominaban as persoas dedicadas a oficios máis humildes: carpinteiros, xornaleiros, zapateiros, costureiras, criadas e augadoras, e non sempre tiveran a oportunidade de ir á escola aprender a “ler, escribir, contar e rezar”.

Logo dun século, a situación mudou e hoxe practicamente non hai persoas que non saiban ler nin escribir. A vulgar polos datos do Padrón Municipal, non hai ningún home nestas condicións e o número de mulleres analfabetas é testemuñal, aínda que curiosamente representan o 1 % nas Hortas e preto do 2 % na rúa do Vilar (cousas do avellentamento).

A xeito de conclusión

Os censos de poboación poden ser un bo instrumento para achega-lo alumnado a realidades próximas ó seu contorno espacial e observa-la evolución da sociedade (homes e mulleres) durante un período máis ou menos amplo. A variedade de datos que conteñen permiten aborda-lo estudio de moi diversos aspectos e dunha maior ou menor complexidade. O feito de que moitas destas rúas modificaran moi pouco a súa estrutura urbanística permítenos tentar reconstruílas, ver cómo serían hai un século (especialmente nas zonas comerciais), incluso coa axuda de fotografías de época e entrevistas a persoas maiores que nos poidan falar de cómo se vivía daquela.

Por outra parte, enfoques como este axudan a sensibiliza-lo alumnado sobre a situación de discriminación que padece-

ron e padecemos as mulleres e valorar ó mesmo tempo os cambios conseguidos, froito do esforzo de moitas delas. Á vista dos resultados do traballo, o que máis lles chamou a atención ós alumnos foi o cativo número de mulleres con estudos (cando hoxe as universitarias son maioría), a discriminación que sufrían as que tiñan fillos ou fillas fóra do matrimonio e a marcada feminización dalgunhas profesións (costureiras, augadoras ou criadas), se ben neste último caso admitían que segue existindo unha discriminación laboral. *



NOTAS

¹ Sobre o tratamento das mulleres nos libros de texto de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, resulta de interese o estudio dos manuais de 3º e 4º da ESO de Isabel Guerra (1996), na revista *IBER*, 7.

² O censo de 1900 atópase no Arquivo Histórico Universitario.

³ Para saber máis sobre o tema: S. González Gómez, M. Redero San Román, “Análisis metodolóxico de dos fontes de historia social: los padrones municipales y las matriculas industriales”, S. Castillo (coord.) (1991), *La historia social en España*, Madrid, Siglo XXI.

⁴ Moitas eran mozas, así, se analizámo-la pirámide de idades observamos un grande ensanchamento do grupo das mulleres entre 20 e 24 anos, acollen o 18,5 % do total e en gran parte dos casos proceden doutras zonas e veñen traballar no servizo doméstico.

⁵ Citado por Narciso Gabriel (1990), *Leer, escribir y contar*; A Coruña, Edicións do Castro, 259.

Á vista dos resultados do traballo, o que máis lles chamou a atención ós alumnos foi o cativo número de mulleres con estudos, (...) a discriminación que sufrían as que tiñan fillos fóra do matrimonio e a marcada feminización dalgunhas profesións

CARME ALVARIÑO ALEJANDRO
PROFESORA DE SECUNDARIA



OS OBREIROS VISTOS POLO CINE

GUILLERMO LLORCA FREIRE


“Las interrelaciones historia-cine son múltiples, y van desde la simple representación de los hechos históricos hasta la explicación de nuestro tiempo y nuestra sociedad”¹.

As precisas palabras do profesor francés Marc Ferro (un dos pioneiros da renovación historiográfica en canto ó estudio do cine como fonte instrumental da ciencia histórica) cobran plena vixencia á hora de aproximarnos á contribución da arte cinematográfica a un dos acontecementos máis importantes da historia contemporánea: o movemento obreiro. Non é casualidade que as primeiras imaxes rodadas polo cinematógrafo, hai máis de

cen anos, fosen a *Saída dos obreiros da fábrica Lumière*, proxectadas en París polos irmáns Lumière en 1895; e que en España unha das realizacións pioneiras leve por título *Salida de los obreros de la España Industrial*, de 1896.

Dende o xermolo do xénero cinematográfico de temática social ata os nosos días, con películas tan actuais como *Billy Elliot*, de Stephen Daldry ou *Liam*, de Stephen Frears, realizadas no Reino Unido en 2000, son centos os filmes proxectados na gran pantalla que se teñen ocupado, dende múltiples ópticas e por tódolos escenarios do mundo, da problemática do proletariado e do movemento obreiro organizado.

A escolma de doce películas que presentamos a continuación por orde cronolóxica foron seleccionadas, dentro do panorama cinematográfico mundial, por representar diferentes estéticas cinematográficas, distintos enfoques ideolóxicos e por realizarse en diversos países.



1. A folga


Producción soviética de 1924, con montaxe e dirección de Sergei M. Eisenstein, o xenio da vangarda cinematográfica rusa que puxo todo o seu talento ó servizo da Revolución.

A súa primeira longametraxe está concibida como o inicio dunha serie didáctica que mostraría a transición cara á dictadura do proletariado, co propósito de divulgar-la aprendizaxe que o movemento obreiro recibira durante a loita de clases sostida ó longo da etapa prerrevolucionaria. Con este filme unha colectividade, neste caso os obreiros, pasan a se-los protagonistas principais da historia,

rachando coa tradicional visión cinematográfica baseada na concepción individual do heroe.

A película narra a dureza do traballo nunha fábrica da Rusia tsarista, a loita clandestina dos obreiros concienciados e o estoupido dunha folga provocada polo suicidio dun traballador despois de ser acusado, inxustamente, dun roubo. A división entre os folguistas pola falta de recursos, as represalias da patronal, o recrutamento de provocadores, as cargas da policía sobre os manifestantes indefensos e ata as matanzas que levan ó fracaso da folga, constitúen as liñas argumentais do relato.

A forza deste filme, rodado cun sobrio branco e negro polo xenial operador Eduard Tisse, en exteriores e interiores reais, descansa no seu carácter coral, na utilización de simbolismos moi expresivos e na súa montaxe narrativa, na que Eisenstein foi un adiantado e consumado mestre.



2. Tempos Modernos

Producción norteamericana de 1935, con guión, música, montaxe e dirección de Charles Chaplin.

Chaplin é un dos primeiros realizadores cinematográficos que utiliza o humor como aceda crítica social. O fondo da historia de *Tempos Modernos* tómao das reportaxes dun xornalista do *World* sobre as cadeas de montaxe de Detroit, causantes de que os traballadores remataran a

(esquerda) Fotogramas da película e o director Serguei Eisenstein e o cámara Tisse durante a rodaxe de *A folga*

(dereita) Fotograma de *Tempos modernos*, de Charles Chaplin

Escena de *¡Que verde era o meu val!*

súa alienante vida laboral convertidos en auténticos despozos humanos. Neste sentido, os gags da xigantesca máquina que o director mandou construír son unha clara evidencia do maquinismo que acaba devorando os obreiros.

O filme, unha película muda con música ambiental e escasos instantes falados, sitúase historicamente no tempo da caída da bolsa en Wall Street e da gran depresión económica dos Estados Unidos, cando as empresas incorporabán nas fábricas novos modos de produción, representados polos sistemas taylorista e fordista, que intensificaban a especialización e a división do traballo, xunto coa maior mecanización posible e o aforro de movementos, e do que serán vítimas os propios obreiros, representados esplendidamente polo propio Chaplin como Charlot. Un traballador máis que, á hora sinalada, entra na factoría da Electro Steel Corporation formando parte dun dócil rabaño de ovelas que traballa monotonamente na longa cadea de montaxe axustando unhas porcas, vixiado polo director dende unhas pantallas xigantes colocadas ata nos servizos, sometido a un ritmo cada vez máis intenso de traballo para aumentala produción, vítima do peche patronal e condenado ó paro, e que dá como resultado final a súa tolemia e ingreso no cárcere, acusado de dirixir unha manifestación obreira, duramente reprimida pola policía.

Por contrapartida, o xenial artista presenta tamén un mundo idílico e feliz, lonxe das máquinas devoradoras da industria, nun medio natural e onde as necesidades vitais están ó alcance da man, pero que non serán máis que un doce soño que estoupa coa crúa realidade.

O derradeiro filme mudo do xenial artista é unha sátira social sobre o progreso industrial e a avaricia desmedida do liberalismo capitalista; o cineasta adopta unha elocuente postura en prol dos explotados, dos pobres e na defensa do individuo fronte á máquina.



3. ¡Que verde era o meu val!

Producción estadounidense de 1941, dirixida por John Ford.

Se na anterior película, *As uvas da ira*, rodada en 1940, o extraordinario cineasta norteamericano se introducía na dura problemática do paro e da emigración campesiña durante a época da gran depresión norteamericana, nestoutra obra mestra da cinematografía mundial penetra na vida duns mineiros da Irlanda dos seus antepasados.

O resultado é un delicioso poema visual, cargado de emoción, de paternalismo e de nostalxias. Rodada cunha soberbia fotografía en branco e negro, está ambientada nunha pequena poboación mineira de Gales onde, inicialmente, todo transcorre en harmonía ata que unha especie de fatalismo, provocado pola deterioración das condicións laborais, arrastra a tódolos habitantes da pequena vila. Coa súa sinxeleza e sabedoría habituais, John Ford narra ese proceso de destrución, tanto da familia Morgan como entre os traballadores da mina. Nun devir acelerado de drásticos cambios, comezan os accidentes laborais, os despedimentos, a redución dos xornais e a necesidade forzosa de emigrar a América.



4. O ladrón de bicicletas

Filme italiano de 1948, con Vittorio de Sica como produtor, coguionista e director.

É unha das mellores películas de toda a historia do cine, filmada sen artificios técnicos, en escenarios naturais e con actores non profesionais para remarca-la intención realista documental do director neorrealista italiano. Constitúe un dramático documento fílmico proxectado, como pano de fondo, sobre a miserenta realidade social da posguerra italiana.

Fotografada en branco e negro, a película é un duro discurso social contra a insolidariedade e as penurias de milleiros de parados, representados por un modesto obreiro e pai de familia á procura desesperada da súa bicicleta roubada, que é a súa ferramenta de traballo.



Escenas de *O ladrón de bicicletas* (na columna da esquerda) e *O sal da terra*

5. O sal da terra

Película estadounidense dirixida en 1953 por Herbert Biberman.

O director foi un dos denominados “dez de Hollywood” que sufriu as represalias do senador McCarthy, acusado de comunista e de actividades antinorteamericanas. A pesar de estar na lista negra e do ambiente de guerra fría que se respiraba nos Estados Unidos, *Salt of the earth* deu saída adiante, superando, antes e despois da rodaxe, numerosas presións sindicais, do FBI e dos magnates de Hollywood, que tentaron retirala da circulación. Finalmente, a película consegue estrearse dez anos despois da súa filmación.

Son claras as influencias neste filme do neorrealismo italiano —tal como viramos en *O ladrón de bicicletas*— e do cine soviético de Eisenstein —coa xa mencionada *A Folga*—. Toma como punto de partida uns feitos reais, a folga nunha mina de zinc en Silver City, Novo México, en 1951, e reconstrúe esa exemplar loita obreira. Rodada con enorme perfección formal, está narrada cun marcado estilo documental, en branco e negro, con escasos medios técnicos e contando cun importante grupo de actores non profesionais, que en moitos casos se interpretan a si mesmos.

Este conflito da explotación capitalista sobre uns mineiros chicanos sérvelle

Abaixo, imaxe de *O ladrón de bicicletas*

tamén ó director para dignifica-lo papel da mulleres: son elas as que, superando a submisión ós maridos, asumen o compromiso de mante-la folga, amparándose nunha fisgoa legal que lles prohibe ós homes formaren piquetes para impedi-la entrada ó traballo, pero non ás mulleres. Elas, coa súa tenacidade e solidariedade de clase, serán quen de vence-la empresa, os intereses dos norteamericanos e os seus propios compañeiros.

6. Joe Hill

Producción sueca e estadounidense, de 1971, con montaxe, guión e dirección de Bo Widerberg.

Ten o interese de presentar unha lúcida visión dos inicios do sindicalismo anarquista nos Estados Unidos, apartada dos dogmatismos e realizada cunha boa ambientación histórica e con amenidade.

A historia está baseada no personaxe real de Joël Emmanuel Hillström, popularmente coñecido como Joe Hill, e conta a peripecia vital deste emigrante sueco que, coma centos de compatriotas seus, chega ós Estados Unidos empurrado pola miseria.

O director, sen necesidade de facer un discurso ideolóxico nin de elaborar un prototipo de militante sindical, penetra na personalidade deste home, un vagabundo idealista, inxenuo e nobre, que toma conciencia de clase e actúa en consecuencia máis guiado polos dictados do seu corazón que por estratexias sindicais. Víctima da intolerancia do sistema político norteamericano, será executado en 1915 acusado do asasinato dun tendeiro e do seu fillo. Aínda que non hai probas que demostren a súa autoría no crime será axustizado pois a súa condición de emigrante e de estranxeiro son factores decisivos para a súa condena.

A denuncia que o realizador Bo Widerberg fai ó longo do seu filme sobre

a represión do movemento obreiro corre parella á evidencia da manipulación política da que é vítima Joe Hill, como primeiro mártir do anarquismo norteamericano. De feito, os seus camaradas do sindicato Industrial Workers of the World non dubidan en utiliza-las súas cinzas para repartilas en sobres e envialas ós seus militantes e simpatizantes co fin de amplia-la acción proselitista.



7. A Patagonia rebelde

Producción arxentina de 1974, con Héctor Olivera como coguionista e director.

Película baseada en feitos históricos, rescatados do inxusto esquecemento polo investigador arxentino Osvaldo Bayer, co seu voluminoso traballo *Los vengadores de la Patagonia Trágica*, e que pagou co exilio sacar á luz a loita sindical dos obreiros rurais da Patagonia en 1921.

Ó seu enorme interese como obra de denuncia política, o filme engade o atractivo de que un dos protagonistas principais é o ferrolán Antonio Gonzalo Soto Canalejo, coñecido polo *Galego Soto*, quen, un día de 1914, coma centos de

Un dos protagonistas históricos de *A Patagonia rebelde*, o anarquista Antonio Soto (o Galego Soto)

compatriotas seus, embarca como emigrante para a Arxentina. En 1920, con vintedous anos, atópase no porto de Río Gallegos, na Patagonia, onde será elixido secretario xeral da Sociedade Obreira, adherida á central anarquista FORA.

Un ano despois estoupa na provincia de Santa Cruz unha folga xeral dos peóns rurais, que reclaman o cumprimento dunhas melloras laborais pactadas cos donos de seis estancias de ovellas. Ante as ameazas dos militares, dirixidos polo tenente coronel Zavala, que esixen a rendición incondicional ós folguistas rebeldes que paralizan a produción, os obreiros acordan en asemblea, na estancia La Anita, acepta-la proposta. Pola súa banda, Antonio Soto, o líder da Patagonia rebelde, como un dos dirixentes máis activos do movemento sindical, advirte a berros ós seus camaradas, que van *"fusilarlos a todos, ninguno va a quedar con vida, huyamos compañeros, sigamos la huelga indefinidamente hasta triunfar. No confiéis en los militares, son la ralea más miserable, traidora y cobarde que habita la tierra"*. Remata a súa intervención dramaticamente dicindo que: *"Yo no soy carne para echar a los perros. Si es para pelear, me quedo, pero los compañeros no quieren pelear"*.

Soto, en compañía de doce folguistas máis, logrará librarse da tenaz persecución que durante cinco días emprenden as tropas arxentinas e os carabineiros chilenos; atravesa a cordilleira andina e agáchase en Porto Natales (Chile). Entrementes, o coronel Zavala, quen declara que *"tal vez digan que fui un coronel sanguinario, pero jamás podrán decir que fui un militar desobediente"*, ordena que o resto dos folguistas das estancias sexan torturados e executados, despois de cavaren a súa propia tumba. Morren preto de mil cincocentas persoas, nun dos momentos de maior dureza represiva da historia arxentina, rescatada para a historia do movemento obreiro con esta sobria película.



Fotograma de
O home de mármore

8. O home de mármore

Producción polaca de 1976, dirixida por Andrej Wajda, principal representante desta cinematografía e autor doutras obras emblemáticas da temática do mundo obreiro como

A terra da gran promesa (1974) e O home de ferro (1981).

O filme conta a historia dunha moza que prepara o seu traballo de graduación na Escola de Cine de Varsovia e atopa nos arquivos da filmoteca a estatua de mármore dun obreiro.


Deste xeito introdúcese na traxectoria vital dun traballador da construción, M. Birkut, na dura etapa do stalinismo. Exemplo supremo de estajanovista disciplinado, de heroe do traballo convertido en mito pola dictadura comunista, sufrirá tamén a súa caída e o total esquecemento.

9. Norma Rae

Coproducida e dirixida por Martin Ritt nos Estados Unidos en 1978.

Martin Ritt foi outro represaliado, como Herbert J. Biberman, pola caza de bruxas emprendida polo senador McCarthy, e será expulsado da industria cinematográfica.

Nesta película filma, de forma sinxela e sen artificios narrativos, unha das historias máis representativas do femi-



10. A verdade sobre o caso Savolta

Coproducción hispano-franco-alemana de 1978. Dirección de Antonio Drove, con guión de Antonio Drove e Antonio Larreta e baseada na novela de Eduardo de Mendoza do mesmo título.

A película de Antonio Drove é unha libre adaptación da obra do escritor barcelonés (publicada por Seix Barral en 1975) e constitúe un dos traballos filmicos máis comprometidos e singulares de tódolos que se levan realizado en España sobre a temática político-social.


Sitúase nos talleres da fábrica Savolta, en Barcelona, no contexto da posguerra europea, cando, coma no resto de España, se pasa dunha excepcional conxuntura económica —motivada polas exportacións ós mercados europeos, que as potencias belixerantes da I Guerra Mundial deixaran de atender— a unha forte depresión, orixinada polo restablecemento dos mercados internacionais, unha vez finalizada a contenda. Nesta nova situación, na que xa non valen os recursos paternalistas dos vellos patróns, succédense os despedimentos masivos coa conseguinte axitación social. De feito, Barcelona vai vivir durante tres dramáticos anos

nismo e das loitas obreiras. Inspirada na historia real dunha muller exemplar, Crystal Lee Sutton, obreira téxtil dunha monótona e conservadora cidade de provincias dos EUA, que un bo día toma conciencia de clase e da súa dignidade como muller e abandona a súa condición de traballadora pasiva para se converter en delegada sindical.


Na ficción filmica, Norman Rae, guiada nos seus ideais de solidariedade polo líder sindicalista Ruben, procedente de Nova York, decídese a loitar polos dereitos laborais, enfrontándose ós seus patróns e ó machismo dominante entre os compañeiros de traballo. Malia ás moitas dificultades, incluídas o cárcere e a difamación, non renuncia ó seu novo compromiso e logrará organizar un sindicato na empresa e atopar un novo camiño de realización persoal, que a dignifica tamén como muller.

Carteis anunciadores dos filmes *Norma Rae* e *A verdade sobre o caso Savolta*

(de 1919 a 1922) unha violencia política extrema por mor da intransixencia da patronal catalana, que non dubida á hora de utilizar crebafolgas e pistoleiros de oficio para reprimi-la contestación obreira, xunto coa dura represión policial e as continuas accións terroristas de carácter revolucionario dos grupos anarquistas vinculados á CNT, que por eses anos é a organización sindical máis forte en Cataluña e, especialmente, en Barcelona.



O gráfico que tomamos do excelente estudio sobre esta película de J. Fernández Sebastián² é ben ilustrativo deses convulsivos anos de ascenso do fascismo e de extrema dureza na loita de clases que, de forma clara e directa e sen final feliz, presenta Antonio Drove ós espectadores.



11. Daens

Producción belga de 1992, con Stijn Coninx como director e coguionista.

É un magnífico fresco cinematográfico, con coidada ambientación e cali-

dade fotográfica, sobre as miserentas condicións de vida e de traballo do proletariado belga na derradeira década do século XIX.

O fío conductor é a biografía do crego Adolf Daens (1893-1907), personaxe histórico que chega á vila flamenca de Aalst, convertida no escenario da industrialización e pola que asoman as vivendas insalubres dos obreiros, a fame, o alcoholismo dos desesperados, a morte na rúa, coma cans, dos máis desfavorecidos, o traballo infantil e das mulleres, os salarios indignos, as longas e esgotadoras xornadas laborais nas fábricas téxtiles, os abusos de todo tipo protagonizados polos patróns e capataces mailas loitas polos dereitos colectivos de folga, manifestación, sufraxio e liberdade de prensa.



Neste contexto de fondas inxustizas e desigualdades sociais, o padre Daens vai comprometerse cos máis desfavorecidos. Afastado da burguesía católica dominante, crea un partido demócrata-cristián co que sairá elixido deputado. Dende a tribuna da Parlamento a súa voz de denuncia é un airexa de aire fresco diante dunha cámara dómínada polos conservadores e onde vai contar, unicamente, co apoio dos liberais. Finalmente, a firme actuación da xerarquía eclesiástica, co propio papa León XIII á cabeza, poñéndose como sempre ó lado do poder, logrará silenciar a súa voz. Daens, sometido a un tremendo drama interior pola obediencia ós seus superiores, é obrigado a abandonala actividade política, aínda que seguirá co seu permanente compromiso cristián ó lado dos explotados.

Cartel anunciador e fotograma de *Daens*

Fotograma de
Chovendo pedras



12. Chovendo pedras

Realizada en Gran Bretaña en 1993
polo director Ken Loach.

Este cineasta británico, un “demolador diseccionador de tragedias humanas” —como o define Fernando Baeta³— é autor da triloxía de cine social *Riff-Raff* (1991), *Chovendo pedras* e *Ladybird*, de 1993, coas que se mete na crúa e dura realidade obreira da época thatcherana.

Neste filme, con guión de Jim Allen —antigo mineiro e albanel—, asoma de novo o talante neorrealista do realizador, quen se introduce sen melodramatismos, con acedo humor e veracidade, no suburbio proletario de Manchester para mostra-los azoutes do desemprego sobre unha familia obreira e as miserias, impotencias e rebeldías que rodean os marxina- dos.

Velaí esta ducia de filmes, que non son máis que unha breve aproximación á complexa e diversa problemática dos obreiros vista dende a óptica deste extenso xénero cinematográfico, e que poden contribuír, como sostén o profesor Marc Ferro, a un mellor coñecemento dun dos fenómenos sociais máis importantes da nosa historia contemporánea. •

BIBLIOGRAFÍA

AA. VV. (1987), *Cine & Música. Las obras maestras del cine. Tiempos Modernos*, vol. 1, Barcelona, Salvat.
Antonio Soto. *Líder da Patagonia rebelde. Centenario do seu nacemento Ferrol 1897- Punta Arenas 1963*, Confederación Intersindical Galega-Central de Trabaxadores Argentinos.
Baeta, F. (1995), “El nudo en la garganta”, *El Mundo*, 22 de abril.

Bayer, O. (1997), “Aguante, Soto”, *A Nosa Terra*, 13 de novembro
Castro, A. (1987), “La Patagonia Rebelde”, *Dirigido por...*, 145, III.
Equipo Reseña (1994), *Cine para leer*, Bilbao, Ediciones Mensajero.
Fernández Sebastián, J. (1989), *Cine e historia en el aula*, Madrid, Ediciones Akal.
Ferro, M. (1995), *Historia contemporánea y cine*, Barcelona, Ariel.
Fontrodona, M. (1990), “Las grandes evocaciones históricas del cine ruso”, *Historia y vida*, extra 58.
García Seguí, A. (1973), “Tres cines nacionales”, *El cine. Enciclopedia del 7º arte*, vol. 8, Barcelona, Buru Lan S. A. Ediciones.
Gómez Pérez, R. (1996), *La cultura a través del cine*, Madrid, El Drac.
Guber, R. (1971), *Historia del cine*, vols. 1-2, Barcelona, Lumen.
Hueso, A. L. (s/d), “La sal de la tierra”, *Aula de Cine. Memoria de actividades, 1983-84*, Santiago, Vicerrectorado de Extensión Universitaria, Universidade de Santiago de Compostela.
Interfilms (1994), 66, Madrid, marzo.
Jiménez Pulido, J. (1999), *El cine como medio educativo*, Madrid, Ediciones del Laberinto.
Latorre, J. M. (1972), “¡Que verde era mi valle!”, *Dirigido por...*, 67.
— (1980) “La verdad sobre el caso Savolta”, *Dirigido por...*, 71, marzo.
Losa García, J. L. (1993), *Ciclo de cine: O cine fronte ó poder*, Santiago de Compostela, Consorcio da cidade de Santiago.
Llorca Freire, G., T. Leira Álvarez, e A. Romero Masiá (1988), *A historia das civilizacións a través do cine*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación.
Monteverde, J. E. (1975), “Cine y movimiento obrero”, *Dirigido por...*, 65.
— (2001) “Ladrón de bicicletas”, *Dirigido por...*, 299, marzo.
Romero Masiá, A. (1994), “O cine: Un recurso didáctico nas CC. SS.”, *Ensinar e aprender historia na ESO*, ICE, Materias didácticos, 8.
Sánchez Roriega, J. L. (1996), *Desde que los Lumière filmaron a los obreros*, Madrid, Nossa y Jara Editores.
Torres, A. M. (1992), *El cine norteamericano en 120 películas*, Madrid, Alianza Editorial.
— (1993) “Daens”, *El País*, 2 de novembro.
Tychy, W. (1985), *Chaplin*, Barcelona, Salvat.

NOTAS

¹ M. Ferro (1995), *Historia contemporánea y cine*, Barcelona, Ariel, páx. 21.
² J. Fernández Sebastián (1989), *Cine e historia en el aula*, Madrid, Ediciones Akal, páx. 97.
³ F. Baeta, “El nudo en la garganta”, *El Mundo*, Madrid, 22-IV-1995.



O CONFLICTO LABORAL NA BAZÁN DE FERROL EN 1972

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Como non podía ser doutra forma, no Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo dispoñen os investigadores dunha amplísima e moi variada documentación relacionada co conflito sociolaboral de 1972 na Empresa Nacional Bazán de Ferrol. Son estes uns fondos documentais que veñen incrementándose arreo polas achegas de novos legados, procedentes basicamente de contribucións privadas.

Os documentos que consideramos necesarios para estudar este conflito abranguen desde o derradeiro tercio do

ano 1971, que é cando se perciben as orixes do conflito, ata 1975 cando se celebra o proceso dos 23 de Ferrol, que afectaba os dirixentes de CC.OO. e do Partido Comunista de Galicia detidos a consecuencia daqueles sucesos.

A procedencia dos fondos e a súa tipoloxía son moi variadas. Entre a marea de legados privados asentados no Arquivo, aparecen documentos que directa ou indirectamente teñen que ver con este conflito. Sirva como referencia as achegas realizadas por algúns dos protagonistas e

Ferrol, 10 de marzo de 1972. Fotografía de Abel López Rodríguez



outros militantes de Comisións Obreiras: Manuel Amor Deus, Ramiro Romero, Francisco González Vidal, Vicente Álvarez Areces, Manuel Peña Rey, Nicasio Mourón, Ángel Porto, Santos Costa Barroso e Enrique Veira, entre outros.

Destes legados procede todo tipo de documentación: panfletos, documentos programáticos, informes policiais da Dirección Xeral de Seguridade, listas de despedidos e detidos das diferentes empresas, redes de solidariedade, informes sobre

os procesos xudiciais, prensa clandestina, etc. A esa morea de materiais debemos engadir do fondo de avogados laboralista o legado de Rafael Báñez e o relacionado co proceso dos 23 de Ferrol cedido por José Gaciño e Jaime Sartorius.

Outro fondo de importancia é o dos xurados de empresa, sobre todo as actas destes órganos de representación obreira referidas a Bazán e tamén as de Astano, Barreras e Vulcano, onde se atopan referencias ó conflito. Resultan así mesmo de utilidade os fondos procedentes doutras instancias, como poden ser algúns documentos dos Ministerios de Traballo e de Gobernación ou os dos partidos políticos.

De especial interese é o fondo de material audiovisual que, aínda que está en fase de consolidación, conta xa con material moi relevante para analizar este conflito pois nel atópanse os testemuños dalgúns dos protagonistas¹.

A diversidade tipolóxica destes fondos documentais permite cubri-la investigación sobre calquera dos aspectos relacionados co conflito de Bazán, que polo seu significado e intensidade foi un dos máis importantes dos vividos en España durante o franquismo. Desde finais dos anos sesenta a confrontación entre a dictadura franquista e as forzas que protagonizaban a oposición, basicamente o Partido Comunista e as Comisións Obreiras, alcanza en Galicia o seu momento culminante en 1972 cos conflitos sociolaborais de Ferrol (marzo) e Vigo (setembro); ámbolos dous se engloban na chamada “época dos grandes conflitos”. O xermolo do conflito, que paralizou e conmocionou a vida na bisbarra ferrolá, percíbese no documento interno do Ministerio de Traballo *Criterios ante una posible situación conflictiva*, no que se facía referencia ás posibilidades de que as Comisións Obreiras desencadeasen un conflito na Bazán de Ferrol².



Ferrol, 10 de marzo de 1972. Fotografías de Abel López Rodríguez

Foi precisamente a finais de 1971 cando tanto a dictadura coma as forzas de oposición poñían a punto tódolos seus recursos humanos e materiais para unha confrontación que percibían como inevitable. As CC.OO. tiñan renovada a súa organización e na II Asemblea Nacional de Galicia definiron a estratexia de loita sociolaboral, as reivindicacións inmediatas que trasladarían á discusión dos novos convenios e, por riba delas, a loita polas liberdades políticas e sindicais. Engraxaban a súa maquinaria de mobilización coa preparación do aparato de propaganda e unha rede de solidariedade, mentres que coas eleccións de enlaces conseguiron renovar tódolos seus cadros dentro das factorías e controla-los xurados das empresas máis importantes de Galicia, entre elas a Bazán de Ferrol.

A estratexia de loita sociopolítica do PC e das CC.OO. colocaba a negociación do convenio no primeiro plano desa loita, e en Bazán canalizouse cara á consecución dun convenio de factoría, pois a análise realizada polos dirixentes das Comisións Obreiras levounos a pensar que a única posibilidade de mobilización e de reivindicación era negocia-lo convenio de Ferrol


separadamente dos das factorías de Cádiz e Cartaxena, onde os xurados estaban nas mans do Sindicato Vertical.

O desenvolvemento do conflito durou ata o mes de marzo de 1972 e as súas consecuencias manifestaríanse nos meses e anos seguintes coas protestas e mobilizacións contra o consello de guerra, os xuízos en maxistratura e os procesos no TOP, que culminaron co dos 23 de Ferrol, e que puxeron fin a unha loita que reflicte a natureza sociopolítica que caracterizou a conflictividade laboral desde fins dos anos sesenta e que puxo de relevo a debilidade da dictadura naquel momento e a capacidade de mobilización das forzas de oposición ó franquismo. *

NOTAS

- ¹ A partir deses testemuños, a Fundación produciu un documental editado en formato vídeo: *0 10 de Marzo* (1997).
- ² Unha análise deste documento e do mesmo conflito atópanse en: José Gómez Alén e Víctor Santidrián Arias (1997), *O 10 de Marzo: unha data na Historia*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, Noroeste.

JOSÉ GÓMEZ ALÉN
DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO
jalen@wanadoo.es



Jurado de Empresa

Acta número ciento noventa y seis

Presidente: D. Felix Aguilera Martínez
 Secretario: D. Victoriano Rodríguez Toranzo
 Vocales: D. Mariano Nadal Cobreiro
 D. Manuel Ramo Colvete
 D. Nicolás Felpeto Bustabad
 D. Enrique Rodríguez Juaniz
 D. Juan José Rey Morgado

En El Ferrol del Caudillo, a las diez horas del día nueve de marzo de mil novecientos setenta y dos, se reunió en la sala de reuniones del Jurado de Empresa, en sesión extraordinaria, los señores que al margen se expresa, como integrantes del Jurado de la Empresa Nacional "Garon" de Construcciones Navales Militares, S.A., Factoría de El Ferrol del Caudillo.

No han asistido a esta reunión extraordinaria los señores: D. Manuel Polo Janteiro, por coincidir con su día libre en la Empresa y no encontrarse en su domicilio en el momento de ser avisado, D. Enrique García Otero, por haber asistido en ese día a una reunión de la Mutualidad Laboral Sideromegalúrgica en La Coruña, D. Mamiro Vidal Rodríguez, que no compareció por no estar en su domicilio cuando reiteradas veces se le llamó telefónicamente, D. Manuel Fernández Jera, por haber presentado su dimisión y D. Manuel Amor Deus y D. José María Cubo Cumar que tampoco comparecieron.

El Sr. Presidente informa que esta reunión extraordinaria ha sido convocada siguiendo instrucciones del Inspector de Trabajo, presente D. Antonio Sesto Sanchez, el cual manifiesta que el motivo de la misma y de su presencia en ella en representación del Ilmo. Sr. Delegado Provincial de Trabajo, se debe a que este ha seguido conociendo de que este día se ha producido un nuevo paro laboral en esta factoría, desde las 8 de la mañana, situación que en este momento se prolonga, y con tal motivo efectúa a los trabajadores de la Empresa y, en su nombre, al Jurado el siguiente:

Requerimiento: - "De conformidad con el artículo décimo del Decreto 1676/1970 de 22 de Mayo (B.O. del día 25-5-70), se requiere a todos los productores en situación de paro voluntario para que, de forma inmediata, restablezca la normalidad laboral. Se les advierte igualmente de las consecuencias que pudieran derivarse del incumplimiento del presente requerimiento. Este requerimiento es válido para cualquier sucesivo, cualquiera que sea la duración de los paros que se produzcan. - La Coruña, 9 de marzo de 1972. - El Delegado de Trabajo (firmado). Hay un sello que dice: "Delegación Provincial de Trabajo". - La Coruña.

Después de esta lectura, se dirige a los vocales presentes para cumplirles el alcance de las responsabilidades en que incurren los que hayan adoptado dicha actitud.

A continuación, el Sr. Presidente se dirige también a los vocales haciéndoles ver claramente que los problemas laborales que puedan existir, es necesario resolverlos en un clima de diálogo y comprensión, añadiendo que lo contrario puede dar lugar a que se llegue a extremos realmente graves y a consecuencias de carácter muy pesado, por lo que aconseja que varios vocales de este Jurado se dirijan al grupo de obreros que en este momento ya están concentrados en la explanada frente al edificio de la Dirección, para animarles que depongan su actitud y reanuden sus actividades, volviendo con esto a la normalidad laboral. Como consecuencia de estas palabras el Sr.

XUÑO 2001
68
dez-eme



DIRECCION GENERAL DE SEGURIDAD
COMISARIA GENERAL DE INVESTIGACION SOCIAL
Secretaría General

Registro de Salida núm. 6.159

BOLETIN INFORMATIVO núm. 18
del 18 de mayo de 1972

LOS SUCESOS DE EL FERROL DEL CAUDILLO Y
EL PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Terminado el servicio contra el Partido Comunista de España, realizado antes, durante y después de los sucesos revolucionarios ocurridos en El Ferrol del Caudillo, los días 9 y 10 de marzo, servicio que culmina con la desintregación de los estamentos del Partido en aquella ciudad, detención de los responsables que han pasado a disposición de la Autoridad Judicial, y de otros menos responsabilizados en el aparato orgánico y en los hechos revolucionarios, sancionados gubernativamente, es hora de formalizar todo lo actuado en un informe global que analice los hechos, antecedentes y consecuencias.

Que el plante revolucionario en la Empresa Bazán, el día 9 y la sedición revolucionaria subsiguiente del día 10 es fundamentalmente probada, que preside todo este informe, como tesis fundamental.

PRECEDENTES

Desde 1966 las Comisiones Obreras, dependientes del P.C. de España, como es sabido, y creadas con la expresa finalidad de enfrentarse en el orden laboral al sistema sindical español, y en el plano político, para luchar contra el aparato directivo del Partido, para luchar contra el Estado y la Revolución Nacional, venían trabajando en la ciudad, apoyándose directamente y como primer medio de penetración en un grupo de sacerdotes, que, declinando repetidas veces su sagrada misión salvífica, se han preocupado de problemas temporales, ignorando soluciones marxistas, en manifiesta contradicción con los Principios de la Fe, las normas de convivencia y salvación el sentido pastoral, y el desprecio al Magisterio de la Iglesia.

Miembros avezados del P.C., dirigentes de aquellas Comisiones Obreras, fueron poniendo en El Ferrol del Caudillo las bases para la subversión, meta final de todas sus actividades.

A este respecto conviene tener presente, la creación y penetración del Partido en el Centro Social de Santa Marina, hasta el punto de que los militantes comunistas dominaban a través de dicho Centro Social y recreativo, la llamada Asociación de Barrios, viéndose precisada la Autoridad a cerrar los locales en el último trimestre del pasado año.

Antes de que los Servicios de Investigación Social en dicha ciudad procedieran a la desarticulación del Comité Local de las Juventudes Comunistas, servicio iniciado en diciembre



HOMILIA

Son de todos conocidas los graves acontecimientos que se registraron estos días en nuestra ciudad. Como cristianos no podemos quedar indiferentes. Estos hechos han de ser un fuerte aldabonazo a nuestra conciencia, una seria interpelación, que nos haga reflexionar a la luz de las enseñanzas del Evangelio y suscite en nosotros una actitud de arremetimiento y de cambio, es decir, de conversión.

Porque quizás todos nosotros, unos más, otros menos seamos culpables de esta situación, con nuestro egoísmo, nuestra incompreensión, nuestra intransigencia, nuestra capacidad de dialogo, nuestras posturas irreductibles, etc.

Para que nuestra reflexión sea mas facil y sincera, la Iglesia jerárquica nos ayudara con su palabra iluminadora y con su juicio moral cristiano sobre los hechos.

Invitamos a todos los cristianos de Ferrol a superar la actitud emocional, los prejuicios, o lo anecdótico de este grave problema para ver el fondo de los hechos y viéndolo, dar así un paso en nuestra conversión:

- 1.- En todo acontecimiento de la vida laboral, sea cual fuere su desarrollo, sea cual fuere su forma, su éxito o su fracaso, o las fuerzas que intervienen en él, encierra siempre el anhelo de la clase trabajadora de mejorar su propia condicion de vida, de participar en el progreso de la humanidad en igualdad con otras clases sociales. Anhelo e impulso que arranca de la voluntad divina de llevar al hombre hacia una plenitud.

No ver esto es privarse del punto de mira necesario para enjuiciar cada hecho o problema. El mundo en transe, en evolución esta a la búsqueda de nuevas formas de vida y convivencia social, y las hasta ahora clases privilegiadas deben irse habituando a las formas nuevas que estan viviendo.

No puede descartarse un problema laboral, acudiendo a la palabra "subversión" a secas y sin mas, cuando se toca algo tan hondo y que alcance los imperativos divinos sobre el hombre.



Junta de Defensa Social de Galicia

COMITÉ DE DEFENSA SOCIAL DE GALICIA

REPOSICIÓN DE LA REPRISIÓN EN EL FERROL

El Comité de Defensa Social de Galicia agrupa a todas aquellas personas de distintas ideologías y creencias que desprecian toda clase de desmanes y violencias que atentan contra los derechos fundamentales del hombre (Declaración Universal de Derechos Humanos de la UNESCO, firmada por España en 1955).

Los objetivos concretos de esta Junta son informar lo más objetivamente posible de todos aquellos acontecimientos que contradicen a los citados derechos, y prestar todo tipo de ayuda a los que sufren sus consecuencias.

Debido a los recientes sucesos que conmovieron a la población y cuyas consecuencias estamos padeciendo todavía, nos sentimos en la obligación de dejar constancia de ellos ante el pueblo gallego en el presente informe.

Con motivo de los hechos ocurridos los días 9 y 10 de Marzo, en los que a la justa y legal reivindicación de un convenio colectivo de Factoría y aumento de salarios se contestó con la más brutal represión que culminó con el homicidio de los trabajadores Anador Rey Rodríguez y Daniel Niebla García y más de 50 heridos de bala, se llevaron a cabo gran número de detenciones. Hay que resaltar que toda esta oleada represiva si bien se centro fundamentalmente en la clase obrera de Bazan, también recayo sobre obreros de otras factorías (Maderera, Astano, Construcción...), sacerdotes técnicos, abogados, licenciados, mujeres de distintas profesiones, estudiantes, pequeños propietarios, periodista... (ver anexo).

En estas detenciones la policía hizo gala de todo tipo de coacciones morales (insultos, engaños, calumnias, amenazas de muerte sobre sus personas y las de sus familiares...) y físicas (no permitirles dormir en las 72 horas, mantenerlos de pie, en cuclillas y en diversas posturas durante largo tiempo, golpes y torturas).

Las principales torturas eran las siguientes:

a) Acostarles sobre una mesa con la mitad superior del cuerpo suspendida en el vacío y sujetos por las piernas mientras se les golpea en el estómago, vientre y espacios intercostales. A este método le denominan el "quirófano". Además del enorme dolor producido por este tipo de tortura, motivado por la constricción de las vísceras, su gran peligro es la posibilidad de producir parada cardíaca por irritación del plexo solar localizado en esta zona, así como lesiones en la columna que pueden acarrear trágicas consecuencias.

b) Fuerte presión y torsión con los dedos del músculo trapecio (situado entre cuello y hombro) produciendo hematomas intramusculares muy dolorosos en ese momento y posteriormente.

c) Torsión con ambas manos en sentidos opuestos de la piel de los antebrazos.

d) Colocación de un bolígrafo entre los dedos de las manos haciendo- lo girar mientras se aprietan estas fuertemente.

e) Estangulamientos laterales y martilleos con los cantos de las manos en ambas zonas laterales del cuello con el riesgo de que una pequeña desviación de estos golpes pueda producir rotura de anillos traqueales desmayos (por compresión yugular, glomus carotídeo y carótidas)...

f) Obligarles a girar sobre sí mismos para producir mareos y náuseas. En ocasiones en esta situación eran colocados con medio cuerpo fuera del quicio de una ventana siendo amenazados con ser arrojados.

g) Fustigamientos con reglas metálicas en las plantas de los pies.

h) Patadas, puñetazos, bofetadas y toda suerte de golpes por todo el cuerpo.

Como se deduce de lo expuesto todas estas modalidades de torturas están estudiadas para evitar signos externos que puedan ser reconocidos por el forense, pues producen lesiones internas y hematomas intramusculares.

A pesar de ello en múltiples ocasiones por error o exceso de los torturadores, han llegado los detenidos al juzgado con abundantes muestras de haber sufrido tan brutales procedimientos. Este es el caso de Fernando Miramontes Vázquez, Ramiro Tenreiro Pena, Ricardo González Menéndez y Julio A. Pérez de la Fuente que presentaron denuncias ante el Juez Instructor.

La violencia colectiva de los interrogadores materializada en los in-



AL TRIBUNAL DE ORDEN PÚBLICO

EL FISCAL, en los sumarios 348 y 489 de 1972, seguidos por el delito de Asociación Ilícita y otros, contra JOSE LOUREIRO LUGRIS; PEDRO LOPEZ BONOME; RAFAEL PILLADO LISTA JULIO GERMAN ANEIRO FERNANDEZ; VICENTE TOJEIRO DIAZ; MANUEL LOPEZ LORENZO; JOSE MANUEL CANEIRO RODRIGUEZ; ALEJONSO VEIGA MARTINEZ; JOSE IGNACIO FERNANDEZ TOJO; LUIS FERNANDEZ ESCORCIA; MANUELA BALBINA VALCARCEL LUACES; RAFAEL MARIA BAREZ VAZQUEZ; JOSE MANUEL TORREGROSA RODRIGUEZ; EDUARDO NONITO VICTOR LODEIRO RAMOS; JOSEFA VARELA FONTAN; MANUEL AMOR DEUS; JOSE MARIA RIODO MILLAN; MANUEL PILLADO MARTINEZ; JUAN ANGEL FERNANDEZ LOPEZ; RUFINO CORBATO COTO; ANGEL CORTIZAS DOMENECH; JULIO ANTONIO PEREZ DE LA FUENTE RIBA Y MARIA DEL ROSARIO ALABAU ALBORS, evacuando el traslado que le ha sido conferido, interesa apertura de Juicio Oral y formula las siguientes conclusiones provisionales.

PRIMERA:

En el Ferrol del Caudillo y a lo largo de 1971 y primeros meses de 1972, los procesados Rafael Pillado Lista; Manuel Amor Deus; José M^a Riobó Millan; Rafael Mario Barez Vazquez; Eduardo Nonito Victor Lodeiro Ramos; José Manuel Torregrosa Rodríguez; Juan Angel Fernandez Lopez; Angel Cortizas Domenech; Julio Antonio Perez de la Fuente Riba; María del Rosario Alabau Albors; Rufino Corbato Coto y Manuel Pillado Martinez, son miembros activos del Partido Comunista de España, entidad política que cuanta entre sus fines la destrucción de la actual organización del Estado Español.

Los indicados procesados asisten a reuniones, como las celebradas en diciembre del año 1972 en el domicilio del procesado Lodeiro Ramos o la celebrada en la segunda semana dediciembre del mismo año en el Bar-Restaurante "El-Gallo" en que se constituye una "Comisión Antirrepresiva" y prestan cotización a razón de 50 pesetas, mensuales; es de notar que fué muy reducida la actividad de los procesados Rufino Corbato Coto y Manuel Pillado Martinez, de los que solo consta la asistencia a alguna reunión.

EnEl tejadillo del Colegio de Nuestra Sra. del Rosario colindante con el domicilio del procesado Rafael Mario Barez Vazquez, se encontró una bolsa de su pertenencia con el material impreso y manuscrito que se describe a los folios 102 v, 103 y 103 v, del sumario 348/72, que en parte había sido objeto de difusión en el Ferrol en fechas anteriores.

En los primeros días de marzo de 1972 y con ocasión de la tramitación de un convenio colectivo en la Empresa Nacional Bazán, se produjo una situación de tensión por desacuerdo entre ciertos sectores trabajadores y la Dirección de la Empresa que desembocó en una situación de violencia en los días 9 y 10 del citado mes de marzo.

reunión

reunión

*As
2^a*

XUÑO 2001

72

dez-eme





AL PUEBLO GALLEGO

Los últimos acontecimientos del Ferrol con los asesinatos de los obreros Rey y Niebla han conmocionado la opinión pública catalana. La lucha general por la democracia exige, y el país gallego se ha sumado a la larga lista de muertes y de sacrificios que la clase obrera y otros sectores de la sociedad vienen padeciendo.

El País Vasco, Granada, Asturias, Catalunya misma, han sentido y sienten en sus entrañas la garrna fascista, pero la lucha persiste sin declinar, cada vez mas fuerte.

La Comisión Coordinadora de Fuerzas Políticas de Catalunya se sienta en el derecho y en el deber de recoger este estado de opinión y trasladarlo a nuestros hermanos del pueblo gallego, con el deseo y la esperanza de que estas muertes y estos sacrificios cristalicen definitivamente en una lucha unitaria que articule toda la oposición gallega y que, en relación a la lucha unitaria de las otras nacionalidades del Estado español, laboren para un futuro democrático en donde los derechos de los individuos y de los pueblos sean reconocidos y respetados.

COMISSIO COORDINADORA DE FORCES POLITIQUES DE CATALUNYA

Catalunya, marzo de 1972

AL PUEBLO DE LUGO

La situación creada por el alza de precios lleva al "Pueblo" a unas condiciones infrahumanas, por lo que nos vemos obligados a luchar por unos salarios dignos y la respuesta de la Patronal y el Gobierno son balas de muerte como demostraron en Granada, en Madrid, Erandio y muy recientemente en Ferrol.

HOMBRES Y MUJERES DE LUGO. La única arma que tenemos para contrarrestar esta brutal represión es la unidad y la solidaridad económica y moral con todos aquellos que luchan por unas reivindicaciones justas.

LUCHEMOS POR UNA ESPAÑA DONDE PEDIR PAN PAZ Y JUSTICIA NO SEA UN CRIMEN.

Signamos el ejemplo de los obreros de Ferrol y Vigo que con los estudiantes de la Universidad Gallega luchan por una igualdad de derechos.

← HOMBRES Y MUJERES DE LUGO SOLIDARIZEMOS CON ELLOS.

¡ TODOS JUNTOS VENCEREMOS !

Comité Local del Partido Comunista de Galicia

Lugo marzo de 1.972





Coñecín persoalmente a Amador, Ramón de nome clandestino, en Santiago. Cartearámonos previamente pois sabía da súa existencia a través das referencias aparecidas nos estudos sobre a historia de Comisiones Obreiras en Galicia. Ramón fora un dos reorganizadores do Partido Comunista en Galicia (e, xa que logo, de CC.OO.) chegados ó interior na primeira metade dos anos sesenta. Dende a morte de Franco, Amador Martínez vén por Galicia case tódolos veráns, así que accedeu a realizar unha entrevista sobre as súas experiencias e lembranzas. Fíxose no mes de xullo de 1997. Daquela reunión compostelá saíu, ademais, unha viaxe a París no mes de setembro seguinte. Alí completábase a entrevista. Amador abriu a súa casa (e a súa memoria) con toda a hospitalidade do mundo¹. Daquelas charlas, das autobiografías entregadas por Amador ó Arquivo do Partido Comunista de España e da correspondencia que dende entón manteño con el, xorde este testemuño, por forza incompleto².

AMADOR MARTÍNEZ, RAMÓN

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

Amador Martínez naceu nunha familia campesiña en Vilachá (Lugo), o día 2 de decembro de 1914. Os seus pais rexentaban unha tenda de ultramarinos, o que lles permitía alimentar con dificultades os sete fillos, tres mulleres e catro homes: “Recuerdo” —apunta Amador— “que en nuestra casa en aquellos tiempos se hacía la escuela; al parecer era nuestra casa la única que reunía las mínimas condiciones para la escuela. No por eso pudimos ir a ella, porque desde muy tierna edad tuvimos que trabajar en el campo y en todo lo que se presentaba para ayudar a nuestra madre para poder salir adelante”.

Deste xeito, ós quince anos Amador comezou a traballar en Monforte na cons-

trucción do ferrocarril. Estes temperáns contactos co mundo laboral despertaron nel unha certa conciencia de clase e Amador afiliouse á UGT.

En Galicia producíronse algúns acontecementos relacionados coa Revolución de 1934 e, tamén, mostras de solidariedade cos revolucionarios de Asturias. Amador Martínez tomou parte nos feitos que se desenvolveron na comarca de Monforte e, a raíz deles, afiliouse á Xuventude Comunista. Foi a primeira ocasión na que Martínez tivo que pasar á clandestinidade.

Dende 1935, Amador Martínez residiu en Madrid, xa que estaba cumprindo o ser-

vicio militar no aeródromo de Cuatro Vientos, onde soubo da sublevación do 18 de xullo. Ascendido a cabo, foi nomeado instructor de ferroviarios no convento de Príncipe de Vergara. Ó pouco foi enviado outra volta a Cuatro Vientos como instructor da columna do tenente coronel Rubio. Partiu para Peguerinos, na serra madrileña, onde ficou sete meses. Tras sandar dunha ferida de guerra entrou na Garda de Asalto, destinado ó 5º Grupo, nas trincheiras do Hospital Clínico. Alí foi novamente ferido, esta vez de dous tiros na cabeza, polo que pasou un mes nun sanatorio de Cuenca. Marchou despois a Cataluña.

Intentou presentarse ós cursos de piloto pero debido ás súas feridas de guerra non o conseguiu. O 9 de febreiro de 1939, Amador Martínez cruzou a fronteira camiño do exilio: “En la cima del monte vimos ondear la bandera republicana, y un poco más abajo, en la otra vertiente pirenaica, la tricolor francesa. Cuando nos presentamos a los gendarmes nos dijeron que para entrar en Francia, teníamos que dejar las armas [...]. En ese momento, con los camaradas que quedábamos de nuestra compañía, hicimos la solemne promesa de no cejar en la lucha mientras que no resplandeciera en España, de nuevo, el sol de la libertad”.

Xa en Francia, foi internado no campo de concentración de Stepfont, que segundo o seu propio relato ofrecía mellores condicións ca outros. Conta que en cada barracón “había unas trescientas personas. Dormíamos sobre paja tirada directamente en la tierra. En los barracones estábamos dispuestos por filas de a 12, lo que era una barbaridad, ya que para entrar todos teníamos que dormir de costado [...]. Comida pésima, falta de higiene en todos los sentidos... A los dos meses de estar allí, sobre todo la gente más sucia, estaba cubierta de piojos”.

A súa situación nestes anos foi de detencións, cárcere, etc. Escapou do campo



Documentos de identidade de Amador Martínez. O primeiro é falso



de Noé o 17 de xaneiro de 1944 e incorporouse ó maquis. “Participé” —conta Ramón— “en acciones importantes por la zona de Saint Girons y, en particular, en el desarme de gendarmes para recuperar las armas para la guerrilla”. Continúa Martínez relatando que “posteriormente recibí la orden de trasladarme a Barbazan [...].


Amador amosa, na súa casa nas aforas de París, algúns dos obxectos que empregaba no seu labor clandestino

Nuestro destacamento participou en varias ocasións en sabotaxes, particularmente en las vías del ferrocarril que va de París a Tarbes, y de los postes de electricidad”.

Ó que rematou a Guerra Mundial, recibiu unha “carta de privilexiado” do Goberno francés. Pero dende 1946 volveu á clandestinidade para desenvolver-la súa actividade para o PCE: “Trabaje en Asturias, primero en Aragón, después en Asturias, pues pasé dos o tres veces por Galicia, incluso tuve una entrevista con Gayoso en una ocasión”. Nos anos cincuenta fixo de guía nos pasos de militantes a España, na zona de Aragón. O antigo secretario xeral do Partit Socialista Unificat de Catalunya, Gregorio López Raimundo, recorda a Amador nestas tarefas como “un camarada muy alto, de ojos claros muy llamativos y de unos pies enormes para los que debía ser muy difícil encontrar zapatos en las tiendas. Su acento y manera de hablar denunciaban su origen gallego [...]”.

Bo coñecedor do Pireneo, dedicábase a pasar pola fronteira os comunistas que tiñan que face-lo seu clandestino traballo no país. Realizada a súa misión, volvía a Francia. Estas viaxes duraban ás veces varias semanas de vida no monte, coa comida e as armas ó lombo. Valíanse dalgúns “puntos de apoio” para descansar e avituallarse. Nun deses puntos Amador e os seus compañeiros tiveron un enfrontamento coa Garda Civil. O suceso ocorreu cerca dun campo de aviación, polo que as forzas franquistas axiña recibiron reforzos. Amador e os seus camaradas trataron de fuxir polos campos de trigo. A sorte acompañounos daquela e deron escapado. Segundo conta Amador Martínez estas experiencias, parece que a presenza da morte na vida daquelas mulleres e homes era unha constante. A vida tiña un principio e un final. E a vida era só para os máis aptos.

“En el 48 yo asistí” —recorda Martínez— “a la reunión de cambio de táctica



del Partido para trabajar en los sindicatos verticales [...] La reunión del Comité Central duró siete días. Hubo efectivamente mucho debate. Entonces de ahí salió claramente que había que trabajar en los sindicatos verticales. Y yo recuerdo que en la reunión en aquel momento dicen ‘bueno, tú vas a ir a Asturias’ para organizar el cambio. La primera reunión después de tomar con-



tacto con los camaradas en Asturias fue con trece camaradas en la montaña. Y yo creo que me pegaban. Los asturianos me pegaban. Yo creo que a veces los piqué hasta tal forma, los llamé incluso cobardes, ¿no? Así con palabras. Me lo recordaban allí dos que vinieron a Francia, que yo llamé cobardes al grupo, porque yo a los asturianos siempre los conocí mucho, que de repente son

formidables, después me transformo y me cago en mi madre, ¿no? son terribles, ¿no? Y yo sé allí, yo creo que fueron docenas y docenas de veces los cien que estuvimos allí yo decía que se cagaban en mi madre; ¡cómo voy a trabajar yo con ese fascista! Dicen. Les costó mucho aceptar el cambio”.

Anos despois, a principios de 1960, o noso protagonista foi enviado a Galicia para reorganiza-lo seu Partido: “Bueno el caso es que en un momento dado vinieron a verme Eduardo García y Julián Grimau, que trabajaban los dos en el aparato del Partido, y me plantearon la cuestión de si yo estaría dispuesto a venir a Galicia”. Deste xeito, Ramón comezou a reconstrucción das organizacións clandestinas a partir duns poucos contactos. Sen embargo, o seu labor tivo éxito pois “Incluso, bueno, al poco tiempo de estar yo aquí incluso se compró un coche de ocasión. En el Comité Central me habían dicho de comprar un coche que valiera la pena. Lo compró un camarada que era representante y viajaba por toda Galicia. Todavía me parece que tengo yo lo que costó el coche. En pocos sitios lo había en aquel momento. Fuimos los primeros en eso. De todas formas, yo nunca monté en él, estaba prohibido por razones de seguridad”.

Despois de cinco longos anos de permanencia en Galicia (“Decía Carrillo: Desde luego, no sé cómo Martínez dura tanto en Galicia”), regresa definitivamente a París, onde “en un momento dado me dijeron que si estaba de acuerdo podía ingresar en el equipo de Ebro [a editorial do PCE en Francia], ‘ahora siempre en la cosa de que a lo mejor una semana después te llamamos para ir a Galicia, ¿no?, o a otro sitio’. Digo: ‘Bueno, de acuerdo, de acuerdo, estoy dispuesto’. E ingresé en el equipo de Ebro. A la editorial era donde empezaron a venir los camaradas que venían de España ¿no?, sobre todo intelectuales, responsables en provincias. Y los recibía yo. Entonces los

Amador Martínez e a súa muller, Lilianne, reciben o premio 10 de Marzo

(abaixo)
Un DNI falso de Ramón



llevaba la tarde después a entrevistarse con Santiago Carrillo”.

Amador non volveu clandestino a Galicia pero a súa longa experiencia militante foi o valor que o levou a ser membro do primeiro Comité Central do Partido Comunista de Galicia, creado en decembro de 1968.

A morte do dictador non acabou coa actividade deste vello comunista que segue vivindo en París. Dende aquel ano de 1975, visita Galicia tódolos veráns, pois gústalle asistir ás manifestacións do 25 de Xullo. De incansable militancia, na actualidade, ademais de segui-la actividade política con grande interese, Amador Martínez repite arreo: “En cuanto a nuestra vida y vida de militancia, si me interesa contarla y que no caiga en el olvido es porque quizás sirva de algo, sobre todo a la juventud, en bien de una sociedad más justa, más solidaria, más humana entre todos los seres que vivimos en ella”. •



Guerra y revolución, as memorias de Antonio Cerdón, obras sobre a guerrilla, escritos de Santiago Carrillo, os clásicos dos marxismo (Marx, Lenin, Stalin...), Gorki, libros soviéticos, libros sobre a URSS, Modesto, Camacho, Picasso, Sartorius, José Díaz, Duclos, Thorez, Nuestra Bandera, etc.

² Para a elaboración deste testemuño, completámo-las entrevistas realizadas entre xullo e setembro de 1997 coas seguintes fontes: Ampliación a la biografía de Martínez Fernández Amador, AHPCE. Pasos. Informes sobre camaradas. Jacq. 66; Autobiografía de Martínez Fernández, Amador, AHPCE. Pasos. Informes sobre camaradas. Jacq. 178; Gregorio López Raimundo (1993), Primera clandestinidad. Memorias, Barcelona, Antártida/Empúries; Memorias del olvido. La contribución de los republicanos españoles a la Resistencia y a la liberación de Francia, 1939-1945 (1996), París, Federación de Asociaciones y Centros de Españoles Emigrantes en Francia (FACEEF).

**VÍCTOR MANUEL
SANTIDRIÁN ARIAS**

PROFESOR DE
SECUNDARIA
vsantidrian@edu.xunta.es

NOTAS

¹ Entre outras moitas cousas, mostroume a súa rica biblioteca, a propia dun militante da súa época e do seu tempo: libros de Dolores Ibárruri, a historia oficial do PCE publicada nos anos sesenta,

ADEMAIS DE LER SOBRE ELES, É POSIBLE VELOS

JOSÉ BABIANO

O centro de traballo é un lugar fundamental na análise das relacións laborais e da súa historia. É alí onde se produce o excedente que se apropiará o capital e que dá lugar ó antagonismo estrutural entre aquel e os traballadores. É tamén un escenario de relacións sociais xerarquizadas e un espacio de socialización no que se tecen lazos tanto de lealdade vertical como de solidariedade horizontal. E é, ó cabo, o lugar no que os propios traballadores pasan gran parte das súas vidas (véxase, por exemplo, Burawoy, 1989). Estas cuestións, que parecen moi elementais, non o son con bastante frecuencia, como mostra o feito de que na Historia social española as monografías de fábrica ou os estudos de caso rareen bastante. Tampouco nas análises históricas sobre a condición obreira, alén de tomar algún dato solto, adoita o centro de traballo constituí-lo fío conductor.

De tódalas maneiras, o obxectivo deste artigo non é laiarse polo que coidamos unha carencia en Historia do Traballo, senón máis ben formular cómo a fotografía pode resultar unha fonte interesante nos estudos da dita especialidade. Coñecemos os límites que as fontes documentais máis tradicionais (lexislación, prensa ou estatísticas, por exemplo) ofrecen á hora de reconstruí-lo pasado do traballo e dos traballadores. Estes límites son aínda máis severos se a perspectiva que queremos adoptar na devandita reconstrucción ten como punto fundamental

de observación o taller ou a fábrica ou ben se desexamos coñecer os procesos de traballo en canto que disposición técnica e construción social. Os antropólogos ou os etnógrafos acostuman recorrer nestes casos á entrevista persoal e á observación participante. Non vexo por qué os historiadores habemos renunciar a métodos que poden proporcionarnos datos ou elementos de análise sobre os que en xeral non escribiu a xente que nós tomamos como obxecto de estudio.


Sen embargo, ós historiadores pódenos ocorrer que nos resulte imposible poñer en práctica tanto a entrevista como a observación participante, por razóns obvias de espacio temporal. A fotografía pode ser entón unha fonte de grande interese, capaz de contribuír á construción do crebacabezas que representa a nosa investigación. Permítenos, de feito, visualiza-los traballadores do pasado, os espazos nos que se desenvolvían, os seus hábitos e ritos, etcétera. E isto sempre será moito mellor que limitarnos soamente a imaxinalos a partir de textos. Nada do proposto polo de agora é orixinal, por suposto. Xa en 1935-1937, a Farm Security Administration do Goberno federal encargou unha serie de reportaxes sobre as condicións de vida dos campesiños norteamericanos na época da Gran Depresión. O resultado non foi outro que unha ampla serie de documentos sobre a loita pola supervivencia daqueles campesiños (Abad, 1999: 9).

Canto á información que pode subministrarse a fotografía, ocorre un pouco como coa correspondencia. Así, do mesmo xeito que unha carta nos proporciona algúns datos soltos e é o epistolario completo o que se converte nunha verdadeira fonte de información, serán as coleccións ou reportaxes nas que mellor podemos apoiarnos na nosa investigación.

É unha única fotografía, sen embargo, a que agora imos comentar. Pertence, non obstante, a unha ampla colección procedente dos estaleiros de Bazán, en Ferrol, e as copias poden consultarse no Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo.


A nosa imaxe está tomada dun taller de mecanizado e axuste do citado estaleiro¹. Como teño visto máis fotografías da mesma colección, algunhas delas datadas nalgunha das marxes inferiores, podo saber que esta se sitúa nas dúas primeiras décadas do século XX. A fotografía, en realidade, non reflicte unha escena cotiá, xa que tódolos que nela aparecen interromperon os seus labores e están posando. Neste gran retrato colectivo pode observarse unha xerarquía social. Así, no primeiro plano aparece un aprendiz (un neno) á dereita, mentres á esquerda aparece un dos supervisores ou contramestres que están presentes no taller. O outro atópase, coas mans no van, ó final da fila de bancos con parafusos da dereita. Ambos son os únicos da escena que levan gravata e colos brancos por baixo da roupa de traballo.

Non se aprecia, por outra parte, ningunha ventá ou entrada de aire e luz natural, o que pode proporcionarnos algunha idea sobre o ambiente no que traballan os obreiros deste taller. Podemos tamén recoñecer algunhas máquinas, como os grandes discos da esquerda, pertencentes a xigantescos tornos para a elaboración de pezas. Ó fondo, á dereita, hai outra gran máquina para limar e axusta-la superficie de grandes pezas. Na parte superior, no centro, pendura unha ponte



de guindastre que permite desprazalas pezas pesadas ó longo do taller para realiza-lo seu axuste. Finalmente, no centro hai dúas filas de mesas con parafusos. Estes parafusos utilízanse como suxeición de pezas pequenas para limar ou efectuar outras operacións manuais.

O escenario non deixa de ser heteroxéneo, coa presenza de máis dunha trintena de operarios, o que indica a importancia do traballo vivo. No chan poden observarse, ademais, elementos e pezas capaces de empece-los desprazamentos tanto dos obxectos como das persoas (algo que alpo-



rizaba a Taylor cando observou os talleres norteamericanos de principios do século XX). Hai, pois, un aire pretayloriano, previo a unha disposición e organización ríxidas dos homes e das máquinas no taller.

Escápanseos, desde logo, moitos detalles desta complexa escena de traballo. Seguramente se lla mostramos a un metalúrxico veterano poderá facer comentarios máis extensos e útiles sobre a vida obreira neste taller do estaleiro. O que nos remite outra volta e de forma obvia á complementariedade das fontes no estudio da historia do traballo. •

BIBLIOGRAFÍA

- Abad, X. (1999), "Fotografía e traballo", Fundación 10 de Marzo e Fundación 1º de Mayo, *España Século XX. Escenas do traballo*, Pontevedra, Deputación Provincial, páxs. 9 e 10.
- Burawoy, M. (1989), *El consentimiento en la producción. Los cambios del proceso productivo en el capitalismo monopolista*, Ministerio de Trabajo.

NOTAS

- ¹ Como facilmente imaxinará o lector, o dato sobre qué tipo de taller é o que presenciamos foime facilitado por un profesional metalúrxico. Como descoñeza a maior parte das máquinas que hai nun taller desta natureza —como supoño que lle ocorre á gran maioría dos historiadores sociais— xamais daría adiviñado consultando documentación escrita convencional.



UN CONCEPTO A CLASE SOCIAL COMO IDENTIDADE COLECTIVA

MANUEL PÉREZ LEDESMA

Aínda que o termo “clase social” empezou a utilizarse no seu sentido moderno a comezos do século XIX, a primeira formulación dunha teoría das clases achámola nos escritos de Marx. A cita máis habitual, procedente do primeiro parágrafo do capítulo primeiro de *Manifiesto Comunista*, refírese a “toda a historia da sociedade humana” (ou, polo menos, a “toda historia escrita”, se facemos caso á corrección posterior de Engels) para definila como “unha historia de loitas de clases”. A continuación do parágrafo exemplifica esa idea: “Libres e escravos, patricios e plebeos, baróns e servos da gleba, mestres e oficiais; nunha palabra, opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininte-

rrompida, velada unhas veces, e outras franca e aberta, nunha loita que conduce en cada etapa á transformación revolucionaria de todo o réxime social ou ó exterminio de ámbalas clases belixerantes”.

Como Marx non completou o capítulo de *O Capital* dedicado ás clases sociais, foi este texto, unido a algúns outros escritos de contido histórico ou político, a fonte de inspiración para a maioría dos seus seguidores. De feito, nel atópanse os tres trazos fundamentais da teoría marxista das clases. O dualismo, en primeiro lugar: en cada período histórico hai dúas clases principais arredor das cales se estrutura o conxunto da sociedade; o cal non significa que só existan dúas clases, como ás veces se ten interpretado, senón que as demais teñen un papel secundario, ou son restos do pasado e están por iso destinadas a desaparecer. No sistema capitalista, de acordo coa análise de Marx, a aristocracia acabaría unida á clase burguesa, e a pequena burguesía ou os campeñiños independentes integraríanse ó cabo no proletariado; de forma que o desenvolvemento futuro do capitalismo simplificaría a división social ata deixar encaradas as dúas clases fundamentais. Xunta o dualismo, e como segundo trazo da análise, o carácter inevitable do conflito: clases e loita de clases eran dúas realidades intrinsecamente unidas desde as orixes da historia (da historia *escrita*, porque antes dela puido existir, explicou Engels, unha sociedade comunista aínda non dividida en clases). Por último, a idea de que en cada período histórico, a loita conducía ó cabo a un enfrontamento final, e tras dela á destrución da antiga clase dominante e ó nacemento dunha nova estrutura social.

Verbo destas ideas xiraron os debates entre marxistas e non marxistas durante o último século e medio. Os non marxistas téñense referido en moitas ocasións á pluralidade de clases, definidas por criterios como a riqueza, a educación ou a conside-

ración social: un bo exemplo destas formulacións é a diferenciación, de uso xeneralizado, entre clase alta, clase media e clase baixa. En cambio, na tradición do marxismo, e sobre todo no marxismo máis ortodoxo, mantívose o dualismo por considerar que é a propiedade ou a ausencia dela a que determina a división social fundamental; ben é certo que no canto da referencia ó proletariado industrial, ou en xeral ós traballadores manuais, como a clase dominada, agora esta é definida pola condición de asalariados dos seus membros.

Para os que nos dedicamos á historia, unha das contribucións máis relevantes ó debate sobre as clases está nun dos libros de historia máis influentes da segunda metade do século XX, *La formación de la clase obrera en Inglaterra*, do historiador marxista Edward Palmer Thompson. Marxista, aínda que non moi ortodoxo, Thompson non elaborou unha nova teoría, senón unha análise histórica da conversión dos traballadores británicos nunha auténtica clase social. Pero no fondo da súa análise atópase unha concepción global, tan distante do marxismo máis ríxido e economicista coma das concepcións sociolóxicas enfrontadas á obra de Marx.

Pódese resumi-la súa achega nunha frase xa moi coñecida: a clase non é un “ser”, senón un “acaecer” ou, se se prefire outra tradución, un “devir” (*happening*). É dicir, a clase social non é unha realidade estática, unha *cousa*, unha esencia inmutable, senón algo cambiante. Non é o resultado inevitable das relacións de produción, senón unha relación histórica ó longo da cal, diría Thompson “algúns homes, de resultas das súas experiencias comúns (herdadas ou compartidas) senten e articulan a identidade dos seus intereses á vez comúns a eles mesmos fronte a outros homes con intereses distintos (e a miúdo opostos) ós seus”. A definición remítenos a unha identidade colectiva, formada a partir de expe-

riencias compartidas nun terreo moi preciso: o terreo dos intereses. Unha identidade, xa que logo, distinta doutras identidades colectivas, que teñen como nexos de unión a etnia, a lingua, as tradicións, o xénero, a relixión ou as actitudes políticas e sociais.

Un breve repaso ó estudo de Thompson sobre a clase obreira inglesa permitirá precisar esa concepción. A formación da clase obreira non foi o resultado directo da evolución económica, e en concreto do xurdimento do capitalismo industrial, senón que precedeu a industrialización e en boa medida se encarnou en sectores alleos a ela. Foron os traballadores dos oficios tradicionais (como os “zapateiros, teceláns, talabarteiros e gornicioneiros, libreiros, impresores, obreiros da construción, pequenos comerciantes e outros polo estilo”), e non os obreiros das novas industrias, os que primeiro asumiron a identidade de clase. Fixérono porque compartían experiencias negativas: porque se sentían explotados no terreo económico e sometidos no político. Da análise desas experiencias xurdiu a necesidade de asociarse para combateren tales males: velaí por qué os primeiros sindicatos non tiveron como promotor nin como socio o incipiente proletariado industrial, senón os traballadores das artes e os oficios máis clásicos e menos mecanizados.

Estudios históricos posteriores sobre outros países europeos puxeron de manifesto que esa descrición non é válida só para Inglaterra, senón que pode aplicarse igualmente ó continente. Tamén aquí foron os artesáns dos talleres, e non os traballadores da “fábrica escura e satánica”, os que promoveron a organización e a acción de clase. Dunha clase obreira entendida como un protagonista da historia, e non como unha pura categoría sociolóxica; entendida, en suma, como unha identidade colectiva. •

MOVEMENTO OBRERO GALEGO DE ANTEGUERRA: HISTORIOGRAFÍA RECENTE

ELISEO FERNÁNDEZ / DIONISIO PEREIRA

A ausencia dende hai algún tempo de publicacións que aborden o acontecer do obreirismo galaico anterior á Guerra Civil dende aspectos xerais, atendendo a unha determinada corrente ou a unha temática específica, e o crónico desinterese que a Universidade amosa neste apartado, poderían facer pensar que os historiadores teñen abandonado un campo que, certamente, nunca contou con demasiada concorrencia. A impresión é, non obstante, equivocada; aquí e acolá, coma pezas que van compoñendo un crebacabezas, a historia local vai suplindo eivas e ausencias máis ou menos xustificadas, achegando mil e un rexistros e matices chamados a enriquecer e humanizar futuras (e necesarias) visións de conxunto. Asemade, os traballos locais tamén reclaman a atención sobre aspectos que a penas foron considerados pola historiografía 'oficial': o universo da muller traballadora ou a cultura operaria, por exemplo, non serían os menos importantes.

Emporiso, nun país tan desartellado coma o noso, non é doado estar ó tanto de publicacións cunha máis ca minoritaria difusión, restrinxida decote ó espazo que recrean; por iso decidimos ofrecerlle ó lector unha crónica fuxidía do esforzo que neste eido se está a realizar dende moi diversos territorios e perspectivas.



Velaquí uns exemplos:

**Xavier Blanco (2000),
Xaime Quintanilla Martínez:
Unha pegada inesquecible,
Ferrol, Concello de Ferrol.**

**Javier Blanco Paredes, Ángel
Mato Escalona, e Víctor López
Carbajales (1999), Os sucesos de
outubro de 1934 en Ferrol, Ferrol,
Asociación Cultural Quintanilla
Martínez.**

Estes dous traballos, da man da Asociación Cultural Quintanilla Martínez e dos seus membros, contribúen a situa-la historia do socialismo galego nun dos seus baluartes xeográficos: a comarca de Ferrol. No traballo sobre Xaime Quintanilla e no capítulo dedicado á figura

do mestre socialista Ángel Mato Peña do libro *Os sucesos de outubro* afóndase na traxectoria vital de dous destacados militantes socialistas. Aínda que sobre o perfil de Xaime Quintanilla xa existían traballos biográficos como o da súa neta Blanca Quintanilla Rico (Ferrol: Ateneo Ferrolán, 1998), esta contribución vén a afondar na súa figura. Sen embargo, o dedicado a Ángel Mato é a primeira achega á biografía deste mestre e sindicalista galego.

Os tres capítulos restantes de *Os sucesos de outubro* resultan un interesante relato do levantamento de outubro do 34 en Ferrol, así como dos seus antecedentes e consecuencias; o feito de que Ferrol fora a zona de Galicia onde o levan-

tamento asturiano tivo máis repercusión, fai aínda máis valioso este traballo. Ó longo de ámbolos ensaios, albíscanse as diferentes tendencias que agroman no socialismo ferrolán e cómo se van ir expresando sindical e politicamente ata concluíren no levantamento de outubro. O resultado é satisfactorio canto ós seus obxectivos, de maneira que tanto os perfís biográficos coma a análise das xornadas de outubro do 34 chegan nidiamente ó lector. Aínda así, bótase en falla unha máis ampla perspectiva verbo das diferentes correntes sindicais e políticas e, sobre todo, canto ó marco temporal. A Asociación Cultural Quintanilla Martínez dá así un paso adiante na tarefa de rescata-la memoria dos homes e os feitos do socialismo ferrolán, que agardamos teña continuidade.

Carlos Pereira Martínez (1999),
Anxo Senra Fernández, Noia,
Editorial Toxosoutos.

Carlos Pereira Martínez, (1999),
“Unha achega á historia da
F.A.I. en Galicia: o grupo
‘Plantas Nuevas’ de Betanzos”,
Anuario Brigantino, 22.

O polifacético Carlos Pereira é autor de dous traballos que, dende diferentes perspectivas, enriquecen a historia do movemento obreiro en Galicia. O primeiro é unha achega á historia dun establecemento industrial, a Fábrica de Calzados de Anxo Senra; nel, Pereira afonda nas orixes das industrias do calzado en Galicia, facendo fincapé no vínculo de moitas delas coa tradición zapateira da vila de Noia.

Na historia de Anxo Senra e a súa industria zapateira, reflíctese o ambiente social daquela Coruña republicana e do seu rico asociacionismo, incluíndo, por suposto, o sindicalismo dos operarios da súa fábrica, ligado á Confederación Regional Galaica da CNT. Neste aspecto, o estudio da actividade societaria dos traballadores de Senra resulta ilustrativo da com-



plexa relación entre a burguesía republicana e o poderoso anarcosindicalismo da Cidade Herculina.

O segundo traballo de Carlos Pereira afonda nunha cuestión practicamente virxe no panorama historiográfico galego e na que, ata o momento, a maior parte das interpretacións padecían un escaso baseamento documental e un exceso de superficialidade. O tema é, por suposto, a historia do anarquismo organizado en Galicia, e, máis concretamente, a da súa organización clásica, a Federación Anarquista Ibérica (FAI). No plano peninsular, a visión da FAI introduciu unha forte renovación a partir da publicación da documentada obra de José Luis Gutiérrez Molina sobre a FAI andaluza, na que se poñían en cuestión boa parte das teses enunciadas

ata o momento, e moi especialmente a teoría segundo a cal a FAI exerceu unha total hexemonía sobre a CNT a partir de 1933; en Galicia esta tese alimentábase, ademais, coa interpretación partidista do militante do Partido Sindicalista, Manuel Fernández Fernández, recollida na *Gran Enciclopedia Galega*, que foi asumida acriticamente e reproducida en boa canti-

dade de obras. O ensaio de Carlos Pereira sobre a FAI brigantina é un bo comezo na tarefa de historia-los avatares do anarquismo organizado en Galicia e resulta, asemade, unha interesante contribución á historia de Betanzos.

José María Lombardero Rico,
(1999), *Sociedade Ribadense*
(1900-1936), Ribadeo, Nigoba.

Este traballo representa un dos poucos esforzos de recuperación da historia do movemento obreiro na provincia de Lugo, reducidos polo momento ós traballos de Carlos Nuevo para a zona de Viveiro. Malia que o obreirismo lucense non tivo a mesma forza có das provincias da Coruña e Pontevedra, si que houbo

unha importante actividade sindical na capital da provincia, nos núcleos mineiros de Vilaodrid, Freixo, Silvarrosa e, tamén, no ferroviario de Monforte, que é merecente de algo máis de atención.

En *Sociedade Ribadense (1900-1936)*, Lombardero fai un percorrido polo asociacionismo en Ribadeo e a súa bisbarra. No camiño, atopámo-la profunda influencia que o socialismo exerceu na zona; unha influencia reflectida fundamentalmente a través da Sociedad Obrera La Prosperidad que, dende principios do século XX ata o fatídico 1936, representou unha das máis importantes forzas sindicais da beiramar lucense; pero, ademais, a súa obra dá conta da participación de militantes socialistas noutras asociacións da comarca, tanto as de tipo cultural como agrario ou ata mutualista. Por último, neste traballo resulta especialmente innovadora, debido á orixinalidade do fenómeno, a análise da traxectoria do Ateneo Biblioteca Popular de Ribadeo e da súa Biblioteca Popular Circulante, representativas da incidencia en Galicia do vizoso movemento bibliotecario asturiano, que chegou a espallarse por varias vilas da costa lucense.


Alfonso Gomis Rodríguez, (2000), *La insurrección de Ferrol de 1872, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña.*

O libro de Alfonso Gomis non está enfocado especificamente cara á historia do movemento obreiro en Ferrol, pero si resulta interesante polo feito de poñer en relación as nacentes sociedades obreiras co



potente republicánismo ferrolán e co movemento insurreccional de 1872. Ó longo de toda a obra, maniféstase a influencia da crise dos arsenais no proceso de radicalización dos obreiros ferroláns, en primeiro termo cara ó republicanismo federal e máis adiante tamén cara ó obreirismo da man da Asociación Internacional dos Traballadores (AIT). Este nexos faise presente no traballo a través da figura de Federico Díaz Palafox, federalista e internacionalista a un tempo, quen tivo que fuxir a Porto logo da insurrección republicana.

A fin de contas, o achegamento ó devandito levantamento é modélico canto á análise dos suxeitos actantes e a conxuntura local e nacional que o motivou; mais por desgracia, a publicación padece un dos grandes problemas da nosa historiografía, como é a escasa —por non dicir inexistente— distribución comercial da obra.



Xulio Prada Rodríguez, (2000), “Asociacionismo agrario e mobilización política na Baixa Limia (1934-1936)”, *Lethes. Cadernos Culturais do Limia*, 2, outono.

Achega aquí o autor un anticipo da súa tese, *Violencia, protesta social e orde pública en Ourense (1934-1936)*, aplicado a unha bisbarra coincidente co partido xudicial de Bande. Unhas terras que a penas coñeceron o agrarismo de Basilio Álvarez, pero que, contradictoriamente, durante o devalo da II República albiscaron un serodio activismo do PCE, co resultado da integración de diversas sociedades agrarias e de ‘Oficios Varios’ na Federación Provincial de Campesinos de Ourense, presidida polo veterinario comunista Benigno Álvarez.

Mediante unha análise da composición social de Izquierda Republicana (o partido republicano con maior implantación na zona), confirma Prada unha hipótese xa barallada por outros historiadores verbo da continuidade do caciquismo bugallalista nos partidos que na Fronte Popular reteñen o poder municipal.

E con algunhas pinceladas, apunta a relación entre un agrarismo progresivamente homoxeneizado co obreirismo urbano (moi influído en Ourense polo PCE), cos novos ‘empresarios políticos locais’. Un vínculo que Prada conclúe íntimo e positivo para o societarismo da Baixa Limia, mais cómpre agarda-la publicación da súa tese por maior abastanza na devandita interpretación, se cadra ampliada a toda a provincia ourensá.



Xesús Torres Regueiro, (1998)
“Os inicios do movemento
obreiro e agrario en Betanzos
(1899-1919)”, *Anuario*
***Brigantino*, 21.**

Facendo pouco ruído pero cunha perseveranza exemplar, Xesús Torres segue a completa-la súa ollada sobre o obreirismo betanceiro, iniciada hai anos cunha primeira entrega relativa ós tempos da II República. O ensaio que temos entre as mans párase no abrente das sociedades de resistencia da vila do Mandeo, a cabalo entre os séculos XIX e XX; unha época moi pouco coñecida no conxunto galego, polo que o traballo é aínda máis de agradecer.

Da man dunha figura emblemática, Bernardo Miño Abelenda, atende Torres ó xerminar agrarismo de influencia socialista, quizais o que vai agromar con maior forza en Galicia aparelado ó devalar de Solidaridad Gallega. Tamén detalla o autor o tecido das relacións entre o potente obreirismo coruñés e as primixenias sociedades betanceiras, desvelando así a introducción das ideas libertarias na vila. Por último, o fondo coñecemento que Torres

ten de Betanzos ponse de manifesto no apartado dedicado á sociabilidade proletaria, con referencias ás agrupacións musicais, os Ateneos, as Escuelas Nocturnas Obreras, o popular entroido... Un traballo, en suma, feito de vagar, cun rico manexo de fontes e saudable desapego das présas curriculares.

Francisco R. Corrales Siodor, e
Eliseo Fernández Fernández
(1999), *Unha biblioteca obreira:*
O “Centro Obrero de Cultura y
Beneficencia” (Ferrol 1911-1936),
Santiago de Compostela,
Fundación Luis Tilve.

Velaquí un estudio pioneiro que non só se ocupa da traxectoria dunha sociedade enraizada noutrora no proletariado ferrolán, senón que abrangue a maiores o panorama cultural e bibliotecario da Cidade Departamental no primeiro tercio do século XX. Un traballo que fala de cultura obreira como alternativa tanto á nugalla estatal coma ó clasismo de elite doutras instancias educativas, mais dunha alternativa moderada, sempre a punto da colaboración interclasista e á neutrali-

dade política, por ben que os seus alicerces estivesen maiormente no espacio republicano e socialista.

Mediante un minucioso relato das múltiples actividades do centro e da conformación da súa espléndida biblioteca (a única biblioteca pública da cidade entre 1918 e 1936) —relato no que se cadra botamos en falla un maior achegamento á composición social do COCB—, os autores desenvolven un estilo aberto e didáctico que, fuxindo da erudición, adquire tonalidades de denuncia nas referencias ó saqueo da biblioteca nos primeiros días da Guerra Civil e á situación actual do que resta daquela fermosa obra colectiva.

Xoán Miguel González Fernández
e Xosé Carlos Villaverde Román
(1999), *Moaña nos anos*
vermellos: Conflictividade social
e política nun concello agrario e
mariñeiro (1930-1937),
Sada, Edicións do Castro.

Non abundan na nosa historiografía contemporánea as referencias ó mundo do mar nin ó societarismo mariñeiro. Só pola seriedade e dedicación con que os temas devanditos se tratan neste libro, os autores merecen o noso agradecemento; cunha soa pexa: quizais sería aconsellable un maior tratamento da correlación entre o auxe do societarismo mariñeiro (coa conflictividade que leva de seu) e o desenvolvemento, a partir de 1920, da pesca intensiva en Moaña, tendo en conta a reformulación conseguinte dos antagonismos clasistas entre o colectivo mariñeiro.

Outro apartado salientable deste traballo é a análise da composición social ben das sucesivas corporacións entre 1900 e 1936, ben das diversas opcións políticas en liza durante a República, e máis concretamente do Partido Radical. Os resultados da investigación neste eido clarean de xeito considerable a dinámica de clases no Concello, tanto se atendemos ó control do poder municipal coma se considerámo-la conflictividade subxacente no espazo social moañés.

Finalmente cómpre apuntar que o libro está dividido en dúas partes: unha, debedora do manexo das fontes documentais, xornalísticas e bibliográficas; outra, artellada en torno á historia oral. Dúas partes que, sen embargo, pescudan o mesmo espazo territorial, social e temporal. Se cadra é aquí onde puidéramos face-las maiores obxecións, posto que, na nosa opinión, a visión integral na recreación do pasado anima un discurso cheo de matices, dota dun axeitado contexto as lembranzas particulares e fai máis penetrante a interpretación


dos feitos. Ademais, evitariáanse así as repeticións e as excesivas citas de referencia entrámbolos textos que, cremos, empobrecen a lectura. En calquera caso, son reparos que non deben agacha-los méritos dun traballo que é froito dun esforzo delongado e xeneroso.


AA. VV. (1999), *Escolma dos Premios Escolares, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.*

O presente volume, tal e como indica o seu título, recolle os traballos galardoados cos premios de investigación escolar instituídos pola devandita Fundación, ó longo das súas últimas convocatorias. Unha iniciativa loable por canto incentiva o coñecemento do mundo laboral e a historia dos movementos sociais do noso país entre a comunidade educativa, ó tempo que fomenta os labores de investigación en equipo.

Entre as achegas que contén a edición, atopamos algunhas referi-

das á historia do traballo e do movemento operario no período anterior á Guerra Civil. Delas, debido á variedade de fontes utilizadas e á relevancia do tema elixido, cumpriría salientala titulada *Unión Tabacalera versus Nueva Aurora. Un exemplo de confrontación sindical na Coruña (1917-1920)*, realizada por alumnado do Instituto Monte das Moas da Coruña e coordinado por Ana Romero Masiá. Naqueles “anos roxos” en torno á Revolución rusa, tan pouco coñecidos en Galicia, ficou definida a hexemonía libertaria no obreirismo da capital das rías do norte cun par de importantes excepcións: a Fábrica de Fósforos e a Fábrica de Tabacos, atendidas maioritariamente por persoal feminino. Na última, a Federación Tabaquera, articulada no ámbito estatal polo socialista coruñés Severino Chacón, mantería no futuro a súa autonomía fronte á CNT e a UGT, cunha inclinación certa, non obstante, cara á central socialista. Os investigadores máis novos describen axeitadamente a tirapuxa entre anarcosindicalistas e “chaconeras”, que vai dexenerar en confrontación xeneralizada no movemento sindical da cidade, coa resultante da consolidación ata 1936 de ámbolos referentes antagónicos: a Federación Local Obrera (CNT) e a Unión Tabacalera asociada á devandita Federación Tabaquera. O discurso realízase, con todo, atendendo ó protagonismo da organización maioritaria, a UT; iso, unido á ausencia de fontes confederais, tradúcese nunha certa infravaloración numérica e organizativa do sindicato cenetista Nueva Aurora que, contrariamente ó que se afirma, continuou funcionando na República. Tampouco atopamos no texto referencias ó desacordo no devalo





do conflito entre UT e a UGT, á que estaba afiliada en 1917, causa que precipitou a autonomía das cigarreiras respecto da central socialista. Mais son detalles que, dende logo, non diminúen o valor dunha achega innovadora e moi útil para futuras iniciativas de maior envergadura.

**Ana Pose Romero (1999),
As mesteiras coruñesas: Loita e
asociacionismo na Fábrica
de Fósforos (1871-1936),
Santiago de Compostela,
Fundación Luis Tilve.**

Moi relacionado co traballo anterior sobre as tabaqueiras, o libro de Ana Pose pon o seu gran de area no estudo da condición da muller traballadora e das súas prácticas societarias na Coruña, onde o proletariado feminino representou durante o primeiro tercio do século XX máis dun tercio da poboación

traballadora. Como moi ben sinala a autora, a presunta ausencia de conflictividade nestes colectivos femininos xustificou o desinterese da maioría dos historiadores do movemento operario do noso país; sen embargo, tal como fixera outrora Gerard Brey coas tecedeiras, as xastras e as descargadoras do porto coruñés, Ana Pose enxerga as especiais características laborais das mesteiras, desmentindo a imaxe pasiva que delas se tiña. Reparámos, así e todo, nun baleiró canto á traxectoria das mesteiras herculinas durante a II República, se cadra porque a autora non tivo acceso á prensa da Confederación Regional Galaica da CNT, na que se rexistra a integración do sindicato Unión Cerillera na Federación Local cenetista durante todo o período, cunha afiliación que en ocasións superou o sesenta por cento do cadro de persoal.

Finalmente, o libro proporciona interesantes materiais para a historia

dun dos máis coñecidos establecementos industriais da cidade: a Fábrica de Fósforos de Zaragüeta, desaparecida na década dos cincuenta. Unha peza máis para engadir ós traballos xa coñecidos de Ana Romero e Luís Alonso sobre a Fábrica de Tabacos; de Carlos Pereira relativo á Fábrica de Calzados de Senra; de Carlos Velasco sobre a Compañía de Tranvías, e aínda queda por ve-la luz a investigación feita por Alberte Martínez no sector da auga, o gas e a electricidade. *

ELISEO FERNÁNDEZ

PROFESOR DE SECUNDARIA
eliseo@nodo50.org

DIONISIO PEREIRA

PROFESOR DE SECUNDARIA
dpereirag@terra.es

TRANSICIÓN POLÍTICA E MOVIMIENTO OBRERO

PEDRO LAGO


Sonia Alonso (2000)
Élites y masas. Un análisis de la Perestroika y las huelgas mineras, Madrid, CIS, 394 páxinas

No seu libro *Historia del siglo XX*, Eric Hobsbawm argumenta que unha boa delimitación para o pasado século corresponde á que vai desde 1914 a 1991, isto é, desde o inicio da I Guerra Mundial ata o afundimento da URSS. De aí que utilice a expresión “século curto”, que está encontrando nalgúns medios unha acollida favorable.

Do derradeiro grande acontecemento da centuria pasada, a desaparición da URSS, trata precisamente o libro de Sonia Alonso *Élites y masas. Un análisis de la Perestroika y las huelgas mineras*, que ten orixe na súa tese de doutoramento, presentada en 1998 na Universidade Autónoma de Madrid. Como o mesmo título deixa entrever, nesta obra analízase a caída do réxime comunista como resultado das interaccións estratéxicas entre

as elites políticas e o movemento mineiro. Cobre, polo tanto, o período que vai desde 1985, cando Mijail Gorbachov foi elixido secretario xeral do PCUS, ata 1991, momento no que se asinou o acordo polo cal as minas localizadas en territorio ruso pasaban á xurisdicción da República Rusa. Unha decisión que animou os sectores máis conservadores do réxime soviético a daren un golpe de estado para frea-la desintegración territorial.

Para a autora, este acontecemento histórico hai que o concebir como un proceso de fragmentación crecente, que afectou tanto á sociedade civil como ás institucións. Así, por exemplo, no movemento mineiro fóronse consolidando diferentes actores, con estratexias e preferencias de seu; no PCUS e as institucións do réxime impuxéronse as tendencias centrífugas dos *apparatchiki* rexionais. Ó mesmo tempo, o proceso de afastamento do réxime duns e outros alimentábase reciprocamente; o movemento mineiro estaba ó cabo das accións das elites e estas, pola súa vez, deseñaban as súas estratexias e alteraban as súas preferencias en función dos movementos dos actores que integraban o movemento mineiro. Desta forma, o cambio do réxime é concibido como unha sucesión de xogos estratéxicos, coa súa propia lóxica



interna e analizables, en consecuencia, de forma independente.

A investigación de Sonia Alonso invalida, xa que logo, a clasificación do cambio na URSS como unha “transición por arriba” ou “por imposición”, é dicir, un proceso controlado polos grupos dirixentes do réxime e no que o movemento obreiro a penas tivo relevancia. Ademais, supón unha importante contribución á teoría das transicións políticas, pois integra nesta as actuais teorías dos movementos sociais, como fai por exemplo coa estrutura de oportunidade política.

O libro tamén se pode ler como unha introducción a unha forma de facer ciencia social, asociada ó individualismo metodolóxico e a explicación intencional. A análise de Sonia Alonso, centrada no sistema de interacción dos actores, mostra cómo é posible dar conta das distintas direccións que pode tomar en cada momento o acontecer histórico, co cal se foxe do evolucionismo vulgar e da forte carga teleolóxica que adoita acompañalo. •

PEDRO LAGO

PROFESOR DE SECUNDARIA


PUBLICACIONES PERIÓDICAS E ENSINO DA HISTORIA

RAMÓN LÓPEZ FACAL

Nos últimos anos proliferaron as publicacións periódicas de todo tipo especializadas en contidos históricos. Podemos clasificalas en tres grandes grupos: as revistas de divulgación (en moitos casos de “vulgarización”) histórica destinadas a un público non demasiado especializado, aínda que nas súas páxinas aparezan moitas veces valiosas colaboracións de historiadores prestixiosos; as que teñen unha orientación académica, vinculadas a grupos de investigadores universitarios, e, por último, as que adoptan unha orientación didáctica, dirixidas por tanto especificamente ó profesorado.

1. As revistas de divulgación tratan moi raramente temas relacionados co ensino da historia, e cando o fan non sempre se preocupan de proporcionar argumentos, análises ou colaboracións que sexan de utilidade para as aulas. Unha excepción notable, que lembramos con certa saudade, foi a sección “Enseñar historia” que mantivo durante bastante tempo *Historia 16* a finais dos anos oitenta ou primeiros noventa, desaparecida posteriormente nun dos azarosos cambios de equipo que viviu esa publicación. As demais, como *Historia y Vida*, *La Aventura de la Historia* ou a actual orientación de *Historia 16*, prefiren optar por unha historia “de anticuario” para un público acrítico, consumi-

dor de produtos culturais sexa en forma de libros, revistas, documentais, turismo, museos ou exposicións, sen a menor preocupación por achegar argumentos explicativos ou elementos de reflexión para a formación intelectual e social dos lectores senón, máis ben, buscando satisfacer unha demanda de consumo socialmente prestixiada pola identificación dos produtos históricos como signo externo dunha cultura superior.



Non pretendo descualificar este tipo de lectores e lecturas que, sen dúbida, teñen toda a lexitimidade e son preferibles a tanto subproduto que reborda os quioscos de prensa; unicamente trato de constatar que o desinterese deste tipo de publicacións por unha dimensión máis formativa do coñecemento histórico explica a escasa atención que prestan ós temas educativos.

Cando algunha vez tratan un tema relacionado co ensino da historia, como fixo, por exemplo, *La Aventura de la Historia* (publicación do grupo El Mundo) con respecto ó manido “debate sobre as humanidades”, a súa posición foi a previsible, servindo de voceiro das inqedanzas políticas do Goberno reflectidas no informe da Real Academia da Historia.

Este tipo de revistas non nos proporcionan, pois, ó profesorado máis recursos formativos ca calquera outra publicación periódica doutra clase e, por suposto, moitos menos que publicacións especializadas en política, economía, socioloxía, antropoloxía e, por suposto, en historia.

Un caso bastante especial constitúeo a revista catalana mensual *L'Avenç*, unha das publicacións máis veteranas de España (con máis de vinteun anos de existencia), que, malia á súa orientación xeneralista (non especializada, aínda que nos últimos tempos predominan de xeito espectacular os contidos de historia social e cultural contemporánea), cóntase entre as máis rigorosas e prestixiosas cun nivel equiparable ás publicacións académicas. Resulta significativo que tamén sexa unha das poucas que dedica atención permanente a temas educativos mantendo unha


sección habitual (aínda que non permanente) sobre o ensino da historia (*enseñament*) e, incluso, ás veces aborda estes contidos fóra desta sección específica. Por exemplo, teñen en preparación un número previsto para despois do verán de 2001 que contará cun dossier específico.

2. As publicacións académicas de historia son moi numerosas, así que só me vou referir a algunhas das que se ocupan da historia contemporánea de España. Salvo a veterana *Hispania*, que edita o Centro de Estudios Históricos do CSIC e que nos últimos tempos mantén unha calidade media bastante notable, a maioría están vinculadas a algunha universidade.

Cómpre lamentar, en primeiro lugar, a desaparición da revista compostelá *Historia y Crítica*, que non pasou do número 4. Sen un perfil disciplinar moi definido, ocupouse sobre todo de temas historiográficos e políticos e, se ben nunca tratou temas educativos, podería ter chegado a ser unha ferramenta para a actualización do profesorado galego se non desaparecese tan pronto (só alcanzou catro números, publicados entre 1991 e 1994) por carecer do apoio institucional que teñen, por exemplo, publicacións do prestixio de *L'Espill*, patrocinada actualmente pola Universidade de Valencia. Esta, pola contra, non foi unha publicación da Universidade de Santiago de Compostela aínda que os seus promotores (J. C. Bermejo Barrera, Santiago Jiménez, Ramón Máiz...) formasen (e formen) parte dela. Algúns dos artigos publicados en *Historia y Crítica* seguen mantendo interese e

actualidade, polo que resulta recomendable a súa lectura malia ó tempo transcorrido.

A Universidade de Salamanca publica *Studia Historica*, alternando contidos de historia contemporánea con outros de épocas anteriores. A liña actual parece apostar por números monográficos sen que, ata o momento, se ocuparan de asuntos relacionados directamente coa educación; o seu interese é desigual, en función do tema que aborde.



Outro tanto sucede con *Historia Contemporánea*, que edita o departamento homónimo da Universidade do País Vasco, aínda que neste caso o tema monográfico de cada número adoita ocupar aproximadamente só o cincuenta por cento do espacio total da revista, que oscila en conxunto entre as trescentas e as cincocentas páxinas; a periodicidade é de un ou dous números por ano.

Historia Social, dirixida por J. Paniagua e J. A. Piqueras, vén ofrecéndonos, desde 1988 e cunha

periodicidade cuatrimestral, unha mirada plural pero progresista sobre o pasado máis ou menos recente da sociedade española (séculos XIX e XX, fundamentalmente). Na miña opinión, os últimos números non manteñen o interese dos anteriores; as persoas interesadas poden xulgalo consultando os índices e os resumos dos artigos en: <http://www.arrakis.es/~fjhs/hsocial.htm>

Entre as publicacións máis recentes de historia contemporánea, e incidindo neste caso nos aspectos políticos, tal e como aclara o seu título, encóntrase *Historia y Política*, que ademais é unha rara mostra de cooperación interuniversitaria entre o Departamento de Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos da Universidade Complutense de Madrid e mailo Departamento de Historia Social e do Pensamento Político da UNED. Edítase e distribúea Biblioteca Nueva e desde o número 4 (segundo semestre de 2000) está codirixida por Mercedes Cabrera e Santos Juliá. Entre os membros do consello editorial encontramos a Javier Varela ou a Andrés de Blas que se teñen ocupado de temas relacionados cos nacionalismos desde unha posición bastante crítica con respecto ós periféricos, o que contrasta coa súa maior comprensión do nacionalismo español. Por dar unha orientación da mentalidade dominante, e mesmo co perigo de ser reduccionista, creo que entre os seus promotores predomina unha certa reivindicación do papel desempeñado no pasado pola Institución Libre de Enseñanza, reinterpretada á luz das máis recentes tendencias liberais da socialdemocracia europea actual.

Por último, entre as revistas de referencia para a historia contemporánea española é preciso mencionar *Ayer*, editada pola Asociación de Historia Contemporánea (que preside Ramón Villares), publicada e distribuída por Marcial Pons. A periodicidade é trimestral e a súa estrutura, modificada recentemente, aproxímase máis ó que veñen sendo as publicacións académicas habituais, abandonando o formato estritamente monográfico a cargo dun autor que tiña ata hai pouco tempo. Con todo, a parte fundamental dos contidos segue a se-lo dossier monográfico trimestral, polo que tamén o interese pode ser moi diverso para alguén que pretenda manterse ó día do que se está facendo na historia contemporánea de España, algo que, en todo caso, sempre está asegurado.

Ayer editou un número monográfico (núm. 30, 1998) co título "Historia y sistema educativo" (edición a cargo de José M^a Ortiz de Orroño) que segue a ser imprescindible para achegarse cun mínimo rigor ó debate sobre o plan de reforma dos estudos de historia promovidos pola actual administración do PP.

3. As revistas máis especificamente destinadas ó profesorado de historia en centros non universitarios non son moi numerosas e a súa calidade sofre por certas limitacións. Así, *Tiempo y Tierra* non é unha revista que se difunda polas canles comerciais habituais, xa que se trata do boletín da Asociación Española do Profesorado de Historia e Xeografía, que está integrada, sobre todo, por profesores e profesoras de educación secundaria. Ten

bastante implantación en Madrid (onde se edita o boletín) e moi escasa en comunidades periféricas, como Galicia. Resulta sorprendente o escaso espacio que se destina nesta publicación a problemas concretos sobre o ensino da historia, coma se a preocupación principal fose proporcionarles ós asociados unha plataforma para publicalos seus traballos de investigación histórica (ou de xeografía) con dificultades para ser aceptados nas revistas universitarias, antes que proporcionar instrumentos para unha práctica



profesional informada e reflexiva nas aulas. Pódese consultar información sobre a asociación e a revista en: <http://www.aephg.com>

Íber é a revista de didáctica das ciencias sociais que publica a editorial Graó, que tamén saca ó mercado outras específicas para música, ciencias experimentais, lingua, lingua estranxeira e matemáticas, ademais dunha de carácter máis xeral (*Aula de innovación educativa*). Forma parte, pois, dun proxecto pedagóxico e empresarial máis amplo nado ó abeiro da

LOXSE e moi marcado polos ventos constructivistas que se fixeron paradigma hexemónico a partir daquela lei. *Íber* ten unha vocación manifesta de dirixirse ó profesorado de ciencias sociais que está nas aulas, e non tanto ós especialistas universitarios, e iso é moi positivo. Os artigos que publica teñen unha limitación estricta no número de caracteres e, ó parecer, intentan que os temas e mesmo o vocabulario estean ó alcance da maioría e respondan ó seu interese. Sen embargo, hai algo que falla: o índice de difusión é moi limitado (¿por que len tan pouco os profesores de historia sobre asuntos profesionais?) e as colaboracións non sempre parecen responder a eses intereses (¿por que estará tan distante a preocupación dos especialistas en didáctica que escriben os artigos e a do profesorado?). A estrutura da revista segue o esquema xa clásico, dun tema central ou "Monografía", con varias colaboracións, unha sección titulada "Investigación y opinión", outra titulada "Desde el aula" (á que cabe reprochar que non sempre responda estritamente ó título, non sendo raro encontrarnos con propostas feitas desde fóra das aulas) e por último, unha sección de "Informaciones" que habitualmente se limita á recensións de libros. Na miña opinión, o maior perigo que pode correr esta revista é o de responder en maior medida ás demandas do profesorado dos departamentos de didáctica das ciencias sociais ca ás do profesorado de secundaria.

Aula de historia social é unha publicación relativamente recente; apareceu en 1998 ó amparo do

prestixio xustamente gañado pola súa “irmá maior”, *Historia Social*. Conta cos mesmos directores que aquela, ós que se suma nesta o catedrático de didáctica das ciencias sociais da Universidade de Barcelona, Joaquim Prats. A estrutura, en principio, semella acertada: unha “Entrevista” a algún historiador relevante (polas súas páxinas foron desfilaro ata agora Hobsbawm, Jackson, Artola, Fontana, Nadal, López Piñero e Nicolás Sánchez Albornoz), seguida dun dossier no que se seleccionan unha serie de documentos históricos sobre un tema monográfico que serven de base a unha proposta didáctica que se presenta a continuación. E completan cada número unha sección de “Debate” e outra titulada “La historia fuera del aula”.

Pero unha cousa é o deseño e outra a materialización práctica. Nas entrevistas só se seleccionaron ata o momento historiadores, coma se unicamente estes académicos fosen os que teñen algo que nos achegar ó profesorado. ¿Por que non algún filósofo como Habermas ou Marina?, ¿para cando unha entrevista a unha socióloga da educación como Julia Varela? Creo que se poderían mencionar moitas outras persoas que cómpre ter en conta nas reflexións sobre o ensino das ciencias sociais. Doutra banda, a selección dos historiadores resulta algo errática, coma se todo valesse; teño serias dúbidas, por exemplo, sobre a relevancia das contribucións para a historiografía española da obra de Nicolás Sánchez Albornoz.

No tocante ós dossieres, tampouco teñen atinado con temas de

interese real para as aulas. A profundidade e amplitude con que se formulan exclúen que poidan destinarse á ESO. Coa excepción do hobsbawmiano título de “la era de las revoluciones” que María Antonia Loste considera axeitado distribuír entre o segundo ciclo de ESO (en oito sesións de clase) e o primeiro curso de bacharelato (dez sesións), é dicir, case tres semanas cada un; ou, doutra banda, o dedicado á Revolución Industrial, para o que Dolors Sanahuja e Gemma Tribó programan tamén para ESO



(sen distribución temporal), o resto dos temas refírense á historia contemporánea de España, e cun nivel que unicamente é razoable supoñer en segundo curso de bacharelato pero cunha falta de realismo cronoespacial que só pode ser atribuíble á falta de experiencia docente nese nivel de ensino. Calquera que exerza a docencia nese curso, atafegado pola selectividade e cun horario semanal de tres sesións de escasos cincuenta minutos, pode botalas contas da incoherencia de propoñer vinteseite sesións de clase para estudia-la Restauración (dous

meses e pico); sete ou oito clases á dictadura de Primo de Rivera (tres semanas máis); vinte horas ou máis (sic) para o franquismo e a transición (sete semanas: case outros dous meses); once horas ó estudio do século XVIII; e un tempo indeterminado para “La enfermedad y la salud en la España del siglo XIX”, para o que se proporcionan vinte interesantes —e extensos— documentos, un bonito ensaio sobre ciencia e literatura e un novo feixe de documentos, actividades e obxectivos. Non é preciso lembrar que, no mellor dos casos, dispoñemos dunhas oitenta sesións de clase para desenvolver toda a programación de historia en 2º curso. Como profesor de historia contemporánea de España agradezo moito, sen asomo de crítica, que me proporcionen materiais e propostas para a aula (documentos, datos, revisións historiográficas...) pero só as considero global e seriamente se teñen en conta os horarios reais, a materia que preceptivamente teño que explicar e tódalas outras obrigas educativas que non poden eludir.

Deixei para o final dúas revistas de moi diferente natureza: a veterana *Didáctica de las ciencias experimentales y sociales* que dirixe Rafael Valls, da Universidade de Valencia, e *Con-Ciencia Social* de Fedicaria.

Didáctica... é unha revista do departamento homónimo da Universidade de Valencia, e entre as súas limitacións está a de recoller contidos de dous campos de coñecemento que teñen algunha cousa en común, pero poucas; é dicir, que o interese dun profesor de historia,

poño por caso, pola didáctica da física é por regra xeral bastante escaso (e viceversa). Habitualmente non trata de achegar solucións ou suxestións directas para as aulas senón que ten unha orientación máis académica e teórica; con todo, a súa linguaxe non é especialmente elitista ou restrictiva e pode ser unha referencia interesante para que o profesorado se achegue a investigacións en curso sobre o ensino da historia e da xeografía. A súa difusión é bastante limitada (non se atopa en quioscos ou librerías) pero está consolidada abondo e pode consultarse nas bibliotecas especializadas das facultades de educación de case tódalas universidades españolas (incluída a de Santiago) e moitas de Latinoamérica.

Con-Ciencia Social é unha publicación atípica. Promovida por unha federación de grupos dedicados á didáctica das ciencias sociais desde unha perspectiva crítica (Fedicaria), sen patrocinio de ningunha institución pública ou privada, froito do traballo desinteresado e voluntarioso dos seus membros (a maioría profesores de ensino secundario ou procedentes dese nivel), constitúe unha referencia bastante singular no panorama da cultura escolar, non só en España. De periodicidade anual, a partir do número 4 editase en Sevilla, por Diada editorial. Non é nin pretende ser unha publicación que proporcione instrumentos para que calquera profesor poida incorporar inmediatamente ás aulas, senón que trata de promover a reflexión e o debate teórico buscando unha transformación máis lenta, pero tamén máis radical, da práctica

educativa. Entre as críticas que se lle poderían facer é que resulta por momentos algo “espesa” (densa, e polo tanto, quizais, algo elitista). Aínda que tal vez, desde que é editada por Diada, gañou algo en axilidade ó limita-la extensión dos artigos. Entre os aspectos positivos cómpre destaca-la súa independencia e rigor. As seccións fundamentais son sempre un “Tema del año” (os nacionalismos e o ensino da historia no número 4), outra sección dedicada a algunha persoa relevante no campo das ciencias sociais (Fontana, Julia Varela, Valeriano Bozal, Juan Delval) que inclúe unha análise da súa obra, unha longa entrevista e o perfil biobibliográfico, e complétase cada número coa sección de informacións e noticias. Nos catro primeiros números incorporouse tamén unha sección sobre o ensino en diferentes países (Gran Bretaña, Alemaña, Francia, Arxentina), aínda que, segundo as miñas noticias, non está previsto mantela nos números sucesivos. A publicación ten unha complicada difusión, pois non se atopa habitualmente en librerías e, por se tratar dunha revista crítica e nada á marxe das institucións, é ignorada por moitos departamentos universitarios (non se encontra en ningunha das bibliotecas das universidades galegas). Sen embargo é un instrumento imprescindible para as persoas que se sitúen ideoloxicamente na esquerda ou queiran coñecer eses puntos de vista para poderen participar de maneira informada no complexo mundo da didáctica das ciencias sociais. Pódese encontrar máis información en <http://fedicaria.iespana.es/fedicaria/>

Sería desexable que o profesorado asumise a necesidade de apoiar masivamente as publicacións nas que se tratan problemas relacionados co ensino e a aprendizaxe das materias que imparte. Mentres isto non ocorra, dificilmente se poderá producir unha verdadeira renovación de prácticas escolares instaladas na rutina ou no conformismo acrítico. As publicacións periódicas especializadas son un instrumento imprescindible para compartir experiencias, reflexionar sobre a propia práctica, coñecer novas perspectivas e mante-la imprescindible ilustración na utilidade social do noso traballo.

Temos que lamenta-la desaparición da revista *Historiar*, promovida por *L'Avenç* en castelán e que publicou o seu número derradeiro en setembro de 2000. *Historiar* contaba cunha sección fixa dedicada a “Didáctica da Historia” que nos seis números difundidos recolleu colaboracións, fundamentalmente, de persoas vinculadas ó Departamento de Didáctica das Ciencias Sociais da Universidade Autónoma de Barcelona. *

RAMÓN LÓPEZ FACAL
PROFESOR DE SECUNDARIA

DE HISTORIAS E REFORMAS

MANIFESTO A FAVOR DA HISTORIA

Dende hai xa varios anos, o mundo do ensino coñece tempos de reformas e contrarreformas, cambios e recambios, idas e voltas. Un dos eidos educativos sobre o que máis literatura se está producindo é o das Humanidades e, particularmente o da Historia. Aínda que *Dez•eme* non manifesta a súa opinión, polo menos neste momento, sobre este problema, considera de interese abri-las súas páxinas ó debate. E unha boa maneira de facelo é coa inclusión do documento "En favor da Historia. Manifesto crítico sobre a reforma das Humanidades", redactado a finais do ano pasado por un grupo de profesores e profesoras de universidade e de ensino secundario de Galicia.

EN FAVOR DA HISTORIA. MANIFESTO CRÍTICO SOBRE A REFORMA DAS HUMANIDADES

Despois do polémico informe da Real Academia da Historia no que se denunciaba que profesores e libros de texto de varias Comunidades Autónomas "terxiversaban" a historia introducindo nesgos nacionalistas e xenófobos, a ministra de Educación e Cultura anunciou unha reforma das Humanidades para poñer remedio ós supostos males que alí se sinalaban. Culminaba así un proceso aberto no ano 1996 cando desde o Ministerio se chamaba a atención sobre o alarmante descoñecemento da historia de España por parte do alumnado. Ó nesgado tratamento do tema nos medios de comunicación, hai que engadi-lo procedemento seguido polo Ministerio na xestión desta reforma: ausencia de consultas ós colectivos de historiadores e profesores, secretismo na elaboración e no manexo do borrador, busca do consenso político á marxe dun debate público que resulta imprescindible, xa que as decisións sobre a educación non son patrimonio exclusivo do grupo político no poder en cada momento, nin das academias, senón do conxunto da sociedade. Por iso, un grupo de historiadores e profesores de historia, desde Galicia, queremos expresa-lo noso punto de vista, contribuír a unha visión máis rigorosa e promover ese debate social que se está evitando desde as instancias oficiais. Estas son as nosas consideracións:

1. O borrador do Ministerio, ó que tivemos acceso extraoficialmente, ofrece unha profunda contradicción entre os obxectivos que se propoñen como metas para o ensino da historia e os contidos que se seleccionan. Os obxec-

tivos que se declaran inciden no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa comprensión dos feitos sociais, o tratamento de informacións variadas, a análise dos cambios e da evolución histórica, a adquisición de valores democráticos e a tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos respectando a diversidade de identidades. Pero os contidos que se formulan son exhaustivos, portadores dunha visión lineal da evolución das sociedades (desde a Prehistoria ata a actualidade) e cargados de eurocentrismo (con case nula atención ós pobos extraeuropeos, ós menos desenvolvidos, ou referíndose a América unicamente a través da súa relación coa historia de España). Este tipo de programas non permite que o profesorado preste a atención necesaria a desenvolve-la comprensión profunda de tódolos feitos e procesos sobre os que se ve obrigado a traballar; o alumnado, abafado por uns contidos pouco conectados coas súas preocupacións, non se sentirá retado a formar xuízos de seu senón a adoptalos de forma acrítica, non terá oportunidades para contrastar diversos puntos de vista, nin para racionaliza-los valores nos que se basean as súas conductas.

2. A visión historiográfica que inspira os novos programas é obsoleta. Proponse un coñecemento histórico centrado nos grandes personaxes, nos acontecementos e na cronoloxía, esquecendo que a historia é fundamentalmente unha forma de interroga-lo pasado para buscar respostas ós problemas cos que se enfrontan as sociedades no presente. Por outra parte, os programas perpetúan unha visión da historia de España herdeira da historiografía nacionalista española que pouco vai

contribuír á formación de cidadáns que viven nun mundo cada vez máis global, multicultural e multiétnico.

3. Doutra banda, a proposta ministerial está en aberta contradicción coa pretendida ampliación dos coñecementos históricos do alumnado, a non ser que os seus autores estean convencidos de que cantas máis cousas se lles mencionen ós e ás estudantes, máis aprenderán, cando a mínima experiencia docente e o sentido común indican exactamente o contrario. O MEC, que legalmente só pode determina-lo 55 % dos contidos, formula, por exemplo para o 2º curso de bacharelato, 16 extensos temas, estruturados en 38 epígrafes que realmente son 60, xa que nun mesmo enunciado se inclúen habitualmente dous ou tres procesos complexos e diferentes, como: "Absolutismo y liberalismo. La emancipación de la América española"; ou "Sexenio democrático (1868-1874). El arranque del movimiento obreiro". A estes contidos hai que sumar outro 45 % que lle corresponde determinar á Consellería. Trasladaráselle ó profesorado a responsabilidade de desenvolve-lo conxunto resultante en menos de 90 sesións de clase de que conta un curso que remata en maio por mor da selectividade, no que ademais terá que ensinar a analizar documentos, relacionar informacións, realizar exames..., de forma que a penas se podería contar con máis dunha clase para traballar cada punto. Unicamente alguén que identifique a aprendizaxe da historia cun proceso de memorización de datos e datas e que exclúa calquera tipo de análise crítica e de explicación racional dos procesos pode concibir unha programación deste tipo. O arcaísmo historiográfico correspóndese,

DE HISTORIAS E REFORMAS

MANIFESTO A FAVOR DA HISTORIA

pois, con esta desfasada perspectiva pedagóxica na que, fronte a valores formalmente enunciados nos obxectivos xerais, unicamente lle resta ó alumnado a aceptación acrítica duns contidos exhaustivos que tan só lle cabe memorizar.

4. A obstinación do MEC, que se negou a calquera tipo de consulta pública ós historiadores, expertos en educación e/ou de docentes, só pode explicarse por unha idea preconcebida e errónea: que é nas aulas, e concretamente nas clases de historia, onde o alumnado aprende unha ideoloxía nacionalista. E parece que se quere contrarresta-lo desenvolvemento de nacionalismos alternativos ó español promovendo un ensino nacionalista de signo contrario. O sistema educativo desempeña un papel moi secundario na formación ideolóxica dos estudantes, e a súa incidencia nos valores sociais é moi limitada en comparación coa influencia do

contorno familiar, doutros grupos de referencia ou dos medios de comunicación. Abonda lembrar neste sentido a escasa eficacia lograda no pasado polo adoutramento promovido polo franquismo desde o sistema escolar. Sen embargo, esta teimuda porfía en poñer o acento nunha determinada concepción histórica da nación acrecenta obxectivamente o perigo de enfrontamento político nas aulas xa que, previsiblemente, se lle oporá con similar lexitimidade democrática unha concepción alternativa. Lonxe, pois, de logra-la pretendida difusión de valores comúns, esta contrarreforma do ensino da historia pode contribuír a incrementar perigosamente a fractura social.

Como persoas preocupadas polo ensino da historia, consideramos que a proposta ministerial non só é inadecuada historiograficamente senón tamén contradictoria co obxectivo de formar cidadáns informados, capaces de elaborar xuízos fundamentados e racionais sobre a xénese dos problemas que afectan á nosa sociedade para que poidan participar conscientemente

na convivencia cívica. É menos relevante que o alumnado descoñeza a existencia dunha destacada personalidade do pasado que lograr que sexan capaces de pensar historicamente sobre os problemas que preocupan e afectan ás persoas (*a tantas persoas como sexa posible, a todas as persoas do mundo en canto se unen entre si en sociedade, e traballan, loitan e se melloran a elas mesmas*). Para iso, a excesiva amplitude dos contidos escolares, que é proporcional ó grao de superficialidade dos resultados que se conseguen, é un atranco que pode converterse en insuperable para as futuras xeracións de estudantes. Por iso solicitamos que se abra un **debate público**, no que se teña en conta a opinión do profesorado, de expertos en educación e dos e das profesionais da historia na procura dun ensino que sexa coherente co estado actual da historiografía e coa procura de valores sociais democráticos, pluralistas e non excluíntes.

Galicia, decembro de 2000

dez-eme

97

XUÑO 2001

CONGRESO O EXILIO GALEGO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA


O número 2 de *Dez•eme* daba xa conta da convocatoria do congreso O Exilio Galego, organizado polo Consello da Cultura Galega co gallo do 50º aniversario do pasamento de Castelao. A celebración terá lugar definitivamente en Santiago de Compostela, entre o 24 e o 29 de setembro de 2001.

O Congreso, que contará con actividades complementarias (exposicións, lecturas de libros, proxecións, etc.), estará estruturado nas seguintes seccións temáticas: 1) Historia do exilio: visión xeral e contexto histórico. Reflexións metodolóxicas e conceptuais; 2) Política do exilio; 3) Literatura no exilio; 4) Xornalismo, comunica-

ción e audiovisual no exilio; 5) Artes plásticas e arquitectura e exilio; 6) Música; 7) Artes escénicas; 8) O ensino no exilio; 9) Castelao no exilio; 10) Os destinos do exilio, e 11) A memoria do exilio.

Ademais de coñar con relatores invitados, o congreso está aberto á presentación de comunicacións para calquera das seccións. Para unha maior información pódese contactar coa **Secretaría do Congreso**:

Ponencia de Cultura Galega no Exterior / Arquivo da Emigración Galega
 Consello da Cultura Galega
 Pazo de Raxoi, 2ª planta
 Praza do Obradoiro
 15705 Santiago de Compostela



IV CONGRESO DA ASOCIACIÓN DE HISTORIA SOCIAL

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

A Asociación de Historia Social acaba de celebrar en Lleida o seu IV Congreso. É sempre este un encontro que permite realizar un balance xeral do que se está a facer na historiografía social española, desde a historia antiga ata a época contemporánea e, ademais, desde unha óptica integradora do que é o conxunto das ciencias sociais, pois na súa articulación trata sempre de pór en relación a historia social con outras ciencias como a antropoloxía, a socioloxía, a economía ou a ciencia política. Esta dobre característica confírelles ós congresos desta asociación un interese especial, pois escapan á especificidade e por veces excesiva estanquidade doutros congresos ós que tan proclives son os membros do gremio das ciencias sociais.

O congreso, que, coma os anteriores, ía encabezado por un lema: *Campesinos, artesáns, traballadores*, converteuse na práctica en dous paralelos. Por un lado a discusión das comunicacións presentadas (cincuenta e tres), que respondían ó lema do encontro; por outro lado, os dezaioito relatorios presentados, que se formularon como un exercicio de balance historiográfico. Ámbalas perspectivas integráronse nunha única organización, non exenta de dinamismo e posibilidades participativas.

A través dos relatorios pódese percibir un incremento do interese por algunhas liñas de investigación: sirva como exemplo os traballos dedicados ás formas de sociabilidade, tendencia esta que se está a trasladar desde a sociedade medieval ata o mundo contempo-

ráneo. A existencia de numerosos espazos de sociabilidade e a forma das relacións laborais converten os centros de traballo en espazos de sociabilidade de grande influencia na actitude e na vida dos traballadores. Outro aspecto importante é o crecente interese que se pode apreciar polas formas de conflictividade social, e dentro delas o predominio da historiografía sobre épocas máis recentes, como son o franquismo e a transición, en detrimento de épocas anteriores. Tamén hai que sinala-lo interese que están a esperta-lo xénero e os grupos intermedios (parentesco e clientelas) no que se refire á historia das mulleres, se ben o xénero debe ir alén daquela pois aínda quedan demasiados campos e cuestións relevantes sobre os que asentar proxectos de investigación.

Con respecto ás comunicacións presentadas, pode observarse unha leve diminución no seu número en relación coas dúas últimas edicións. Ponse de manifesto nelas a consolidación dunha tendencia xa apuntada noutros congresos: o predominio investigador do mundo contemporáneo sobre outros períodos históricos, e mesmo nas sesións dedicadas a campesiños, artesáns, grupos sociais, que podían atraer máis o labor dos medievalistas ou investigadores do antigo réxime; neste sentido, as comunicacións presentadas son máis unha excepción ca unha norma. Por outro lado, as comunicacións non fan máis que confirma-las tendencias manifestadas a través dos relatorios.

Os resultados do Congreso¹ reflicten a vitalidade e a consolidación deste foro e da Asociación de Historia Social que o promove, no inicio do que semella ser unha nova etapa no seu camiño. As actas do Congreso publicaranse en dous tomos e estarán ó dispor dos interesados ó longo deste ano. •

NOTAS

¹ Unha análise de grande interese acerca do desenvolvemento do congreso pódese ler en José Sierra Álvarez, *Sociología del trabajo*, 42.

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO

jalen@wanadoo.es

RECURSOS EN INTERNET

EDUARDO BRAGADO

Neste último curso aumentou considerablemente nos establecementos de ensino secundario a dotación de equipos informáticos, e xa son moitos os centros públicos que posúen aulas de informática dignas, equipadas cun número de ordenadores en rede suficiente e con conexión a Internet. Esta mellora nas novas tecnoloxías permítelles ós profesores das disciplinas das Ciencias Sociais empregar dun xeito máis eficiente os recursos da rede nas súas clases. Esperemos que axiña a maioría dos centros públicos teñan unha aula de Ciencias Sociais dotada cun ordenador con conexión a Internet e cun proxeccionador conectado a ese ordenador. Entrementres, o profesorado de Historia ou de Xeografía poderá intentar atopar un oco no horario da aula de informática para ensaiar novas aplicacións na súa materia por medio de Internet.

As profesoras e profesores de Ciencias Sociais precisamos de webs con utilidades simples para a nosa materia e un buscador de recursos didácticos. A oferta en liña das grandes editoriais ten como obxectivo complementalos materiais de aula, sobre todo os libros de texto, mantela clientela e, se pode ser, aproveita-la creatividade dos usuarios. Na maior parte dos casos, os materiais verdadeiramente útiles que poidamos baixar para empregar na clase son bastante escasos; adoitan

ser páxinas con moi boa presentación pero con cativo rendemento.

Calquera docente de calquera materia pode necesitar no desenvolvemento dunha unidade didáctica



os datos biográficos dun personaxe histórico. Todos sabemos que iso é bastante frecuente e non sempre é suficiente ou do noso gusto o tratamento que se lle dá no libro de texto a tal ou cal personaxe. Na aula de informática a profesora pode ensinar a buscar datos biográficos na rede. Este é un método bastante bo para introduci-los mozos e mozas no manexo de Internet e tamén para que os alumnos e alumnas aprendan a producir en por si os seus propios materiais.

Na disciplina de Historia, sexa na secundaria ou no bacharelato, son frecuentes as oportunidades para lles

suxerir ós nosos alumnos que obteñan datos dos protagonistas da historia. Para eles existen na rede algúns buscadores de biografías que poden ser bastantes útiles. Se ben é certo que neles non acostumamos atopar extensas redaccións de gran calidade, os datos que ofrecen estas páxinas poden servir de punto de partida ou de fin para desenvolver ou resolver actividades na aula.

A sección da rede de *Dez•eme* suxire nesta ocasión un par de buscadores de biografías que poden valer para estes fins: www.buscabiografias.com e <http://www.biographie.net> son bastante ó xeito para os fins escolares. A primeira é unha páxina con formato de revista e unha atractiva presentación, na que se poden atopar biografías de todo tipo, desde a dun personaxe histórico relevante ata a dunha actriz de cine. Ademais ten apartados de cronoloxía, efemérides e curiosidades que a fan suxestiva para os nosos alumnos e alumnas. *Biographie.net* é un buscador francés con preto de once mil biografías e case mil en español.

Loxicamente esta páxina está moi ben para procurar datos referidos á historia de Francia. Son biografías moi elementais cunha presentación desigual. Nestas webs tamén podemos achar interesantes fotos para gardar na carpeta asignada á unidade didáctica na que estamos traballando. Nesta última

páxina os profesores podemos propor outras novas de biografías que atopemos na rede.

Para biografías de personaxes contemporáneos ou da historia inmediata é moi práctica a páxina dedicada a este apartado na web da cadena Ser <http://www.cadenaser.es/>. A páxina desta cadea de radio ofrece un bo buscador de biografías de personaxes de actualidade ou do pasado recente.

Tamén cando estamos traballando temas de historia na aula de informática podemos precisar algún



dato cronolóxico. Na rede temos oportunidades para non ter que acudir á biblioteca na procura dun atlas histórico. Neste apartado hai unha cronoloxía na web do xornal *El Periódico de Catalunya* que merece ser gardada na carpeta de historia. A páxina do século XX que sacou o xornal catalán en conmemoración do ano 2000, ademais dunha completa cronoloxía anual, trata algúns dos grandes feitos do século XX dun xeito atractivo e cunha linguaxe facilmente dixerible polo noso alumnado. Cremos polo tanto que pode servir para que o alumnado do segundo ciclo da ESO poida elaborar, guiado pola profesora, pequenas páxinas web sobre temas do século XX. Os resultados terán, sen dúbida, unha calidade moi desigual, pero para os alumnos crear contidos en formato web resulta moi gratificante. Tamén

atopamos outra páxina, esta vez belga, titulada “Historie du monde” <http://www.users.skynet.be/dodeluc> que ofrece unha cronoloxía moi simple; está en francés, pero coa axuda do profesor o alumnado pode traballar con ela. Tamén é máis precisa no referido ós séculos XIX e XX. Contén un apartado de dosieres, aínda con poucos materiais, algún deles sobre historia local. Para os profesores pode resultar un formato para emular.

Outra páxina francesa na que podemos atopar recursos de historia é <http://www.geo.net>. No inicio ten unha entrada para vintecatro exemplos de utilización da informática en Xeografía e Historia. Nesta última páxina podemos atopar un enlace a *Utiliser les “tice” en histoire-géographie*, e chegamos a ela escribindo <http://www.tice-hg.net/>. Esta páxina, que proporciona boas ideas, nun dos seus apartados explica cómo facer páxinas web cos alumnos e alumnas. Cremos que é unha páxina que alenta os profesores e profesoras interesados en comezar a introducir a rede de redes no pechado espacio da aula escolar.

Outro servizo que ofrece Internet para as Ciencias Sociais son as webs de cartografía; sen dúbida non substitúen aínda a utilidade dos bos atlas impresos, pero algunhas webs de mapas pódennos sacar dun apuro cando estamos traballando diante do ordenador co alumnado ou preparando ás carreiras un material para a aula. Páxinas como <http://www.world.atlas.com> ou <http://www.maps.com> poden servir para estes fins de urxencia. Tamén é certo que tratar mapas no ordenador aínda segue sendo un traballo bastante

incómodo. Esperemos que melloren as utilidades deste tipo de páxinas.

Outro espacio do centro escolar onde acostumamos traballar ou envía-los alumnos e alumnas é a biblioteca do centro. A organización das bibliotecas escolares está en pleno proceso de transformación, son moitos os equipos docentes que están reconvertendo as antigas bibliotecas escolares en mediotecas. Na páxina da Fundación Germán Sánchez Ruipérez, <http://www.fundacionsr.es>, achamos sempre interesantes iniciativas para unha xestión máis moderna e atractiva das bibliotecas. Esta é unha páxina moi coitada na que case sempre podemos atopar unha proposta de interese. Na edición actual é gratificante visita-la páxina de “Alas para la libertad”, creada con motivo do Ano Internacional da Mobilización contra o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia.



Internet tamén está ampliando e modificando o uso dos xornais na escola. A utilización dos xornais na materia de Xeografía e Historia xa ten unha longa tradición, case sempre chea de resultados gratificantes. As edicións electrónicas dos xornais permiten unha utilización máis áxil deste vello recurso. Gardar, copiar, pegar e imprimir están substituíndo os laboriosos informes temáticos que elaboraban moitos departamentos didácticos. Nestes últimos meses

algúns xornais electrónicos modificaron o seu deseño; nuns hai o apartado dossier ou temas de actualidade que facilitan o traballo dos ensinantes. Na edición electrónica de *El País* existe un dossier sobre a Emigración en España que pode ser bastante bo para empregar na aula.



Tamén para recadar información sobre temas de actualidade adoitan ser eficaces as páxinas web dalgúns ONG. No tema dos dereitos humanos a de Amnistía Internacional <http://www.ai.es/> e a de dereitos humanos <http://www.derechos.org> son das mellores, ofrecen materiais e promoven campañas para participar dende a escola. En <http://www.canalsolidario.com/> está publicada unha entrevista con Carlos Villán, membro do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos; nela propón a reforma da Carta de Dereitos Humanos, ante o cambio do contexto mundial e os retos do mundo actual. Unha voz máis que se suma ás moitas que reclaman a reforma para garanti-lo verdadeiro respecto dos dereitos humanos no mundo.


Na web da Unión Europea débese visita-la Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea en <http://www.eurparl.es/derechos/preambulo2/html>. O texto non está dispoñible en galego, si a podemos ler en catalán. A Xunta de Galicia

enviou ós centros unha caixa amarela con materiais sobre a Carta.

As propostas remitidas ós centros poden resultar útiles para trata-lo tema na aula pero non parece lóxico que a Administración galega non se preocupe por traducir á nosa lingua estes materiais.

A páxina institucional da Xunta de Galicia é adoito a páxina de inicio nos ordenadores conectados nos centros públicos. Á parte das que precisamos visitar por cuestións administrativas, hai moitas outras que teñen interese tamén didáctico. *Dez•eme* fixouse na do Instituto Galego de Estatística: é unha páxina que pode ter moita utilidade para as clases de Xeografía. Os seus datos demográficos globais, provinciais ou por comarcas poden facilita-los típicos traballos que facemos na aula sobre pirámides de poboación, crecemento natural ou movementos migratorios.

Consultamos tamén a páxina de Turgalicia, a páxina institucional do turismo no noso país. É unha páxina desigual que dalgún xeito expresa a política turística do noso goberno. Ofrece abundante información sobre o Camiño de Santiago e as comarcas tradicionalmente máis turísticas, e moi escasa presenza do referido a arquitectura e cultura popular.



No apartado de páxinas persoais de ámbito local, *Dez•eme* recomenda neste número dúas: Vigo Patrimonio Cultural e Ferrol durante a Guerra Civil. Dende a web de Remolcamadriña, un grupo musical sempre alternativo, achegámonos a *Vigo. Patrimonio Cultural*, unha páxina de Rafael Ojea, <http://www.arrakis.es/~rojea/> que serve de magnífico recurso para aborda-la historia local de Vigo. Destacan as páxinas dedicadas á defensa do patrimonio urbanístico. Nelas podemos atopar razóns contra a derruba da panificadora de Vigo, un magnífico exemplo de edificio industrial rehabilitable para usos públicos que corre o perigo de caer nas fauces da voraz especulación urbanística da Cidade Olívica.

Tamén desde *Dez•eme* queremos recomenda-la visita á páxina <http://www.terra.es/personal/suarxm/terra.es/>. O autor desta páxina publica na web un resumo dun estudo máis amplo. Na páxina sostén que para que os nacionais se fixeran co control de Galicia tivo un papel determinante o aliñamento co bando do sublevados da base naval de Ferrol, e subliña tamén a importancia deste feito na evolución desfavorable para o bando republicano da Guerra Civil. •

EDUARDO BRAGADO

PROFESOR DE
SECUNDARIA
eduardovigo@wanadoo.es



EDICIÓNS DO CASTRO

DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUÑA

Tfños. 620200 e 620937

Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria
- Pra estudar a nosa realidades presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

1963-2001

700 autores que prepararon máis de 1.000 títulos de: documentos, ensaio, historia e creación literaria, arte e arquitectura, cadernos do Seminario de Sargadelos, publicacións do Seminario de Estudos Galegos, así como as revistas Gallaecia, Larouco, Minius, Luzes de Galiza e Unión Libre.

Case cuarenta anos de traballo pola nosa historia, nosa lingua, nosa cultura, nosa identidade, loitando por recuperar a memoria histórica de Galiza, e hoxe apoiando sobre todo a investigación e o coñecemento científico das nosas bases económicas.

ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Ó longo dos últimos meses, a Fundación 10 de Marzo mantivo o seu habitual ritmo de traballo e actividades. Coma tódolos anos, celebrouse o Día da Clase Obreira Galega co tradicional acto de homenaxe a sindicalistas e persoas de diferentes ámbitos profesionais pola súa contribución á loita pola democracia. Ademais, realizáronse diversas exposicións na Coruña, Pontedeume e Lugo.

ten a mirada do pintor sobre os militares e as forzas sociais que protagonizaron a insurrección militar de 1936. A edición incorpora estudos introductorios de Víctor Manuel Santidrián Arias e Xesús Alonso Montero, así como unha selección de poemas sobre a figura do xeneral Franco, entre os que se atopan os de Alberti, Machado, Bergamín, Neruda,



Das novas editoriais da Fundación 10 de Marzo destacámo-la edición facsimile de *13 estampas de la traición* de Luís Seoane. O libro vai acompañado dunha exposición, realizada en colaboración con Edicións do Castro. Publicados en 1937, os debuxos de Luís Seoane reflic-

Cabanillas e Delgado Gurriarán entre outros.

Exposicións

No Convent dels Àngels de Barcelona expúxose *Quessada. Arte e compromiso*,



en colaboración coa Fundación Cipriano García de Barcelona e outras institucións políticas e culturais de Galicia e Barcelona.

A mostra recolle unha selección significativa da obra de Xaime Quessada que reflicte a actitude de compromiso sociopolítico do pintor.

O catálogo editado inclúe textos de Manuel Vázquez Montalbán, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín, Isaac Díaz Pardo e Salvador García Bodaño, entre outros.

13 estampas de la traición

Na galería Sargadelos de Lugo presentouse esta exposición que ó longo de dezanove paneis recolle os debuxos realizados en 1937 por Luís Seoane e fragmentos dos poemas que acompañan a edición facsimile xa mencionada.

As restantes exposicións da Fundación 10 de Marzo visitaron nos últimos meses numerosos centros de ensino secundario, facultades e concellos, e seguirán ó dispor dos centros educativos e das institucións que as soliciten.

Polo que se refire ós proxectos da Fundación, estanse a preparar novas publicacións de descrición documental como o *Catálogo da prensa clandestina* do Arquivo Histórico, a *II Guía dos fondos do Arquivo Histórico do S.N. de CC.OO. de Galicia* e a catalogación do legado documental do avogado laboralista Rafael Báñez, que moi pronto estarán ó dispor dos investigadores que o demanden. Ó mesmo tempo, estase a traballar en novas exposicións que ampliarán a nosa oferta neste campo.

A Fundación 10 de Marzo está colaborando tamén coa Fundación 1º de Mayo na coordinación da celebración dos actos conmemorativos do XXV aniversario da Asemblea de Barcelona, feito histórico de grande importancia social, xa que foi nesa xuntanza cando se tomou a decisión de converte-lo movemento sociopolítico das Comisións Obreiras nun sindicato de novo tipo.

Os actos celebráranse o 11 de xullo en Barcelona cunha serie de actividades entre as que se atopan unha exposición sobre a historia do sindicalismo de CC.OO., a presentación dun catálogo e un documental editado en formato de vídeo. •

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO

jalen@wanadoo.es

José Babiano Mora. Doutor en Historia e profesor da Escola de Relacións Laborais da Universidade Complutense de Madrid. Director do Arquivo de Historia do Traballo da Fundación 1º de Mayo. É autor de diversos estudos sobre historia do traballo entre os que se atopan: *Emigrantes, cronometros y huelgas. Un estudio sobre el trabajo durante el franquismo*; *Paternalismo industrial y disciplina fabril en España. 1938-1958* e *Los trabajadores de la construcción en el Madrid del siglo XX*.

Ricardo Escudero Rodríguez. Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Universidade de Alcalá de Henares. Entre os seus traballos máis importantes pódense sinalar: *Los sujetos de los convenios de empresa* e *La representatividad sindical en el modelo español de relaciones laborales*. É colaborador asiduo da *Revista de Relaciones Laborales*.

Eliseo Fernández Fernández. Diplomado en Biblioteconomía e Documentación. Membro do Ateneu Libertario Francisco Iturralde de Ferrol e do Ateneu Libertario Ricardo Mella da Coruña. Colaborou coas Fundacións Aurora Intermitente e Anselmo Lorenzo de Madrid na clasificación dos seus fondos hemerográficos y arquivísticos. É autor de varios traballos entre os que destaca *Unha*

biblioteca obreira: O Centro Obrero de Cultura y Beneficencia de Ferrol (1911-1936), publicado en 1999, en colaboración con Rafael Corrales Siodor, pola Fundación Luis Tilve.

Mary Nash. Catedrática de Historia Contemporánea da Universidade de Barcelona. Pioneira nos estudos sobre a historia das mulleres en España. Autora de numerosos artigos e libros sobre ese tema. *Rojas. Las mujeres republicanas en la Guerra Civil* (1999) é unha das súas últimas publicacións.

Dionisio Pereira. Economista e historiador. Traballa dende hai anos na historia do movemento obreiro en Galicia, prestando especial atención ó mundo libertario. Autor de numerosos artigos e do libro *A CNT na Galiza, 1922-1936* (1994).

Manuel Pérez Ledesma. Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade Autónoma de Madrid. É autor de numerosos estudos de historia social entre os que se atopan publicacións como: *El obrero consciente. Dirigentes, partidos y sindicatos en la II internacional*; *Estabilidad y conflicto social*. Ademais é coordinador doutras publicacións como *El Senado en la Historia e Cultura y movilización en la España contemporánea*. É secretario da *Enciclopedia de Historia de España* e membro do Consello de Redacción da revista *Historia Social*.



Para facilita-lo labor de posibles colaboracións, o Consello de Redacción desta revista decidiu anuncia-los temas dos dous seguintes números. O número 4 xirará en torno a un problema de moita actualidade. Baixo o título de *Migracións*, esta revista procurará aproximarse á realidade dos movementos de poboación, onte e hoxe. O deseño do número 4 de *Dez•eme* intenta buscar, quizais máis ca noutras ocasións, un equilibrio entre pasado e presente, así como entre as realidades española e galega. Mantendo unha estrutura que coidamos xa consolidada —aínda que non inamovible—, *Dez•eme* 4 (que estará nos quioscos en novembro de 2001) contará coas seccións habituais e sinaturas de importantes especialistas. O tema central da quinta entrega de *Dez•eme* serán os partidos políticos e estará dispoñible alá polo mes de maio de 2002. Quedan na carteira de traballo outras moitas cuestións; algunhas xa se barallan no Consello de Redacción e outras estarán no punto de mira dos lectores. Neste aspecto, coma en tódolos demais, *Dez•eme* seguirá atenta ás súas suxestións.

FE DE ERRATAS

O apartado “Cartas dos lectores” xa dá conta dalgúns erros do número 2 de *Dez•eme*, así que non furgaremos máis nas feridas. Sen embargo, temos que seguir recoñecendo máis problemas, como, por exemplo, algúns relacionados coa paxinación do índice. Con todo, o erro que nos parece máis grave está relacionado co artigo asinado polos nosos compañeiros Carlos González e Maíta Rodríguez: “Tránsitos: a visión do artista antes e despois da Guerra Civil” (páxs.

98-101). Por un problema informático, a reprodución das obras de Maruja Mallo sobre as que versa o estudio de Carlos e Maíta non ten nada que ver co orixinal. Ademais de lles pedir mil perdóns ós autores, intentamos emenda-lo noso erro incluíndo no interior da capa e da contracapa deste número 3 a reprodución das obras comentadas. Seguimos facendo as cousas peor do que quixeramos, pero intentamos que non sexa así; aínda que ás veces non se note.

Normas para a presentación dos orixinais

- Os artigos destinados ás seccións “Ó redor da historia” e “Na clase” non deberán excede-los 22.500 ou 23.000 caracteres (total do traballo).
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, se é o caso, do enderezo de correo electrónico.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: apelido do autor; ano da publicación; páxina. Por exemplo: (Hobsbawm, 1999: 98).
- A bibliografía incluírase ó final do artigo do seguinte xeito: Apelido do autor; Nome (ano de publicación), Título, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobsbawm, Eric (1999), *Gente poco corriente. Resistencia, rebelión y jazz*, Barcelona, Crítica.
- Dos artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, gardados como formato Word 5.0 para Mac (preferentemente) ou en Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaia acompañado de imaxes, indicarse o pé que ha levar, e, se é o caso, o autor/a destas.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo f10m.sn@galicia.ccoo.es
A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de DEZ•EME resérvase o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVÍE UNHA FOTOCOPIA

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Nome Apelidos
 Enderezo
 Cidade C.P.

SI, DESEYO SUBSCRIBIRME A REVISTA DEZ•EME A PARTIR DO NÚMERO (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 2.000 PTAS., GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

FORMAS DE PAGAMENTO

Contrareembolso Xiro postal Talón bancario (a nome de: Fundación 10 de Marzo, República do Salvador, Santiago de Compostela)

DOMICILIACIÓN BANCARIA (cubrir tódolos díxitos do código interbancario)

Código interbancario Nome da entidade
 Enderezo postal
 En , a de de Asdo.





Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras